


# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 194 DO 24 DE XUÑO AO 1 DE XULLO DO 1982 50 PTA.



San Francisco toda unha mostra

**O gran negocio da educación  
especial, ao descuberto**

**Estas son as relacións do crego  
español que quixo matar ao Pape**

**Crónica palestina: xenocidio e  
defensa**

**PAXINAS  
ESPECIAIS DE  
FEXDGA**

ciencia do adro

Do mundial, claro

O outro dia en non sei onde (tampouco é o caso) houbo unha intoxicación por xantar brazo de xitano (por qué non será de ministro, digo eu). Unha vez máis, a propaganda oficial através dos medios de comunicación terxiversou a realidade: o empacho da xentiña foi de pelotas (con perdón).

E, hala, para non ser nós menos, falaremos do mundial ese das pelotas. E o mellor é comezar con música.

O día en que chegou o maior continxente de italianos a Vigo, todos os altavoces da rua do Príncipe e mesmo os duns grandes almacéns que están á beira dela tiñan como base melódica da festa unhas coantas *tarantellas, duetti de cantanti e molto di Peppino di Capri*, amén de outros melódicos intérpretes da actualidade de comercio-musical do latino país.

En fin, nada. Pero o que queríamos demostrar (iso) é o espanto que deberon sentir os da capital da provincia coruñesa se tiveran que aguantar música... do Camerún nas súas ruas comerciais. Que conste que non somos racistas (faltaría máis e o demostraremos) pero sete horas a golpes de alalás da selva teñen que ser insofríbeis. A peruana, bastante máis evolucionada nos aspectos melódicos e cunha diferenciación instrumental baseada na investigación etc., etc. (polo copyright, Carreira), pois iso, era máis audíbel. Para os polacos, gregoriano escolástico, par de polkas, un preludio e de postre, a Internacional.

Diciamos que non somos racistas. Por iso doeunos na alma ver que ao dianteiro centro ese de 1864 metros (milla) tiñan no que sacar pouco menos que arrastro despois de sofrer unha

lesión. Por contra, a non sei quén de Polonia, país de blancos, católicos e civilizados, sacábanlle un dos seus xogadores na legal camilla que solícita lle puxo a Cruz Roxa. Se chega a ser o Maradona de mil e pico millóns (sae o quilo de carne máis caro do mercado), ven o helicóptero, tres ambulancias, o cura para a extramaución, o presi do Barça e 127.584 hinchas do tal clube a recollelo.

Outro detalle foi no partido Itália-Polónia.

Cando todos especulaban coa proposta do Goberno de Madrid de que comprara Rumasa as cidades de Coruña e Santiago para resolver o da capitalidade, veu o encargado da megafonía de Balaídos, auxiliado nas bandas polo locutor da TV Miguel Vila e a señora Des Organización Total, a pornos a capital en Varsóvia. Falta de recursos ché, que seica tiveron chamados a centos e ao final correxiron. Claro que se fora Matias Prats senior, ou calquera outro dos que nos endilgan os centímetros de estatura dos xogadores xunto co nome dun bis-tio que combatiu en Filipinas no 98 e non foi dos últimos, senón dos primeiros en fuxir daquela masacre, digo, se fora ese, xa estaba tomando o fio da Galitzia que hai en Polonia cunha paisaxe e que dados os non sei qué, é lóxico a motivación sentimental da... ¡nai que os trouxo, panda de incompetentes!

Iso si, Abdelazhiz-Ab-Beb-Ceb-Ihm-Rajim-Ihm-Challah non só é coñecido senón correctamente pronunciado. Pero Lloao (Xoan, pero máis reintegrado) ou Serllin-ho (Serxiño, idem), son doutra Galaxia, ou doutro 23-F.

Para mariñeiros nós. E para facer o ridículo, os españois.

hemeroteca

EL PAIS

18.6.82

A visión que os nenos teñen da política é enormemente interesante, pois axuda a entender cómo se van formando as ideas nos maiores. Mais non debemos considerar esas ideas dos nenos como unha pura anécdota, aínda que exista unha tendencia a facelo. A primeira observación que debemos facer sobre elas é que non se reducen ás dos adultos. Os nenos reciben unha cantidade grande de información sobre estes temas, que lles chega, sobretudo, através da televisión, e en menor grao, das conversas dos adultos e da propia escola. Sen embargo, é sobretudo o seu desenrolo intelectual o que determina a posibilidade de que entendan esas informacións. Aínda entre nenos que proveñen de ambientes nos cales hai unha preocupación desigual polas cuestións políticas, non atopamos diferencias demasiado grandes (...)

O progreso que se realiza no coñecemento político entre o cinco e os seis, en que empezamos a preguntar aos suxeitos, e os adolescentes de quince e dezaseis anos é enorme, e o traballo, extremadamente laborioso, pero o que chama a atención é o retraso que este coñecemento ten respecto doutras cuestións, o cal pon de manifesto a complexidade do político. O feito importante é que, probablemente, as ideas de moitos adultos non difiren moito das dos nenos. O que sucede é que nunca, que saibamos, ténselle preguntado aos adultos dun xeito clínico, senón que os estudos limitáronse a inquiritos de opinión que non penetran na súa comprensión da orde política, senón só nas súas opinións (...)

JUAN DEL VAL

Ese clamor unánime que se elevaba dos estádios suburbanos ao ceo da tarde de domingo a anunciarlles ás cigofías e ás nubes e aos deuses que os homes meteran un gol, lembro que xa de rapaz tiña sonado tanto a ser unha

das aparicións máis gloriosas na tristura dos condenados ao traballo e ao tempo vacío por conseguinte, que até probara a empregala para algun xeito de poesía, que non lembro agora. Agora, através dalguns retazos do rádio dos taxistas, entereime tamén de que hai por aí locutores que se teñen especializado en producir o berro de "gol" con modulacións entusiásticas, con vibracións prolongadas de gozosa apocalipse, con retorcimentos de éxtase de cadencia interminábel; modulacións que semella que nalguns casos teña chegado a se formalizar en esquema de recitativo de ópera; o cal non está nada mal: esa teatralidade implica cando menos algo como caricatura daquel clamor dos estádios; pero aínda que esa arte sirva para limpar un pouco a conciencia do locutor, non quita para que o berro cumpla nas retransmisións a súa función séria: a de axudar ao público a participar no orgasmo, o máis alto orgasmo —se se atende ao tono do clamor— ao que poden aspirar os condenados ao susodito. (...)

Pero lé que ti creste, sobriño, que un está contra o *football* e o negocio do Campeonato Mundial por razóns morais ou políticas? Non sexas parvo, rapaz: se se está contra a diversión (polo mesmo que se está contra o traballo, que é o que a cria), será porque se pensa, apesar de todo, que non é de todo imposible que se poida vivir de veras, disfrutar de algo, cheirar, apalpar; porque a diversión ou entretenimento, como está prevista, como está feita para encher o tempo vacío que a orde do traballo criou, non che pode dar nada deste disfrute do que falas, nada (...)

(...) Pero agora —xa ves— organizáronche un mes en que todos os días, ou case, van ser domingos. Vas ter o teu tempo todo cheo: os cachos que non estés vendo os partidos ou as súas retransmisións, poderás acalararte cos camaradas na *güisquería* comentando os intreos culminantes do encontro, ou a vitoria que estivo nun tris de conquistar o teu equipo (lo teu, aíl), senón fose por aquel fallo, e

cal foi o mellor home do serán, ou senón discutindo as decisións do árbitro,... (...)

AGUSTIN GARCIA CALVO

EL PAIS

22.6.82

Unha revisión estrutural da economía española arroxou ante as súas conclusións que a ausencia de medre provoca a caída do nivel de emprego en medio millón de postos anuais. O estudo apunta que, para non pór en perigo o equilibrio exterior, sería preciso medrar ao ano un 2 ou 3 por cen, pero iso suporía a perda de 100.000 a 200.000 empregos. Sendo este 2 ou 2 por cen o obxectivo do Goberno para o presente ano, o primeiro que se deduce é a súa incompatibilidade coa previsión de manter os postos de traballo, incluída no ANE. Pero, ademais, os autores, de grande prestíxio, manteñen que no 1982 non será posible sair do estancamento do 1981. (...)

Outra das conclusións é que, para manter o paro estábel, sería preciso criar 120.000 empregos ao ano, pois a poboación en idade de traballar medra ao 1 por cen. Conseguir dito obxectivo esixiría taxas de creimento próximas ao 6 por cen na produción de bens e servícos, superiores ás consideradas precisas até agora.

Todos os datos anteriores, e en concreto a caída de medio millón de postos de traballo se non hai medre económico, tiveron en conta as recentes táboas da produción española 1970-75 e baseáanse en considerar os efectos do avance tecnolóxico (é dicir, a introdución de novos procesos produtivos), como tamén a posible substitución de man de obra por capital e nunha utilización máis intensa de traballo dispoñíbel. Así, cunha produción practicamente estancada, mais en lixeiro ascenso, nos primeiros trimestres de 1981 caíu o emprego en 400.000 postos ao pasar o nivel medio de 11.516.000 persoas a 11.108.000.

GUSTAVO MATIAS

sabeliña

XOSE LOIS



O pasado día 17 debía ter lugar a demolición da parte do chalet do señor Alayo (ou Alayos que non se sabe moi ben) que está enriba da franxa de monte propio de Carmen Castro e o seu home. O encargado de executar o derribo era o arquitecto pontevedrés César Portela e á hora de proceder á medición do balo para desmontar un madeiro e entrar na finca para destellar a parte correspondente do chalet e seguer co correspondente derribo, chegou por aló un home chamado Vivencio Garcia Guillán, testaferrero e home de palla de Alayo.

Este señor dicía que non se podía derribar o chalet posto que a sentenza era contra Alayo e non contra el, que mercara de boa fe todo sen saber nada de qué ía o asunto. Ao pouco chegou a Guardia Civil, asegurando, nun principio, que o chalet era de Garcia Guillán e que a sentenza e a súa execución non podían seguer.

Ao ser preguntados por César Portela se sabían fixo se aquel era o propietario dixeron que era el quen o dicía, máis nada, pero que por iso non podían deixar que se derribara. Isto demostrou un total descoñecemento da lei por parte das forzas da G.C., que deberían saber que cando se compra unha propiedade se compra con todos os seus inconvenientes e dereitos sempre que se compre de má fé, tal e como fixo Vivencio Garcia, capataz de Manuel Alayo Carreras desde que este chegou á Balea-O Grove e testigo moitas veces a favor del, home que coñecía que tal propiedade estaba en litixio desde 1973, con trunfo dos viciños en Cambados e Coruña, e a ponto de fallarse no Supremo cando di que mercou a terra e os chalets.

Home, por dicer, Vivencio Garcia dixo que nos ativésemos ás consecuencias por facer fotos do chalet sen permiso. Logo soltou un can vello e outro pequeno que ao pouco saltaban o balo e se perdían entre os piñeiros. Parecía que nas súas verbas tiña a voz dalguén gordo que nos ía facer moito dano por tirar negativos. Xa veremos logo quen anda detrás.

#### UN POUCO DE HISTORIA

O problema comezou no ano 1971 cando Alayo compra cinco das parcelas, as numeradas do un ao cinco no plano de separación e distribución feito no 1898. Ao parecer, non pagou nengunha delas, ficando o pago condicionado a que todo o seu negocio saíra ben, o que conleva que os viciños que lle venderon estean a favor del para poder cobrar dunha vez.

Ao mesmo tempo, tamén ocupa terreo público e fincas doutros donos que nada lle venderan, chegando ao 1973 cando comeza a construción do que ía ser o seu chalet. Os viciños comezan a mobilizarse pero o

Se non fose porque a cousa é moi trágica, case se podía facer o guión dunha película folletinesca con final a escoller polos afectados ou pola xusticia: señorito estranxeiro chega á aldea galega e deslumbrado a varios conviciños, compra unhas finquiñas e aprópriase doutras moitas. Os maos da película (alcalde, concellais, cargos en xeral), o viciño que lle axuda ao deslumbrante estranxeiro nas súas transaccións porque tamén quere chegar a ser como el... compoñen un cadro do que aínda non lograron verse libres os viciños de Balea e Reboredo, da parroquia de San Vicente, no Grove.

A sentenza do Tribunal Supremo, fallando a favor dos viciños (dun deles) e ordenando a demolición da parte dun chalet que está enriba desa franxa xa fóra de litixio grácias a un fallo inapelábel.



Xan Carballa

## A terra voltará ser dos viciños Balea Marítima, sentencia e derribo

axuntamento, presidido por Alfredo Bea Gondar, agora concellal "democrático" non lle fai caso nengun e mesmo (e isto aínda non o saben nen no propio Axuntamento) lle dan licenza de edificación "sen perjuicio a terceiros". Logo hai escritos a todos os organismos, pero ninguén lles fixo caso. Foi entón cando comezou a longa pelengrinaxe polos xulgados.



Gañaron o pleito en Cambados, o dun só, xa que separaron, para dar operatividade, un dos outros trece e este ía máis apresa por razóns óbvias. Recurriu Alayos á Audiencia Territorial da Coruña e tamén perdeu. Neste tribunal está agora precisamente o resto dos procesos a punto de ser fallados.

Recurso ao canto de Alayo ao Tribunal Supremo e volta perder. O caso era perder o tempo como fose na espera dunha solución política que lle axudara contra os viciños "minoría revoltosa". Recurriu tamén esta sentenza e voltou perder e na execución desa sentenza andan os veciños agora, procurando o derribo da parte do chalet que está enriba do terreo de Carmen Castro.

Como dado a ter en conta, e posto xa de manifesto que no 1898 foi repartido parte do monte, hai que subliñar que no Boletín Oficial da Provincia do ano 1922 declaráronse aqueles montes, entre as propiedades viciñais e o mar, chamados Campos da Correira e Sobre do

Pozo, como viciñal.

#### OS PERSOEIROS FAMOSOS QUE ESTAN DETRAS

Desde que fixeran o primeiro escrito no ano 1971, con 212 firmas, os viciños fixeron moitos máis e andiveron na recolleita de firmas moitas veces: ao Axuntamento do Grove, desde 1974 (febreiro) ao 1977 (xaneiro) mandaron un total de 17-20 escritos (non se especifica na lista que témós algunha cantidade cando pon varios); ao Gobernador Civil mandáronlle catro, ao Ministro da Gobernación, un no 76, igual que ao Ministro da Vivenda e ao Delegado deste Ministerio en Pontevedra. En todos, os escritos, dun xeito ou outro, falábase da falta de requisitos legais en que incurrian as obras e apropiacións de terreos en Balea. Aínda mesmo se denunciaba ao concellal Xosé Luis Rodríguez Muñiz por ser o contratista que facía a obra sobre o terreo veciñal para Orlando Abad Pérez.

Entre as persoas que executaron actos de ocupación do mon-

te viciñal en man común está, asómbrense, Arturo Cifuentes Pérez, irmán do presidente "democrático" da Diputación Provincial pontevedresa. Está tamén outro chamado Otilio Pérez Corbacho e un estranxeiro. Cifuentes, claro, está á espera de que o testaferrero de Alayo resolva todo e mentras el non move un dedo: nen sequera en favor dos viciños.

Pero se os escritos a todos os estamentos citados non tiveron efectividade, hai que ver o que ocorreu cos telegramas enviados a diferentes parlamentarios da provincia pontevedresa. Verdadeira xoia é a resposta de Sancho Rof: "Moi señor meu: como primeiro firmante do escrito que recebo da Comisión de viciños de Balea e Reboredo, en relación co tema dos montes viciñais, prégoles informe á Comisión que, visto o tema, con esta data dirixinme ao Gobernador Civil da Provincia, co fin de que estude con toda urxencia o tema aos efectos que procedan". A carta do parlamentario "galego" Sancho Rof era en español naturalmente.

Tamén é moi boa a do senador Xosé Garcia Garcia: "o tema obxecto de polémica, a nivel rexional, ven sendo tratado polos parlamentarios, tanto de UCD como doutros partidos con representación en Cortes. A súa posíbel solución, independentemente dos convénios aos que sucesivamente se vaia chegando cos Axuntamentos, ten que enmarcarse entre os problemas URXENTES de Galicia e esta é a postura que desde o primeiro momento (aínda a partir da campaña electoral da UCD) impuxémos tanto os deputados como os senadores do Reino..."

Xosé Garcia Garcia, de Silleda, aínda non se enterou de que Bea Gondar, home que propiciou o roubo aos viciños de Balea das súas terras está na UCD e por ela é concellal.

#### SITUACION ACTUAL

No ano 1978 foron detidos varios viciños, a instancias de Alayo, que agora está en paradero descoñecido segundo parece. O xulgamento contra eles, por danos en propiedade allea celebrouse o pasado día 22 e del damos conta ao final desta reportaxe. O que nos compe é falar agora do que aconteceu o día da demolición.

César Portela, en vista da postura da Guardia Civil e do que se dicía propietario e para evitar maiores problemas ante a presenza de moitos viciños decidiu dirixirse ao xulgado de Cambados para pór todo en coñecimento do xuíz.

Segundo as nosas informacións, foille retirada a Portela a credencial e hai a posibilidade de que abran un proceso contra Vivencio Garcia por obstrución da xusticia ou desacato ou mes-

(Pasa á páxina seguinte)



E esta é a situación cando xa hai unha sentenza firme de derribo para un dos chalés.

alguns dos acusados, tendo estes danos a súa tasación pericial.

Os testigos, pola súa banda, tiveron, uns, dificultades en lembrar se algun dos acusados participara nos acontecementos do 1978 e outro non dubidaron. De todos os xeitos, catro anos son moitos para calquera persoa. Por fin, o fiscal preferiu acollerse ás declaracións sumariais como base.

A defensa dixo que si que houbera danos, nunha propiedade, pero danos feitos por Alayo na propiedade viciñal, allea a el. Preguntaba, por fin, se eran danos "á inmobiliária" ou "da inmobiliária aos viciños". Desmontou a testemuña de Vivéncio García e da secretaría en base a demostrar, coas respostas das preguntas plantexadas, o seu interese directo, xa que é agora Vivéncio García o propietario da maior parte da organización e ten aberto un sumario por desacato ao xuíz por impedir a execución dunha sentenza.

O perito da defensa, o aparelador Arturo Garrido, en base aos informes de danos feitos pola propia acusación, desmontou dun xeito impecábel a valoración feita polo perito que traballaba para Alayo. Así, onde a acusación (Alayo non apareceu) fai valoracións de 1.300.000 e 850.000 pesetas, Garrido fíxoas de 250.000



Así eran ocupados os terrenos no ano 1978.

ven da par anterior

mo por un recurso presentado cando xa estaba todo o asunto do supremo fallado e condenado (as nosas informacións non alcanzan a concretar a categoría do posíbel delito) xa que el mercou a Alayo por 18 millóns (segundo el, claro) unha propiedade de 70 e pagou un só, o resto ficaba para cando poidera pagar (¿A quen, se Alayo está en paradeiro descoñecido?) (¿Ou sabe Vivéncio onde está?). Por outra banda, o pai del asegura que o seu fillo mercou todo por dous millóns e fóra. Ao

que era oficina de información, transformouno nun quio co de bebidas e púxolle de nome "O capricho". Toda unha definición.

XULGAMENTO CONTRA OS VECIÑOS

O xulgamento contra cinco viciños, dos cales un está en Suíza, emigrado pero non fuxido, e outro no hospital, tivo por fin lugar o día 22. Nel, a acusación do Ministerio fiscal baseouse nos danos e que estes estiveran provocados por

pesetas en total.






A defensa non lle foron admitidos oito testigos na proba pericial sobre deslinde do monte viciñal das propiedades particulares, así como a documental de reclamación ao Xurado Provincial de Montes do expediente promovido polos viciños para a declaración de en man común do monte en litixio. A defensa, en fin, solicitou a absolución e que se declararan as costas de oficio.

O ministerio fiscal nas súas conclusións reconeceu que sobre a pertencencia destes terreos

existía un procedemento civil perante a autoridade competente (a proba documental non admitida). Pidiu unha multa de 2.500.00 para cada un dos acusados, pago dos danos, o que conleva que en caso de non pagar e se a sentenza lles é desfavorábel, os viciños teñan que ir á cadea por defender a súa propia terra.

Esta vista non é máis que a anterior ao xulgamento doutros 32 pola mesma razón. Veremos en qué para todo.

XOSE CURRAS

**AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA **  
**DELOS  ESTAN FEITAS**  
**CON TERRAS GALEGAS,**  
**AS IDEAS E A CIENCIA**  
**QUE LLES PROPORCIONAN**  
**O LABORATORIO DE**  
**FORMAS DE GALICIA **  
**E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS **

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEJANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS

● NO CASTRO HAI EDITORIAL E INDUSTRIA GRAFICA,  
 ● ENTRE OUTRAS QUE TEN GALICIA. NON HAI POR  
 ● QUE EDITAR LIBROS NIN IMPRIMIR TRABALLO FORA.

Baiona

## Os viciños defenden os terreos públicos

Baiona estaba dormida, ou impertérrita, non sabemos, diante de todos os desmáns urbanísticos que sofriu; parece que saíu do seu letargo, aguillado polo propósito do Axuntamento de converter uns terreos calificados de domínio público e zona verde nunha urbanización, particular, por suposto.

O negocio ten en si tres vertentes: a lucrativa *per se* a propagandística e a rivalidade política.

Pero parece que o povo se cansou e dixo, chega. Veremos o que pasa agora. De momento, esperar.



Foto Arquivo

Unha assemblea na que participaron cerca de cincocentos veciños, escritos á Xunta, unha moción presentada polo Diputado Vázquez Fouz, parece ser só o comezo dunha loita que os viciños de Baiona encetaron contra o Axuntamento que quere concederlle os terreos que están xunto ao Pfrador á empresa Monteferro S.A. para que construa en dous mil metros cuadrados, vivendas de dúas plantas e media de altura.

Os terreos, como xa queda dito, están declarados de dominio público e como zonas verdes.

A empresa urbanizadora está disposta a cederlle a cambio os terreos para construír un parque de atraccións infantil, sempre que deixe o axuntamento o sitio suficiente para facer un casino e dependencias anexas.

¿Qué contrapartida tería o Axuntamento? Que Monteferro S.A. pagaría os custes do parque. Só iso. E, así, sen máis, días atrás o Alcalde decide, ás dúas da mañá, boa hora para facer obras, derribar os muros. E dito e feito, por máis que agora e diante da oposición viciñal as obras estean paradas.

A orde de empezar as obras deuna o Sr. Alcalde sen mediar nengun anteproxecto nen saír as obras a exposición pública, segundo está regulamentado.

### RELACIONS DE PARENTELA

Segundo se manifestou na assemblea, da que saíu eleixida unha comisión composta por oito persoas, para seguer os acontecementos, nesta obra hai relación de parentela, xa que a persoa que firmou o escrito dirixido ao Axuntamento é a dona do Alcalde de Gondomar, Xosé Lis, que é compadre de Rodríguez Quintas, Alcalde de Baiona.

Partindo disto fixéronse afirmacións sobre aqueles que poden estar detrás do negocio, especulándose con que o señor Alcalde non era alleo aos posibles beneficios.

Pero, segundo se afirmou tamén, o interese do Alcalde en construír o parque ven dado en gran maneira pola súa pretensión de presentarse ás próximas eleccións municipais nas listas de AP, polo que quere, a toda costa, que se faga o parque para despois poder presentalo como "a súa gran realización".

Este propósito é a causa do enfrontamento cos actuais concellais de Alianza Popular e, sobretudo, co responsábel do Val Miñor, señor Trabazos, de quen se di que o Alcalde tenlle paralizada unha obra.

Agora estase á espera da resolución do Goberno, facendo de árbitro; veremos que pita, nunha das tantas expoliacións que se fixeron aos viciños que, esta vez, tentan defender os seus dereitos.

Alúmina-Alumínio

## Gaña a empresa

O conflito de Alúmina-Alumínio en San Cibrán, na costa luguesa, quedou rematado ao ratificar os traballadores en assemblea os acordos a que chegaron a patronal e o Comité de empresa, no que é maioritario Comisiones Obreiras, en Madrid.

O acordo está moi por debaixo do Acordo Nacional de Emprego xa que o aumento salarial é dun sete por cento e só se reduce a xornada en vinte horas.

Todo parece indicar que o pacto se fixo ollando outras situacións que non eran exclusivamente as desta empresa, xa que se contempla a entrada en Alúmina de traballadores doutras factorías estatais.

A patronal saíuse coa súa en Alúmina-Alumínio. ) e pouco valeron os paros, de menos aínda o Acordo Nacional do Emprego, que só cumpre a patronal cando non ten outro remedio e que como paradoxo son certas centrais quen máis forza fan en pedir o seu cumprimento.

Todas as presións feitas nesta ocasión na factoría luguesa ian encamiñadas a facer cumprir este pacto. Ao remate o once por cento estipulado quedouse nun sete por cento que queren facer crer que é un nove, aínda que esta cifra só sexa para unha mínima parte. A redución da xornada só se fai no ano oitenta e dous a

mil novecentas horas, para no oitenta e tres baixar a mil oitocentas sesenta. Todo por enriba do ANE.

A empresa comprometeuse asimismo a suprimir as sancións e readmitir aos despedidos neste conflito, como a incrementar a plantilla con xentes doutras factorías do estado e, "se queda algunha praza, con xente da zona".

### A EMPRESA GAÑA

O conflito empezou pouco despois de que CC.OO ganase as eleccións sindicais ao empezarse a negociar o convenio. Como xa queda dito, a proposta desta central era a mesma que consagra o ANE. Pero xa

desde o primeiro momento a empresa cerrouse en banda.

Empezaron os paros de dúas horas que logo se incrementan. Pero a empresa segue negándose a negociar e ameaza coa paralización da factoría, empezando a sancionar aos traballadores.

Comisiones baixa as súas pretensións salariais a un nove por cento, pero non así a empresa négase a negociar mentras non traballe a "Serie A". Accedese, namentras que a suceden as informacións tendentes a encher de medo aos traballadores polas ameazas do cerre patronal.

Ao final chegouse ao acordo antes dito: a patronal gaña, os obreiros perden.



## Sentencia da agresión a Santi Villar

### (Case) Condenar ao agredido

Xa hai sentenza pola agresión de Carlos Celard, taxista de Bueu, a Santi Villar. E segundo ela non hai agresión. Só coacción. Resultado: dúas mil pesetas de multa por coacción e costas de xulgamento.

Na vista oral, dous testigos, un deles o director do semanario, xuraron ver como Carlos Celard golpeaba a Santi Villar despois de amenazalo. Outros testigos, porque *había moita xente*, non poideron asegurar se fora Celard o que causou danos a S. Villar.

Ou sexa, en nengun mo-

mento negaron que fose el. Porén, a sentenza nega a autoría do taxista de Alianza Popular na agresión por non poder demostrar que fose el. E os testigos da defensa non podían negar que fora Celard porque senón terían que denunciar ao verdadeiro autor se o viran: *só non podían precisar*.

Pois ben, esta imprecisión trunfou sobre a precisión dos testigos da acusación, que sinalaban claramente ao agresor. Mistérios da xusticia nos que non imos entrar.

Ou sexa, Santi Villar case sae condenado por sinalar co

dedo, que é moi feo e está mal. A Garda Civil, en cuxo coche se refuxiou o noso colaborador gráfico segundo a sentenza, tampouco fixo nada por averiguar o nome do agresor ou polo menos non constan dilixencias de que o tiveran feito despois das dilixencias que debería evacuar o xulgado de Bueu despois do parte médico de lesións.

En definitiva, Carlos Celard estaba ofendido porque *querían quitar unha foto doutro sen o seu permiso*. El Capitán Trueno en defensa de los oprimidos.

**temas da nosa terra****De feira**

A Estación Marítima de Vigo bule nestes días coa 1ª mostra industrial e artesanal. Como ensaio parécenos interesante, inda que non sexa máis que unha acumulación dos escaparates comerciais da cidade nun local único. Vigo carece de feiras periódicas que como a quincenal de Pontevedra, sirvan de grilón co pasado e de incentivo para o futuro.

Esta mostra coincide coa *Semana Verde* de Silleda e con *Fexdega* de Vilagarcía, as dúas xa feiras establecidas e cada ano de maior volume.

A funcionalidade destas feiras é múltiple. A nós fannos lembrar as vellas feiras que enchían todo o país. Desde o medioevo temos constancia dalgunhas. Acadaron o seu maior desenrolo nos séculos XVIII e XIX influindo en moitos aspectos da vida galega.

Nelas multiplicábase o comercio interior non só o comarcal. Os tratantes recorrían parte de Galiza o mesmo que algúns administradores de grandes casas. A produción gremial superaba os encargos locais e competía en espácos máis amplos. Pero quizais o aspecto máis ubícuo fose a participación dos habitantes da bisbarra no remexer da vida política e cultural. Cada feira convertíase nunha central de novas, as cántigas de cordel iban de norte a sul do país e mesmo chegaban do interior da península. Cada transacción nos tourais, nas ruas e nas tendas convertíase nunha secuência teatral: as puxas, as subastas, o chalaneo criaban esceas de singular atractivo.

A feira era festa, descanso, comunicación e non poucas veces terminaba como as festas patronais con duras regueifas entre distintos barrios e sectores. Por un día ou dous ao mes as vilas que centralizaban as feiras deixaban de ser as sanguezuas das aldeas para confraternizar no traballo mercantil.

Nas novas feiras observamos cómo se intenta xunir o comercial con actuacións culturais. Bon camiño, pero o importante nesta mutación é animar a actuación popular criadora, protagonista, non espectáculo senón acción cultural.

Importante nas feiras estivo o espazo máis comunitario que superaba á parroquia e camiñaba cara unha maior unidade. Atención a estes sinais do futuro.

**Malvinas: Final do aventureirismo**

A semana pasada assistimos ao final militar da aventura do Goberno arxentino na guerra do Atlántico Sul.

Se o goberno de Galtieri foi capaz de manipular a dignidade dun povo colocándoo ante a defensa dos seus dereitos ou a súa cesión, o de Margaret Thatcher atreveuse a manter o colonialismo máis oprobioso apelando a todos os medios: pirataría a mar aberto, envío dos "gurkas", tropas denunciadas desde os días de Gandhi como vesánicas, desprecio do dereito continental de América e afirmación implacable do imperialismo. O final descalificou á "Junta Militar" de Arxentina que agora dimite e deu ao Reino Unido unha vitoria pírrica.

Non é so que a actuación de M. Thatcher esa fémia inhumana, non provoque noxo, é que a democracia dun país que aguanta un tal goberno por si mesma se degrada. E que o resultado do aplastamento do exército arxentino está modificando a conciencia de América Latina, cada día máis clarificada e máis disposta a oporse aos opresores, sexan USA ou o Reino Unido. Esta guerra incalificábel co sacrificio de mozos inocentes e co despilfarro duns 400 mil millóns de pesetas, só pode ter un punto positivo: despertar dunha vez a conciencia de todos os povos para acabar coa prepotencia imperialista duns poucos. A NOS COMO GALEGOS tócanos este despertar, porque os nosos males teñen moito que ver co dominio do imperialismo.

**A NOSA TERRA**

Empresa Xornalística Editora

Promocións Culturais Galegas, S.A.

Presidente do Consello de Administración

Francisco Carballo Carballo

Conselleiro-Delegado

Xoaquín Acosta Beiras

Director

Xosé Manoel Currás Rúa

Redacción

Alfonso Eyré, Xan Carballa, Xosé Amador

Correspondentes e Colaboradores

Nacional: Xan Corbeira, Marco Breixo, Fernando Franco, Xesús Torres, Luis Muriel, A. Loureiro, P. Arrizado, X.A. Suárez, Furabolos, Antón Tremoedo, Suso Piñeiro, Emilio Romero.

Estado: Jordi Fortuny, Antón Fernández, Mugarra, Pablo Viz, Manoel Veiga, Xosé Lodeiro.

Domingo Prieto, Carlos Durán, A.P. Dasilva, X. Marín, Xosé Lois, Carlos Rodríguez Silvar, Ernesto Noceda, A. Ruas, Begoña Moa.

Fotografía

Santi Villar, Andrés, Tino Viz, Nivardo.

Redacción e Administración

Doutor Cadaval, 21, 2, of. 11. Apartado 1371. VIGO.

Teléfono (986) 22 24 05

Imprenta

Editorial Iparraguirre, S.A. Ibarsusi, 3 - Bilbao.

Depósito Legal: BI-1121-82

**cartas****DESTRUÍDE,  
QUE MANDA O AMO!**

Nas páxinas centrais do número 185 de A NOSA TERRA, pódese ler un artigo sobor das resolucións que o "esgrévio" concello de Noia -coa loubábel oposición de algúns concellais- ven de tirar repeito da ubicación da antena de T.V. No mesmo artigo reproducense algunhas alusións do alcalde e dun municipio ao mesmo tema.

Nas súas manifestacións amósanse ambos os dous como verdadeiros paladins da cultura galega e dos fitos históricos que a sosteñen. Sobor de todo, verbas como "máis votos dan os mundiais que o castro" son meredentes de figurar por dereito propio no elenco das asneiradas "culturicidas" ao estilo de "viva a morte, abaixo a cultura".

Nestas actitudes ben se ve o pau no que están traballados moitos dos nosos representantes. E eu dígo-me: Son estes os demócratas adiantados que loitan pola nosa Terra? Son estes os cerebros luminosos que poñen as súas ideas positivas e limpas ao servizo da xente que os elixiu? Son estes os corazóns fortes e capaces de acometer -ou mesmo de posibilitar- a transformación en profundidade das vilas e cidades galegas? E sigo a preguntarme: Qué dereito teñen os partidos a nomear como candidatos a persoas nefastas e finchadas, que engulen, votos, dirixen votos e cagan votos? Con qué visión de porvir escollen xente que, lonxe de construír, desfai; en lugar de alentar, abafa; debendo que servir ao povo, ignóra e sèrvase del? Se un partido non reprende aos seus membros descamiñados, faise reo de sospeitas, hai que o culpar de protexer actitudes vituperábeis de cara á colectividade, de fomentar a montaxe de estruturas partidarias ocas e valdeiras que sobrancean como espantallos a paisaxe viva e

poliforme da nosa sociedade real.

A miopia histórica aínda se podería aturar neses muncípes fanáticos, un chisco esperpénticos, almas de papeleta, privados de toda forma persoal de pensar, vendidos en corpo e corazón aos trafegantes da política "veña a nós", máis que os partidos, sabendo de qué material humano dispoñen, lles dean enriba azos e aplausen as súas desfeitas, reborda calquera explicación racional, faise simplemente impensábel para toda mente non contaminada pola política raposeira á que tentan afacer nos os partidos máis votados.

Xentes que teñen a provocadora ousadía de esmigallar un irrepetíbel anaco da nosa historia coa demagóxica excusa dos mundiais, deberían ipso facto ser destituídos dos seus cárregos e vulgados como destruidores do patrimonio histórico-artístico do noso povo. Abate e agrima comprobar que, mentras noutras nacións xúntase o progreso coa protección e o estudo serio e sistemático dos seus monumentos e do seu arredor físico, na nosa, os modernos iconoclastas de caste política fan e desfán ao seu antollo. Onde están as respostas oficiais que poñan a pexa a estes indocumentados "non tanto"? Onde están as reaccións dos responsábeis da nosa cultura diante destas mostris repetidas de vandalismo? Qué fan eses persoeiros que teñen a obrigación de protexer o noso pasado para que o noso futuro sexa máis claro e máis consciente? Que qué fan? Todos podemos chegar á resposta: Nada! Como o vello can sentado diante do fonógrafo, escoitan só a voz do seu amo, e este fixo, fai e fará canto poida por asnaquizar, esfrangullarnos, por dinamitar até o mais ínfimo recanto da nosa identidade, por alienarnos, asimilarnos e engulirnos. Os dinamitadores témostos dentro e é ben doado cofrecelos. O feito de engulir é moito máis pe-

rigoso. Os mariñeiros saben que o peixe grande pode enviar o pequecho cando o enbulla con xeito, máis cando o colle a contra escama e a contra serro, por moi ampla que teña a gorxa, pode esganar coa melande facilidade.

XOAN FUENTES CASTRO

**NAS FESTAS  
DA ASCENSION**

Compostela, sábado 22 de maio do 1982. Festas da Ascensión: Convocatoria de sóns e cheiro a pólvora; ilusíons nos recunchos, lambetadas; estrelecidas ledas, rapazas loiras, estoupido de ruas co froreceda troula; e arrecendo de festa, de noites longas.

Remata a festa oficialmente, e dirixímonos como é tradicional, á Quintana, ardeados de pacífica ledicia.

De súpeto, siniestras sombras negras surxen como da nada e comenzan a amolar á xente dicíndolle: "váyansen de aquí, a la Alameda o a donde quieran, pero aquí no pueden estar". Un sinxelo "¿qué pasa?" de alguén, é suficiente para que os membros do servizo nocturno da Policía Municipal, porra na man, dean en mallar na xente, sin máis. Logo dunha media hora chegarían os policías nacionais: "estamos desalojando la plaza en cinco minutos; quien quiera quedarse que se quede, allá él".

¿Chámalle a isto manter a orde? Pero, ¿qué orde? ¿E que está prohibido estar alegre? ¿Moléstalle ao poder a alegría dos demáis?

O que si está moi claro é que nen a rua nen a Quintana son deles: A QUINTANA E, E SEMPRE FOI, NOSA.

XÓSE MARRA QUIROGA  
SANTIAGO

**OS INDEPENDIENTES E A UNIDADE DO NACIONALISMO**

Un fato de nacionalistas independentes, é dicir, non organizados en ningún partido, asamblea ou colectivo político, vimos de ter un encontro o pasado sábado día 29 co obxecto de tratar o proceso de unidade do nacionalismo que se está a encetar e o noso papel nel.

Por unha banda concluímus na necesidade de dotarnos dunha estrutura e coordinación mínimas, que permitan a nosa participación activa no mentado proceso e non quedar como meros comparsas no seu desenrolo, subordinados á iniciativa exclusiva dos grupos políticos participantes, senón, por contra, tratando de enriquecelo coas nosas aportacións colectivas.

Doutra banda consideramos que o noso papel estaría baseado fundamentalmente en tratar de superar as dificultades nas relacións entre os distintos partidos e colectivos nacionalistas para acadarmos a unidade que nestes intres se fai imprescindible, centrándonos naquilo que máis nos une e respetando o dereito a que cada organización defenda as súas teses, como tal, naquilo que máis nos separe. Así como tamén en garan-

tir que o proceso sexa verdadeiramente constituínte, democrático, pola base, aberto e transparente, cunha clara tendencia á avenencia política evitando liortas do pasado inmediato ou lonxano que fagan que as discusións se polaricen en exceso e que por estas cuestións, marxinais ao proceso de fondo, se descolgue alguén.

Deste xeito quedou claro que a nosa misión non é presentar ningunha alternativa política porque iso anularía a nosa definición como independentes senón máis ben conciliar as existentes, convencidos de que as diferéncias entre elas non son insalvábais e que con vontade unitaria todas teñen cabida na nova organización que se trata de facer, sendo na súa estrutura onde si plantexaremos opcións de cara a que sirva a unha adhesión masiva dos nacionalistas galegos que vexan nela a posibilidade de traballar comodamente sen manipulacións de nengun tipo.

Por último valoramos moi positivamente este esforzo de converxencia dos distintos grupos políticos por chegaren a acordos unitarios, reflexo da madurez que está acadando o nacionalismo ao

tempo que facemos votos para que os que son e aínda non están se sumen a un proceso no que as alternativas van ser discutidas de forma asamblearia, pola base, sen a peneira duns cúmios controladores da información e monopolizadores do debate político. Por respecto a uns militantes que coidamos teñen dereito a discutir as distintas alternativas existentes con todos nós, ese "outro nacionalismo" debe participar, sen prexudicios apriorísticos e estando dacordo, como así parece, cos principios mínimos do "Chamamento para Unidade do Nacionalismo", neste proceso.

Como epílogo e acolléndonos á benevolencia do seu periódico damos os nomes e teléfonos de referencia para todos aqueles nacionalistas independentes que queiran coordinarse con nós, segundo as ideas expostas, para irmos xuntos neste proceso de unidade da maioría do nacionalismo.

Santiago: Encarna Otero, Teléfono 59 51 32.  
A Cruña: Xácome Santos, Telf. 22 14 54  
Vigo: Manuel Sendón, Telf. 22 85 47

Congreso do PSOE

Gañou o mercantilismo

Antonio Rodríguez resultou elixido como Secretario Xeral do PSOE en Galiza no Congreso Extraordinario celebrado o domingo día 20 en Lugo, ao derrotar a Miguel Barros por unha marxe de aínda non oito puntos.

Na candidatura gañadora figura como presidente Manoel Couce, que substitue así no cargo a González Amadiós, que se presentaba á reelección na candidatura perdedora, na que ía como Vicesecretario Xeral Ceferino Díaz.

A corta marxe acadada pola candidatura gañadora deixa abertas as portas á conflictividade neste partido, sobretudo se se conta que entre os seus integrantes só hai un parlamentario galego, polo que vailles ser difícil fiscalizar a súa actuación na cámara autonómica.

O sucedido o domingo en Lugo no Congreso Extraordinario do PSOE non é máis que a aplicación práctica para Galiza da súa política a nivel estatal, que non é única senón que está en íntima relación coa do resto das forzas estatais (AP, UCD e PC), que pretenden recortar os poderes autonómicos e arrinconar por todos os medios ao nacionalismo. A LOAPA —pactada entre os partidos maioritarios— non é máis que unha mostra e o 23-F a data de partida deste cambio de política.

O triunfo da candidatura de Antonio Rodríguez, co apoio do antigo Secretario Xeral, Francisco Vázquez e de Manoel Soto —que afirmaba ía presentar unha candidatura, desde Madrid— non é máis que o primeiro paso para a posta en práctica da nova política do PSCE, encamiñada a conseguir instalar a Felipe González na Moncloa, cun partido por detrás fidel aos ditados dos seus líderes estatais.

A MANOBRAS DE FRANCISCO VÁZQUEZ, DIRIXIDA E ENCAUZADA DESDE MADRID

O que moitas veces se ten calificado como unha arroutada unilateral de Francisco Vázquez no tema da capitalidade e a súa dimisión que levou a este congreso extraordinario celebrado en Lugo, non foi máis que unha hábil manobra manexada desde Madrid por Alfonso Guerra, que sempre tentou arrinconar a aqueles militantes galegos que, se ben non conforman un sector nacionalista como queren facer ver algúns, si son un grupo que fai predominar a política de Galiza sobre a do Estado, e isto por unha cousa: porque saben que a este nivel non teñen nada que facer.

Francisco Vázquez gañaría así puntos nos sectores coruñeses, encontrando ao mesmo tempo unha boa desculpa para dimitir.

Así foi como se chegou a este congreso e como puideron lograr unha correlación de forzas, baseada sobre todo no mercantilismo de postos electorais para as xerais, que parecen estar á volta da esquina,

xa que doutra forma non se explica a inclusión na lista encabezada polo novo Secretario Xeral de militantes da comarca de Arousa, desde sempre enfrentados co aparato galego.


Nestes pactos, entrou a xogar tamén Manoel Soto, Alcalde de Vigo, que parecía ao principio que se ía presentar para o posto de Secretario Xeral en Galiza e que finalmente desistiu diante das promesas feitas cara as novas eleccións.

Desde Madrid xogaron todas as cartas ao seu alcance —todos os resortes do aparato— para tratar de apartar dos puntos de dirección do partido en Galiza a todos aqueles que non foran fideis á política marcada desde o aparato andaluz-madrileño, definida como unha "política responsable de Estado".

Non que xa se puxo de manifesto despois do Congreso de Betanzos, onde se empezou a falar xa do defenestramento de Ceferino Díaz. Agora conseguírono, con moi poucos custes e asegurando que estes leven no parlamento galego unha política —cara a galería claro— autonómica galega, que en certo modo vai enfrentar aos dous sectores xa que no Parlamento Galego en meirande presenza ía unha "autonómica". Por outra banda aí van estar os integrantes das listas do PSCE en calidade de independentes e cuxos vínculos eran precisamente coa anterior executiva defenestrada.

O TEMA DA CAPITALIDADE

Intimamente relacionado con este Congreso Extraordinario está o tema da capitalidade —foi o pretexto— que será debatido o mércores, por máis que cando nós saíamos á rua o asunto xa estará zanzado. Pero despois do debate do mércores, aínda na Coruña van queimar algúns cartuchos como salvadas de despedida. Así, non é de estrañar que se produzan algunhas dimisións sonadas no seo do Axuntamento coruñés. Se cadra, cando vostede estea lendo isto xa se teñen producido. Serán os últimos coletazos. Logo virán a recomposición e as lamentacións.



Tino Víz

Constituída a comisión xestora da unidade nacionalista

Segundo o proceso encetado hai unhas semanas a nivel nacional, estanse a reunir nas distintas capitais e comarcas as distintas forzas políticas que van formar unha organización unitaria nacionalista cuxa Asamblea Constituínte vai ter lugar previsibelmente no mes de setembro.

As forzas integrantes (AN-PG, ERGA, Grupos Nacionalistas Independentes da Coruña, Santiago, Lugo, Vigo e O Condado, Gafcia Ceibe, ANG, Colectivo Libertario Arco da Vella, PSG e UPG) están a constituir as distintas comisións xestoras comarcais, despois de terse xa constituída a "Comisión Xestora Nacional".

Estas xestoras comarcais fan un chamamento a todos aqueles que se encontren interesados na unidade do nacionalismo, ao mesmo tempo que recollerán todas aquelas propostas e suxerencias que se queiran facer, tanto no referente aos principios políticos como no aspecto organizativo, convocando asambleas para discugir estes puntos e chegar a unha Asamblea Constituínte que deixará totalmente configurada a organización.

Parece ser que para o Día da Pátria Galega xa estarán rematadas estas asambleas comarcais.



Marcha pola paz Fene-Ferrol

O día dez de xuño, coincidindo coa presenza do Presidente do Goberno español na sé da OTAN, cerca de dous milleiros de galegos amosaban a súa oposición á entrada na devandita organización armamentística, á nuclearización e abogaban pola paz mundial. A marcha comezaba cos augúrios represivos do inefábel gobernador Aguerre, cunha nutrida representación de unidades antidistúrbios, que fixeron sentir a súa presenza, tal e como se aprécia na fotografía. Sob a ameaza textual de que aplastarian aos manifestantes se se berraba ou se facía referéncia ao 23-F, recorréronse os 5 quilómetros que hai de Fene a Ferrol para finalizar na Praza de Armas desta cidade, lugar no que se dirixiron aos manifestantes os representantes das forzas políticas convocantes.

# Estas son as relacións do crego español que quixo matar ao Papa

Existen fortes indicios que permiten afirmar que a morte de Xoan Pablo I non foi un feito casual e menos producido por causas naturais, segundo informes que obran en poder de servizos secretos dalguns países.

Os datos destes informes dan a entender que o pasamento do Papa se debeu a unha decisión da Internacional Fascista, que conta con destacados elementos incrustados na Cúria Vaticana, pero cuxos fios foron movidos pola CIA.

Constan asimismo tamén nestes informes os movementos realizados por parte do integrismo —moi ao contrario do que se afirmou no momento da elección, no que se falaba dun pacto— para que resultase elixido Wojtila.

Todas estas manobras orientadas e dirixidas polos servizos secretos americanos, tiñan como última intención tratar de abrir unha brecha nos países socialistas. O catolicismo sería o ariete.

Polónia era o país con máis posibilidades de fisura na súa estrutura social, tanto por causas étnicas, sociais como económicas, e no que había tempo se viñan infiltrando axentes, sobretudo no incipiente xerme do sindicalismo que chamaban "libre".

Todo isto aderezado cunha "boa" política a nivel de empréstitos, que facían que Polónia se fose endebedando pouco a pouco, e que tiñan como consecuencia os racionamentos de materias primas de primeira necesidade.

Pero necesitaban un apoio moito máis amplo da gran base católica. A ascensión dun polaco ao papado proporcionaríalles un líder capaz de arrastrar ás masas católicas que viñan colaborando estreitamente co Partido Comunista, así como un respaldo exterior.

## DITO E FEITO

A maquinária acelerouse ao máximo. Ao principio todo saía como se pensaba. Solidaridade collía forza, o Papa apoiaba o movemento. Os católicos polacos volcábanse na rua despois da visita de Wojtila, feito Papa, a favor de Solidaridade. Viñeron as folgas, as manifestacións e os endebedamentos.

Pero logo duns primeiros momentos de certa compenetración da igrexa polaca con Solidaridade empezaron as di-

Juan Fernández Krohn foi o autor do intento de asasinato perpetrado contra o Papa en Fátima e quen, a bon seguro, vai pagar as consecuencias desta acción, por máis que só sexa un peón dunha trama moito máis ampla, que ten conexións coa internacional fascista e con elementos da CIA.

Despois do apresamento apareceron datos espaxados sobre este crego que xa había tempo que estaba a levar unha militancia integrista-política por todo o mundo.

Aquí tratamos de aportar algúns datos máis, algúns moi reveladores, e de relacionalos.



A revista Fuerza Nueva saudaba con ledicia a presenza deste crego español "que mira" nun acto en conmemoración da vitoria feixista do 39. Número 587, do 8 de abril do 1978. O mesmo cura que logo atentou contra o Papa en Fátima.

visións o púidose comprobar como esta non funcionaba tan ao mandado como puidesen pensar, chegando aos pactos coas autoridades militares. Solidaridade tampouco era o que pensaban nun primeiro momento. Non daban controlado os seus movementos. Wojtila estaba fallando tamén tomando un papel de "moderado apoio, non aberto", que era o que se lle pedía. Empezouse a pensar nos círculos máis radicais e integristas católicos conectados coa Internacional Fascista que a elección de Wojtila fora unha gran equivocación.

Axentes da CIA conectados con estes sectores mostrábanse tamén descontentos coa política seguida por Wojtila, aínda que outras instancias da Axencia Central de Intelixencia en Europa apoian a súa xestión.

## EMPEZA A TRAMA INTEGRISTA-FASCISTA

Os integristas católicos empezaron a chamarlle a Wojtila "o Papa Comunista" comezando tamén os movementos para eliminalo.

Algun tempo antes do atentado da Praza de San Pedro, comentábase que a saúde do Papa estaba moi delicada, chegando a especularse nalguns medios mundiais que fose "a mesma enfermidade" que le-

vou a morte ao seu antecesor.

Logo chegaría o atentado anteriormente e as confirmacións de que Alí Agca non estaba só, senón que era a punta de lanza dunha trama moito máis ampla. Até se chegaron a publicar fotos dalgun "axudante" e informacións que o vinculaban á Internacional Fascista.



Cando aínda non se apagarán estes ecos que falaban dunha trama para asasinar ao Papa, feito que parece ser ben coñecido por certos sectores vaticanos, como o demostra a súa actuación desde o atentado da Praza de San Pedro, aparece o novo intento en Fátima.

## CONEXIONS EVIDENTES COA INTERNACIONAL FASCISTA

Se as conexións do turco Alí Agca coa Internacional Fascista para algúns non estivesen suficientemente claras, non poden dicir outro tanto de Juan Fernández Krohn, o crego español que intentou o asasinato en Fátima.

Cando era estudante en Madrid, xa era coñecido polas súas ideas de extrema dereita, para máis tarde vincularse aos famosos "Guerrilleros de Cristo Rey", cos que participou nalgúns accións contra militantes de partidos de esquerda. Acabada a carreira, e despois dalgun fracaso sentimental e viaxes polo estranxeiro, Francia sobre todo, onde tomou contacto con sectores fascistas, decidiu meterse seminarista en Suíza, na institución integrista de Ecône, que mantiña as posicións do bispo francés Lefebvre.

Neste tempo, e nas súas visitas a España, seguía estreita-

mente relacionado cos círculos fascistas españois, como o proba, entre outras cousas, a asistencia aos actos convocados por estes sectores, do que son unha proba as fotos aparecidas na revista "Fuerza Nueva" (8 abril 78).

Asimismo fixo varias viaxes pola xeografía peninsular espallando as doutrinas do integrista Lefebvre, facendo reunións con cregos afíns e hospedándose sempre na casa de coñecidos fascistas, como ocorria en Lugo no ano 77.

A súa primeira misa celebrada nun hotel de Madrid asistían, ademais do propio Lefebvre, coñecidos fascistas como Blas Piñar, Mariano Sánchez-Covisa, entre outros.

Segue logo no seu apostolado fascista-integrista deixando de ser noticia nos xornais, até o frustrado atentado de Portugal.

## O INTEGRISMO CON SOLIDARIDADE

Coñecida por todos a súa militancia, propaganda anticomunista por varios países, tanto europeos como sudamericanos, ¿cómo se explica a súa presenza no Congreso de Solidaridade?, ¿qué facía Krohn neste congreso?, ¿quén o invitou?... estas e outras preguntas aínda están sen contestar.

O que si se sabe con certeza é que asistiu ao Congreso de Solidaridade e que, segundo propias palabras saíu bastante descontento da liña que tomou o sindicato polaco. Tamén parece que considerou como culpábeis a Walesa e ao Papa. Sábese tamén que tivo unhas palabras con Wojtila, quen non quixo facerlle moito caso ás súas pretensións de radicalización.

Logo viría a súa detención e os rumores de conexión con outras instancias para realizar o atentado, feito que aínda non está comprobado.

O que si se pode comprender facilmente é que a súa asistencia ao Congreso de Solidaridade non se puido realizar como persoa privada.

¿Quén lle conseguiu a súa acreditación?, ¿qué misión levaba?, ¿quén estaba detrás?. Preguntas que aínda non están contestadas pero que poden adiviñarse facilmente, así como as escuras conexións de certos membros de "Solidaridade".

ALFONSO EYRE



## CAMPAÑA DE APOIO A

## A NOSA TERRA

N. 194 / DO 24 DE XUÑO AO 1 DE XULLO / 1982

## Se vostede é subscritor, faga un máis

A NOSA TERRA é un periódico imprescindible para quen desexe coñecer o que pasa cada semana en Galiza. Só unha persoa ben informada pode ser libre, pode axudar á facer cidadáns libres. Pero son moitos os que tratan de agachar a nosa realidade para manernos na ignorancia e criar en nós falsas seguridades.

Levamos dous números *peitando* nas portas dos nosos amigos, veciños, lectores, subscritores. De todos os que teñen confianza en nós como

nós a temos neles. Porque precisamos da vosa axuda para asegurar a saída deste periódico, para garantir o futuro dunha información obxectiva en Galiza.

Cada lector deste periódico é un colaborador; cada subscritor aporta un traballo á mellora do país, cada accionista é un responsable máis na busca dunha sociedade mellor, máis rica e máis feliz.

Estamos a recibir as respostas ás chamadas. Inda esperamos e precisamos moitas

máis. Sabemos de persoas que preparan assembleas na súa vila, parroquia, bairro etc. Adiante con esta campaña para que todos os galegos sexan donos do seu destino e poidan dar e recibir información veraz do que acontece no país e no mundo.

Insistimos, lector, amigo, subscritor, colabora, asiste ás *assembleas* informativas da tua vila, ou da tua comarca. Neste nº anunciamos varias. Non faltes á cita. Axúdanos a organizar outras nos restantes lugares da nosa pátria.

## BOLETIN DE SUBSCRICION

Nome .....

por un ano  por seis meses 

Enderezo .....

Envío o importe (cheque  xiro postal  transferencia )

Profesión .....

Précios da subscrición:

Povoación .....

Anual: 2.500 pesetas. Semestral: 1.250 / Europa: 3.500 / Arxentina: 3.700 / USA, Canadá: 4.000 / Latinoamérica e Africa: 4.500 pesetas anuais.

Provincia .....

..... a ..... de ..... de 19.....

Desexo subscreeberme ao periódico galego semanal  
A NOSA TERRARecortar ou copiar este boletín e envíalo a Doutor Cadaval, 21,  
2º, oficina 11 de Vigo.

Non procuramos imposíbeis. Sabemos que hai xente reticente ao periódico que tes entre as mans e ti eres parte del.

Sabes que sen a nosa voz, os trapicheos, os rou-

bos ao povo, as desfeitas artísticas, as manobras cangiadas, todo o que axuda a asoballar máis aínda á nosa terra, ía ficar no silencio máis tembel: o da falta de información.

Por iso falamos hoxe un

por un con todos vós, cos subscritores. Non é moito pedir que desaxentifia que comparte convosco cada semana os descubrimentos da realidade galega, entre algun neste clube de ami-

gos que é A NOSA TERRA.

Se es subscritor, conségue outro máis. Non é a lua, nen é un problema alxebraico irresolúbel. Mañá, cando esteas con ese amigo, entrégalle o boletín

que aparece nesta mesma páxina e que o encha. Logo mándanolo. Necesítamoste a ti e máis a el, a todos os que se sintan galegos.

¡Galiza necesita de todos nós!

# O CINE, UNHA ARTE SINTETICA

M. AYAN

Entre os múltiples escritos teóricos legados por Serguei M. Eisenstein atópase un reto, aceitado non só polos críticos senón tamén polos cineastas, pero cuxa realización está no terreo puramente hipotético e experimental.

Tras unha primeira etapa na que predominaba un cine vertebrado casi exclusivamente pola montaxe analítica, apartir da lamentábel experiencia mexicana, Eisenstein realiza tres films cuxa coxuntura e concepto estilístico son aproximacións perfectas para ese cine sintético. "Alexander Nevsky" e sobre todo as dúas partes de "Ivan o terríbel" son mostras que abren novos camiños viábeis para a converxencia de elementos multiformes e polisémicos. En "Iván o terríbel" confluen elementos, interrelacionados pola mente criadora do artista, de natureza intrínseca tan dispar como o teatro xaponés, a pintura renacentista, a psicoanálise, a historia rusa ou a política estalinista. ¿Unha amalgama de incoerencias e disgresións en torno á pretenciosidade dun cineasta abarcador do absoluto? Non é o caso de Eisenstein. E non é o único caso, aínda que fose el quen lograse un equilibrio, unha interrelación fonda de elementos unidos por referencias identificábeis. Visconti, na súa mellor obra e film clave no neorealismo italiano, "A terra trema" (1948) reunia nun todo orgánico elementos como a ópera milanesa, o marxismo dialéctico, a técnica da profundidade de campo, a montaxe sintética, a literatura de Giovanni Verga ou as condicións flahertianas da vida cotidiana dos pescadores de Acci Trezza (Sicilia). Se non trata de ofrecer un abano de referencias culturais dentro dun "pastiche", a coxuntura ao seu nivel máis primario, é forzosamente reduutivo e sobretudo narcisista, obedecendo a un anxeo por parte do creador, na maioría dos casos, de mera complacencia.

A psicoanálise é unha forma de analizar, parcialmente, as causas que orixinan esa conxunción de elementos, non xa só a nivel de guión, senón a outros elementos igual de esclarecedores: a infancia atormentada, o complexo de Edipo, a mi-soxínia son aspectos variados de personalidades criadoras, que nos axudan a establecer relacións fondas, se ben parciais de achegamento a un nivel "espiritual"; pero existe tamén a coxuntura estilística, coherente e enriquecedora, que polo feito de amosar referencias precisas a outros campos artísticos pode interpretarse como frustración no logro intrín-



Mae Zettérling

seco e absoluto do proposto. Así o atestigua a identificación da narrativa decimonónica coa narrativa cinematográfica de David W. Griffith, despois das súas tentativas fracasadas como escritor, ou a tamén estéril labor principiante do polaco A. Wajda no campo pictórico, que daría posteriormente á súa obra un cariz expresionista, bañado en xogos de luces e sombras.

Alguén pode obxectar a función do artista cineasta, como simples persoa culta, que non ten por qué ser forzosamente encauzada nestes paralelismos a nivel da súa realización. Non se trata en todo caso de "ver" a función artística como mero comparsa do home que se dedica a unha tarefa superior e xa que logo criadora, isto quedaría afirmado por cineastas como Samuel Fuller, Leo McCarey, Delmer Daves ou Bud Boetticher, que son máis aventureiros que intelectuais, nos que priva máis a intuición que a reflexión no discurso fílmico.

Dito isto, non podemos afirmar que o cine como síntese de todas as artes ten un concepto total en todos os xéneros; casos do western ou do cine negro (do que son mestres os antes citados), xa que serían dispostos non coxunturalmente, senón de forma asertiva, impedindo toda coherencia e equilí-

bro, dedución do descoñecemento do valor intrínseco de cada elemento (ou da natureza do mesmo).

A aproximación máis achegada ao cine sintético partiría obviamente do concepto identificador do creador, pero isto para min non é óbice de que existan mostras absolutamente merecedoras dos eloxios que tributan a crítica oficial e dominante ás artes tradicionais; así, é moi probábel que un crítico ou aficionado á música teña máis entusiasmo pola obra de Toscanini ou Boulez, por exemplo, que pola música cinematográfica de un Alfred Newman, Nino Rota ou Alex Nort. ¿Cál é a razón desta displicencia cara a autores tan completos? Sinxelamente, o refuxiarse no "ghetto" cinematográfico, parente probe por antonomás da arte tradicional. E non só no eido musical se dan estas desavenencias: a fotografía de Tonino Delli Colli no film de Pasolini "O Evanxeo segundo San Mateo" reproduce exactamente os grabados de Piero della Francesca, o mesmo pódese dicir de John Alcott, en "Barry Lindon", de Stanley Kybrick, cuxo cromatismo e sistema de iluminación (gracias a unha emulsión moi sensíbel) logra fotogramas dunha fermosura pictórica similar aos pintores do século XVIII. E que dicir, para non ser reiterativos, de Gabriel Figueroa, o Sigueiros e o Rivera do cine mexicano, captador do "espírito" e a beleza das terras mexicanas.

No cine atopamos múltiples obras enriquecedoras doutras facetas artísticas, mal consideradas e peor apreciadas, que son liñas mestras converxentes na proxección do cinematógrafo, unidas nun todo orgánico e homoxéneo, pola capacidade criativa do cineasta. Pero non só as colaboracións se reducen a estes "escuros" creadores que non gozan do favor do público, hai recoñecidos novelistas que prestaron o seu oficio á realización dun filme, como William Faulkner, Tennessee Williams, Arthur Miller, Bertolt Brecht ou Curzio Malaparte nos guións; Salvador Dalí, Max Ernst ou Ferdinand Léger na dirección artística, por non citar a Meyerhold, Maiakovski, membros da vangarda teatral soviética, no cine de Pudovkin, Vertov, Yoketvicht ou Kozintzev. O cine é, sen nengunha dúbida, a arte do futuro, polo que ten de complexo, de enriquecedor, de natureza excéntrica, unha arte inapreensíbel, cuxa estrutura é similar a un prisma de milleiros de caras, nas que cada un deixa constancia da súa bagaxe cultural.


Se hoxe vivise Leonardo da Vinci e tivese que escoller unha só parcela artística, quedaríase sen nengunha dúbida co cine.

# A MEMORIA, TRINCHEIRA DOS POVOS

MANUEL ALONSO

Entón  
xa non se pode falar así sen máis,  
hai que matar a morte dalgun xeito,  
hai que pelexar con raíba,  
destruílos,  
saírilles ao camiño como sexa  
e ademais  
dicer, dicer fillos de puta,  
dicer marine ianqui fillo de puta;  
dicilo e masticalo  
e ensinarllo aos rapaces  
como unha oración.  
Por amor á vida,  
simplesmente,  
parécemo.

HUMBERTO CONSTANTINI  
(Arxentina)



O Salvador xa está nunha fase avanzada dese macabro mecanismo da ocultación. Acostumáronos a operar dun xeito polo cal, ao non falarse de algo, xa non existe. Semella que aló xa non hai matanzas diárias en nome da omnisciente "cruzada anticomunista"; que despois das eleccións —a penicilina demagógica do imperialismo—, todo é unha balsa de aceite. Semella que desde aquela hai un réxime de xusticia social. Que todo vai sobre rodas. Ocúltase que se seguen asesorando asasinios e torturadores profesionais na zona ianqui do Canal de Panamá, ou en Fot Bragg ou en tantos outros centros do horror. Ponse en sordina a selvaxe deturpación económica a que é sometido o povo salvadoreño. Míntense os centos de millóns de dólares facilitados en armamento anti-guerrilla do que se dotou aos fascistas do maior D'Abuissou. Cruel hipocresía, que podemos estender aos outros países do área centroamericana: Honduras, Guatemala,... e tantas outras zonas do mundo.

No Líbano aínda borbulla o sangue a ríos. Os datos, incertos pero abondosos: 10.000 mortos, 15.000 feridos, 600.000 seres humanos sen casa e sen nada. Que se di moi velozmente, como as ráfagas empeñadas no xenocidio. Os responsábeis ante a humanidade: o imperialismo na súa máis oprobiosa encarna-

ción, os ianquis. O de menos é a man directamente executora —os macabros Haig, Reagan ou Beguin—, só non funcionarios dunha engranaxe moito máis complexa que trascende dos nomes propios. Pero a súa linguaxe é, cando menos, escalofriante. "Operación de limpeza", "Paz para Galilea" "eliminación de terroristas" "acabar coas bolsas de palestinos". Estes son termos directamente enviados desde o Pentágono, a cruz gamada da nosa era.

Pero xa podemos estar tranquilos; reúnese o Concello de Salvación Nacional (sen a alianza das organizacións de esquerda, prisioneira do invasor israeli), cos cañóns apuntando a só 200 metros (pénseno ben, máis ou menos a diagonal da Praza do Obradoiro), e... o bálsamo universal: preparan as eleccións.

E nas Illas Malvinas xa se albiscou o futuro. Aferróllase o colonialismo británico, após da viaxe lóstrego do grupo máis proíanqui da Xunta Militar a Washington, e prepárase o incerto futuro político da Arxentina. ¿Quererán aplicar tamén aquí o aquí o linimento "democrático"?; quizais sexa —para o imperialismo a única saída, política, que non económica ou social—. O que é seguro é que a mecánica preparatoria dese proceso, co parello intento de borrar o pasado, xa empezou inmediatamente despois da rendición. O representante ianqui fala de que o seu obxectivo inmediato é "reconstruír a nosa influencia na Arxentina e en toda Latinoamérica". Para eles non pasou nada; primeiro facilitan a sofisticada tecnoloxía para matalos, despois seguen amigados. A esperanza tamén se albisca nesas primeiras horas cando o povo arxentino sae á rua despois de 6 anos de silencio homicida.

Mentras tanto hai que seguer a empregar o mellor veneno da opresión: o esquecemento. Non pasou nada, e se pasou ninguén o vai lembrar. Aos povos quizais non lle quede nada (lembre-mos que as dúas operacións dos xenocidas no Vietnam e Neca-rágu foron as mesmas: terra queimada, matar todos os resor-tes do desenrolo e do futuro. Asasinatos masivos de xóvenes e de técnicos.); pero precisan gardar a memoria, o tesouro do seu destiño, a chave da creación. Recén, daquela, xa donos do mundo.

Nestes días, nos que os ventos do mundo veñen preñados de sangue, compre pararse un momento diante do espanto cotidiano, e preguntármonos: ¿cál é a vitoria máis grande do opresor sobre o oprimido?, ¿cál é a fazaña asasinosa que tenta consumir a cada instante?: ocultar a verdade, falsear a información e conquistar a última trincheira dos povos: a memoria.

Para quen vivimos nunha sociedade onde se quere tachar do mapa, coa sutilidade e coa violencia, as nosas señas de identidade, quizais o máis manipulado sexa a historia. Os cimentos da nosa personalidade colectiva, os alicerces do noso presente e, o que é máis importante, do noso futuro.

Pois ben, as convulsións que moven ao mundo, aínda que só sexa fixándose nas enganosas portadas dos periódicos, serven ben para fixar a nosa atención. Lembremos, lembremos que é moi importante: O Salvador, o Líbano e os palestinos, e máis as Illas Malvinas. Detrás destes tres nomes agáchase o resumen da historia recente do mundo. Todo canto hai que saber para se empeñar en mudarlle a cara.

## da terra e do mar

Semana Verde de Silleda

## O povo paga, UCD aproveítase

Alguén pode pensar que a "Semana Verde de Silleda" foi unha iniciativa oficial. Outros crerán que foi cousa de UCD...

Pois non é así. Nen unha cousa nen outra, por máis que ano tras ano uns e outros quixesen monopolizar os méritos e tratasen de levar os trunfos.

Como sempre, detrás dunha boa idea, dunha realización, sempre están os aproveitados e aquelas cousas que non están moi claras, ou tan claras para uns como escuras para outros.

Aquí, sen ánimo nen derrotista nen de crítica á "feira" en si, imos tratar de aclararlle ao lector algunhas cousas que a bon seguro descoñece desta realización e da zona na que se asenta.

Hai cinco anos, un grupo de persoas de Silleda decidiu realizar unha feira agrícola e gandeira nesta zona privilexiada nestes campos produtivos. Despois de varias reunións, elixiuse un comité presidido polo señor Moril Sánchez. Naceron tamén os sócios protectores desta feira que hoxe están sobre os noventa e que pagan unhas cuotas que van desce as cinco mil pesetas ás dez mil ou máis.

Empezaba a andaina da feira e desde un primeiro momento os prebostes da UCD galega fixeron acto de presenza, tanto á hora de inaugurar a feira, de repartir medallas, como de apuntarse os tantos da realización nas declaracións aos distintos medios de comunicación.

Pero o apoio, o lanzamento por parte dos dirixentes de UCD, co Alcalde de Silleda a cabeza non era tal, senón que por parte de algúns, sobre todo o señor Casaderrey que tiña medo que esta feira minimizase á de Fexdega de Vilagarcía, onde tantos intereses ten, se poñían trabas. Iso si, logo na inauguración aparecían todos, facendo gala das "axudas e subvencións" que deran.


Axudas que parecían ser cuantiosas polo bombo e plátallo cos que se anunciaban, pero que non chegaban para nada, véndose obrigados os sócios a pedir un crédito particular para poder celebrar a feira.

A OUTRA CARA,  
O AXUNTAMENTO

Na outra para da feira están, sen dúbida, o Axuntamento de Silleda, con maioría de UCD. O seu comportamento con respecto á feira e na defensa dos intereses do povo deixa moito que desexar.

O ano pasado gastou cincocentas mil pesetas en gastos de comida aos convidados a feira. Neste ano do 82 vains sobrepasar con creces xa que só ao primeiro día asistiron 150 persoas convidadas; por cada unha houbo que pagar dúas mil pesetas. E os convidados seguiron día tras día.

Pero o peor de todo é que



Tino Viz



Tino Viz

estes acordos non os tomou a Corporación nen se trataron en nengun pleno, senón que foi decisión unilateral do Alcalde, como fai sempre. Para non tratalos nen sequera se celebrou o pleno mensual correspondente, por máis que isto non sexa xa novo, pola frecuencia con que se repite a infracción das normas acordadas.

O AXUNTAMENTO PAGOU  
UN CABALO POR MANDATO  
DO GOBERNADOR

Pero se as comidas e demais agasallos os paga o Axuntamento, sen tomar acordo algun, aínda é peor o que pasou o ano pasado cun cabalo.

Resulta que na feira, como tamén este ano, había exposición de cabalos, entre outros animais.

Despois de rematarse a feira chegou unha factura ao

Axuntamento do propietario dun destes cabalos no que reclamaba duascenas mil pesetas afirmando que o cabalo lle morrera polas más instalacións da feira.

Seica nen sequera se molestou a acompañar a súa petición de indemnización cunha acta de defunción do equino ou algo semellante.

Nun principio, os concellais, sobretudo os da oposición, negáronse a facer efectivo dito importe, por "non saber se o cabalo estaba vivo ou morto ou que fora o que lle pasara".

Pero máis tarde a factura foi pagada xa que segundo o Alcalde "era orde do Gobernador", afirmación que foi feita no pleno.

## COUSA DE COMPETENCIAS

Aquí nada parece estar ben

no seu sitio, xa que o Axuntamento non toma cartas nos asuntos que ten que facelo e o Presidente da Feira tomou noutros que non lle corresponden. Todo un baile.

Tal foi o caso da carta que o citado presidente lle dirixiu aos empresarios hosteleiros da vila para que non subisen os prezos durante a feira. Non ten nengunha competencia no asunto, pero facer fíxoo. O Alcalde, que ten competencias, o Gobernador, que ten máis, non dixeron nada.

Onde si ten competencias a comisión organizadora é nos prezos que rixen nos establecementos que se sitúan fóra do recinto feiral e onde se pode comer polbo, carne, beber viño ou outra bebida.

Os prezos son desorbitados, Cincuenta pesetas por unha cerveza, ou mil cincuenta pesetas por dous cachós de carne

cocida, non chegaba aos cen gramos cada unha, dous anacos pequenos, non chegaban aos vinte gramos de pan, e gres cartos de litro de imitación de Ribeiro (vexan factura).

A comisión afirma que é imposible controlar estes establecementos "xa que a nós nos coñecen". Pero o certo é que tampouco nos preguntaron sequera cál foi o establecemento que nos meteu o "clavo".

Os establecementos do ramo de bebidas e comidas protestan por estes postos, e os propietarios dos "chiringuitos" ambulantes din que a comisión lles obriga a estipular estes prezos "xa que nos cobran a dúas mil pesetas metro lineal, polo que, se queremos gañar algo, temos que cobrar eses prezos".

## MAIS CRITICAS

Tamén se critica aos organizadores os cartos que gastan en grupos folclóricos, "que moi ben poderían pagar outros organismos, como fixeron antes".

Pero os problemas por este capítulo non son novos. Hai anos houbo unha viva polémica porque á organización da feira non se lle ocorreu outra cousa que facer unha verbena no campo de fútbol, cobrando pola entrada, até aos gandeiros que estaban na feira e que concurrían a ela sen cobrar nada.

## A POLITIZACION DA FEIRA

A organización está a dicir desde sempre que non quere politizar a feira. A realidade é moi outra. Xa desde o primeiro momento, fíxose bastión propagandístico de UCD e dos sindicatos amarelos do campo.

Eles foron sempre os invitados exclusivos e ségueno sendo aínda hoxe, compartindo coa Xunta, claro. Aos demais grupos nen sequera unha invitación. Os gastos corren a cargo do Axuntamento, é dicir, do povo de Silleda.

E para aparentar que este Axuntamento inoperante fai algo (cando para recoller a basura de Sillera e Bandeira hai un tractor, "que tira máis basura da que recolle", "segundo afirmación do concellal Castelo, a fonte pública é un basureiro, está ás escuras...) trouxeron un coche da Estrada, non se fai nada sen o señor Durán, para pintar os bordillos das aceiras.

Para outras cousas non hai diñeiro, aínda que se gaste en representación dous millóns de pesetas, que este ano serán máis.



¿A educación especial un negocio?, ¿comercio cos deficientes non cerren os ollos nen pechen os seus ouvidos. Non é máis que pareza. A verdade simple e espida, por máis que se fale. Aquí comérciase con todo o comercio. Os grilóns máis febles da sociedade son un bocado apetitoso de caridade, filantropismo, beneficencias, altruismo e outras cousas case sempre, verbas menos bonitas aos ouvidos, pero máis acoirazadas nos negocios persoais, carreira para cargos máis altos, forma de vida. Os deficientes, as persoas disminuídas, pero persoas, pouco interesadas en que vivimos, aquelas que non poden competir en igualdade de condicións, xerar plusvalía, non interesadas. O Coléxio San Francisco de Vigo é un claro exemplo, pero os rapaces de Saladino Cortizo, Príncipe Felipe, Carmen Polo, Castro Rizo, tamén diferencian moito.

San Francisco, toda unha

## O gran negocio da educación especial, ao des

E un centro dos que lle podemos chamar modelo —modelo, polo menos da sociedade na que vivimos.

Ten seis coziñas, pelucarias, piscina, cafetería, distintos obradoiros, amplos pátios axardinados, fornos para cocer o barro, un edificio con todo luxo de detalles, un director-xerente, crego e moi ben relacionado coas altas instancias, que chegan á raíña e unha xunta directiva no que está "o mellor de todo Vigo", múltiples donacións de "almas caritativas e filantrópicas", que tamén se aprestan a facer unha chea de campañas para sacar cartos, así como pases de modelos, merendas e outras cousas polo estilo, tan ao uso, onde a xusticia é substituída por "unha caridade sui generis".

Por ter, ten un bingo en propiedade e, jaínda por riba, o coléxio é gratuito!

Todo isto existe realmente,

por máis que mellor sería dicir que existe na teoría xa que a práctica e as consecuencias son moi outras.

### DA ILEGALIDADE AS DEFICIENCIAS

Un non sabe xa por onde empezar no que podía —debia— ser e non é, o Centro de Educación Especial San Francisco de Vigo. Pero por algun lado hai que facelo. Así que empezaremos a dicir que de grauíto nada, por máis que no "convénio entre o Ministerio de Educación e a Asociación Provincial de Educación e Traballo Especial "San Francisco (APETESFRA), para o funcionamento do centro non estatal de educación especial San Francisco", na cláusula sexta diga, que "o ensino que se imparte no centro a que se refire este convénio será totalmente grauíto".

Na práctica, aos alumnos có-

braselles tres mil pesetas por mes, polo que hai moitas familias que non poden pagar este estipendio e vense obrigadas a mandar aos fillos a un lugar moito máis lonxe (Pontevedra ou Santiago). Hai casos de familias en paro que así o demostran.

Pero na selección non está só o tema das tres mil pesetas, senón que se miran outras posibles aportacións da familia.

Logo entran tamén as recomendacións dos "benefactores" e, en gran medida, a ideoloxía política dos pais.

### SOBRAN PRAZAS E NON HAI RAPACES

Pero esta selección, ilegal, aínda é moito máis sangante cando sobran as prazas neste centro.

De cento sesenta e cinco prazas concertadas co Estado, para externos de Formación Profesional, só hai noventa cu-

bertas.

A dirección alega que non hai peticións, pero o certo é que o novo centro aberto en Samil está totalmente abarrotado, e que moitos dos rapaces de Vigo están en centros de fóra da cidade.

Tamén existen cuarenta prazas para internados, totalmente acondicionadas, por máis que o coléxio so teña catro alumnos internos. Ademais de todas as prazas libres, existen prazas ocupadas por alumnos que non asisten ao centro durante cursos consecutivos. Tal é o caso do irmán da Presidenta doña Concepción Fociños.

Aparte disto, está o horario no que se imparten as clases aos alumnos de EXB, totalmente irracional e contrario ao disposto polo Instituto de Educación Especial. Os rapaces entran as 3,30 e saen ás 8,30 contra toda lóxica e oposición do profesorado, xa que existen clases abondosas para acoller a estes alumnos en xornada partida. Así, diante da negativa de impór un horario racional, non é raro que se escoiten comentarios entre xente relacionada co centro, como o que segue: "todo é culpa dunhas cuantas familias que non queren outro horario, xa que pola mañá o rapaz durme, e pola tarde así vense libres de ir a onde queren; chegando á casa, outra pastilla e volta a dormir. Para moitas destas familias o disminuído non é máis que unha carga que hai que alixeirar".

### INSTALACIONES QUE NON FUNCIONAN

Xa dixemos nun principio que o Coléxio San Francisco ten unhas instalacións excepcionais. Instalacións que non funcionan.

Primeiramente nen se podía utilizar o patio central do coléxio xa que o director-xerente

alegaba "que se ensuxaba a estropearían as plantas" segundo manifestou nunha reunión cos profesores.

Así, aos rapaces, encerrados nas horas de recreo, cafetería, na coziña ou nun laboratorio.

Existían tamén mesmo futbolíns, cuxa utilización foi sendo pedida polo profesorado como meio para fortalecer a destreza dos escolinos. O rector-Xerente manifestou "que os alumnos trouxeran cartos se querían xogar. Agora o problema está arranxado".

A piscina só funciona un pequena porción de días ao ano.

Existen tamén no centro seis coziñas, das cales só unha estaba sendo utilizada pola comunidade de Religiosas. O profesorado pide unha das coziñas para prácticas do alumnado.

Otras peticións eran un tenda, a utilización dunha habitación, un invernadeiro e Nada.

### OS PROBLEMAS DE PERSOAL

Para empezar coa falta de persoal docente, hai que dicir que no centro non hai psicólogo. Estiveron algun tempo dúas persoas —ia vir a inspección e necesitábanas— pero non os deixaron facer nada.

Tampouco existían dossier sobre os alumnos. Admitían sen contar co profesorado non coñecían deles máis que o nome. Tiñano que adiviñando todo ao longo do curso.

Pero un dos aspectos máis polémicos é o referido ás educadoras. Segundo os módulos viventes no Instituto Nacional de Educación Especial, por cada quince alumnos, ten que existir unha coidadora.


En San Francisco non existe nen sequera unha. Esas funcións vense obrigadas a

# A NOSA TERRA

ESPECIAL FEXDEGA

## FEXDEGA

# 82



## Evolución e datos estadísticos

Para unha estadística definitiva da Feira vilagarciana, falta a publicación dos datos referentes aos anos que van do 1974 ao 1981, cousa que terá que facer de inmediato o Comité Executivo, xa que neste ano presente remata o segundo octenio, tempo que parece ser a guía esta-

dística que teñen.

Velaí, pois, unhas gráficas da evolución do número de expositores, firmas representadas e metros ocupados nos anos que van desde o comezo até 1974 e 1975, através das cales poden facerse unha idea da evolución de Fexdega desde que comezou até hoxe.

	I 1967	II 1968	III 1969	IV 1970	V 1971	VI 1972	VII 1973	VIII 1974
Expositores	87	174	305	316	309	329	303	335
Metros cuadrados ocupados en espácio aberto	15.900	38.000	70.000	70.000	70.000	71.000	71.000	79.000
Metros cuadrados ocupados en espácio cuberto	800	1.500	5.000	5.200	6.100	6.100	6.250	6.550
Firmas representadas	1.327	2.730	2.915	3.212	3.085	3.260	2.860	3.020
Volume de transaccións (En millóns de pesetas)	10	35	82	185	202	306	325	360



# A NOSA TERRA

**PUBLICIDADE**  
X. Fernández Puga  
M. Currás  
Dpto. Publicidade de  
A NOSA TERRA

**ILUSTRACIONES**  
Arquivo  
Colaboradores  
Fexdega

**DISTRIBUCION:**  
A NOSA TERRA, Dpto.  
comercial. Tif. 22 24 05

**MONTAXE**  
Xosé Lois Taboada  
Guillermo Gómez

**COORDINACION**  
Xan Carballa  
X. Currás

E unha publicación de  
Promocións Culturais  
Galegas  
PROCULGASA

# ¿Unha feira para Galiza?

CLARA REGO

A Feira de Vilagarcía ou, como se lle coñece agora, FEXDEGA (Feira-Exposición do Desenvolvemento de Galiza) ten no seu propio nome toda a partasia do tardo-franquismo, do opousdeísmo puro: O desenvolvemento de Galiza como meta.

Feira náda da man de dous axentes do Servizo de Extensión Agraria de Vilagarcía de Arousa, non tardou en caer na man dos círculos persoais que domeñan (e non dominan) a actividade económica arousana.

A conservadora FECA (Federación de empresarios da comarca de Arousa) ven ser a verdadeira ideóloga política ou mesmo económica de FEXDEGA, que naceu da man do franquismo como pantalla para o subdesenvolvemento galego. Era a situación economicamente colonial esquecida baixo o paripé dun gran recinto feiral.

Así naceu FEXDEGA, sob presupostos que os seus dirixentes confesan galeguistas no económico, como se unha economía poidera ser "galega" sen un estado de tal caste. Cando hai dependencia política que se move sob a influencia do obxectivo capitalista xeral e global do Estado, non pode haber un enfoque "galego" en manifestación algunha se non é para que haxa unha tapadeira do subdesenvolvemento.

## NUMEROS, ESPACIO

Non cabe dúbida de que a nivel de números o éxito da feira foi espectacular: pasar duns poucos expositores, case todos cunha só representación comercial e coa maior parte provenientes de Vilagarcía e a súa bisbarra a máis de 300 nas últimas edicións, ven dar unha mostra do aumento porcentual: o mil por cen en 15 anos. O que xa non é tan claro en positivo son os beneficios económicos: no 1977, as vendas derivadas de contratos feitos na Feira sumaron 10 millóns de pesetas (cantidade ridícula a todas luces). Oito anos despois, no 1974, as vendas chegaban até os 360 millóns de pesetas que significaba un aumento porcentual do 3.600 por cento, verdadeira barbaridade económica visto de onde se queira. A relación 1970-1974 (IV-V III edicións) xa é algo máis normal, xa que acadou un 100 por cento escaso.

Con todo, a feira, o seu emplazamento re-



vela a mentalidade colonial económica coa que foi montada: quince anos despois aínda non ten emplazamento nen recingo propios. E non só iso, até unhas horas antes da inauguración están os obreiros montando ladrillos, facendo masa, reenchendo os ocos da terra porque hai que ampliar este ano, dando os últimos toques de pintura, colocando as últimas bandeiras. Pero de 100.000 metros cuadrados son ocupados por 360 expositores que representan a unhas 3.400 firmas comerciais diferentes, xa que a maior parte deles son minifundistas na distribución e tanto venden foudiñas automáticas como ordeñadoras de man ou cántaras para o leite.

## PARA QUEN SON OS BENEFICIOS

Moito ten falado o Comité Executivo da

Feira dos beneficios que para o povo galego ten tal evento. Realmente, é celebrada en territorio galego e a maior parte dos expositores son deste país, pero o beneficio real é tan ínfimamente pequeno que un volumen de vendas en recinto que non chega aos 500 millóns, significa que a cada firma non lle tocan máis de 150.000 pesetas. O caso é dar cifras e se sae mal, falar das vendas a posteriori e dos beneficios inducidos ou mesmo do mercado potencial que se crea, das transferencias de tecnoloxía ou de coñecimentos. Pouca cousa é nunha Feira-Exposición onde non se celebran seminarios, nen charlas (para os que venden ou para os que mercan, que tanto ten) e si moitos viños "españóis" e misas como se isto último fora parte necesaria ou consustancial da celebración.

En fin, en tanto movemento de xente que visita FEXDEGA, nunha relación increíbel polo xigantesca entre visitante curioso e visitante profesional ou comercial (pode rondar a de cen visitantes turistas por cada un profesional) non é de extrañar a opinión de certos meios que din que a Feira é máis ben unha montaxe política teledirixida que un evento comercio-industrial.

Os beneficiados serían todos aqueles que figuran desde o comezo da súa historia na década dos 60 e rixen e gobernan os seus destinos. A xente vinculada a AP, ex-alcaldes franquistas, algúns empresarios que ven en FEXDEGA unha boa plataforma para aparecer na prensa e ter *chance* para un posto nas próximas listas eleitorais, contrastan fortemente co traballo dalgúns por darlle pulo e valor real. Así, non cabe dúbida de que a idea de adicar este ano ás enerxías alternativas xa non só é revolucionaria senón fora do comun polo raro e marxinal, se se quere, do tema central. A soia posibilidade de que unha empresa adicada a estes menesteres da enerxía alternativa poida ter unha expresión maioritaria nun recinto feiral é unha sinal de que algo cambiou.

## ¿UNHA FEIRA PARA GALIZA?

Con todo, ver no índice de anunciantes a relación das confiterías ou pastelerías que participan, xunto coas empresas de caramelos, as familiares que fabrican xabón ou as que venden libros extranxeiros, da unha connotación de terciomundismo bestial.

O caso é encher o recinto e que os números medren ano tras ano, aínda que sexa a costa da calidade da exposición que ten un nome que indica todo: *desenvolvemento de Galiza*. Así non vai habelo, claro, pero moitos van ficar moi contentos mentras os nenos consumen cocalas ou cervezas nos stands de degustación gratuita ou levan para a súa casa unha bolsiña de galletas que lle deron a papá nunha das castas.

O resto, o desenvolvemento da Galiza é marxinal. Quizais se consiga, a través da Feira, que catro labregos monten invernaderos ou que se mellore a calidade do millo sementado nalgunhas leiras. Pero o problema económico de fondo para o desenvolvemento galego, o colonialismo económico, así non vai ser eliminado.

LEVAMOLO A ESTES DESTINOS

**BUENOS AIRES**

CARACAS - MEXICO

- |                    |                    |
|--------------------|--------------------|
| *RIO DE JANEIRO    | *SANTIAGO DE CHILE |
| *SALVADOR DE BAHIA | *LIMA              |
| *ASUNCION          | *STO. DOMINGO      |
| *SAO PAULO         | *PUERTO RICO       |
| *MONTEVIDEO        | *BOGOTA            |

Saídas semanais garantidas a prezos familiares



AGENCIA DE VIAJES - G.A.T. 275  
Hórreo 5, 1º - SANTIAGO  
Teléfono 58 59 00

**CONSULTE A SUA AXENCIA DE VIAJES**

Este espazo publicitario está á súa disposición en todos os momentos. Anunciando o seu produto no único periódico galego pon a información da súa empresa nas mans de milleiros de galegos que, como vostede, len A NOSA TERRA Non pense que lle vai custar moito diñeiro non comprobe a nosa eficacia, sorpréndase chamándonos ao teléfono 22 24 05 de Vigo. Non espere un día máis

De leña e carbón

**Chimeneas - cocinas DEVILLE**



### CHIMENEAS

- Sen obras de albañaría
- Totalmente acabadas
- De leña ou carbón
- Calefacción até 100 m²
- Lume continuo até 14 horas
- Control de potencia por termostato
- Barbacoa incorporada
- Partes visibéis en fundición de ferro
- Paramuxicas en Vidrio PIREX escamoteábel
- Instalación en 2 horas.

### COCINAS

- De leña ou carbón
- Variedade de modelos: NORMAIS, CALÉFACTORAS, ETC.
- Exterior de aceiro esmaltado
- Lume continuo até 12 horas
- Sen obras de albañaría
- Deseño moderno e funcional.

**C.V.C.C., S. A.**  
C/ Almirante Mourelle, 45, bajo.  
Telfs. 269412-18 A CORUÑA

## Energías alternativas: presente dunha realidade

Se a primeira revolución industrial aparece coa máquina de vapor, a segunda revolución ven co uso industrial da electricidade, forma universal de enerxía que se pode converter en mecánica, calorífica e lumínica. Durante este período da Historia aparecen as redes eléctricas centralizadas, con centros de produción potentes e liñas de transmisión que tentan chegar a todos os sitios.

A terceira revolución industrial caracterízase pola aparición da intelixencia electrónica e a conciencia da escasez: todo se esgota menos o sol...

En plena revolución electrónica, os homes miran cara o sol. O sol proporciona luz e calor, provoca os ventos e as chuvas, e impulsa os procesos vitais:

O calor do sol usa-se para aquecer auga: incidindo sen concentrar sobre paneis, fai subir a temperatura da auga de uso doméstico; concentrado, vaporiza fluídos que moven turbinas en centrais eléctricas. A luz do sol converte-se directamente en enerxía eléctrica polo proceso foto-voltaico. Os "moíños da luz" dos ríos, abandonados por dificultades de mantemento, voltan a ser explotados con control electrónico. Os moíños de vento aparecen con novas formas aerodinámicas, aplicados á produción de enerxía eléctrica. Os estercos, sobranceiros orgánicos de fábrica e detritos urbanos procesan-se para producir metano, "biogás":

As vellas enerxías recuperan-se, e chamanse-lles novas enerxías, enerxías alternativas e enerxías renovábeis...


Unha vez que as enerxías alternativas empezan a ser realidade, pode-se pensar en redes alternativas ou descentralizadas, con pequenos centros de produción combinada e mallas de distribución reducidas. A razón pola cal estas redes foran abandonadas, a baixa calidade de corrente, hoxe está superada co control electrónico da produción e distribución.

A integración de todas as enerxías nun conxunto estatal conduce á necesidade de intercambio entre redes centralizadas e redes descentralizadas. Impón-se a conexión en paralelo das distintas redes. En España, a Lei de Conservación da Enerxía (82/80, B.O.E. de 27/1/81) define a figura do auto-xerador: usuario que ten o seu propio medio de produción de enerxía (82/80, B.O.E. de 27/1/81) define a figura do auto-xerador: usuario que ten o seu propio medio de produción de enerxía conectado en paralelo coa rede xeral. De acordo coa lei, o autoxerador pode devolver á rede a enerxía que lle sobre e a rede ten que suministrar enerxía ao auto-xerador cando a necesite. Cando devolva á rede, ésta terá-lle que pagar entre un 40 e un 50 por cento do prezo da tarifa de compra.

Visto así, comprende-se que a mellor economía é a do mínimo intercambio, polo que se impón o uso de sistemas de control electrónico para optimizar a relación entre xeración, consumo, acumulación e intercambio coa rede.

### Captación e conversión:

O sol, como fonte de luz.— Manifesta-se con ciclos diarios e estacional, de maneira imprevisíbel na súa intensidade (pola presenza ou ausencia de nubes). Capta-se con células fotovoltaicas, que fan unha conversión da luz en enerxía eléctrica, proporcional á iluminación. A luz non se pode acumular: hai que acumular, portanto, a enerxía eléctrica cando non se consume ou se devolve á rede.



O sol, como fonte de calor.— Ten as mesmas características. As centrais solares de concentración converten o calor, por meio do vapor, en enerxía eléctrica alterna con potencias importantes.

O vento.— Caracterízase por ser imprevisíbel e moi variábel. Capta-se con turbinas acopladas a dínamos ou alternadores. A potencia eléctrica producida regula-se para ser proporcional á velocidade do vento. Os sobranceiros de enerxía poden-se acumular, ou non, dependendo da súa cantidade.

As correntes de auga.— Teñen un ciclo estacional. A captación realiza-se con turbina e alternador. Permiten a acumulación dentro dos límites do embalse de auga.

O biogás.— Pode-se conseguir unha produción uniforme de metano regulando a entrada de esterco no tanque de fermentación. A enerxía calorífica consegue-se queimando o metano. A enerxía eléctrica prodúcese cun motor de explosión acoplado a un alternador (grupo electrógeno). O sistema permite a acumulación dentro dos límites do depósito de gas...

### O caso galego:

Galicia, é un país privilexiado para o aproveitamento das enerxías alternativas. Dunha parte están a abundancia de regatos, os altos reximes de ventos e o importante número de explotacións gandeiras, sen que podamos esquecer o sol nalgúns partes do país. E por outra parte está a nosa poboación espallada, pequenos grupos de vivendas rurais e casas illadas que tanto se beneficiarían das redes descentralizadas.

Co control electrónico poden-se botar a andar moitos "moíños da luz" abandonados, e realizar novas explotacións hidráulicas de pequena potencia. Os ventos, que perden forza desde a costa seguindo paralelas á liña estaca de Bares-Fisterra, manifestan-se sen embargo con forza nos cumes do interior onde se poden montar "parques eólicos". Explotacións gandeiras hai por todo o país. E o sol, do Ulla para abaixo, ten potencia suficiente como para o viño criar-se.

O futuro das enerxías alternativas en Galicia ven forzado pola necesidade dunha vida moderna, cómoda, no ambiente rural: a AUTARQUÍA ENERXÉTICA DE CASAS, GRANXAS E ALDEAS pode-se conseguir se a administración, as entidades financeiras e a industria galega cumpren co seu deber:

O impulso á agricultura e á industria obriga á Administración Rexional a legislar a favor das enerxías alternativas e realizar un labor de coordinación. E o aumento da exportación de sobranceiros enerxéticos, aumentando proporcionalmente os cobros en función do cánon, obriga ás Deputacións a financiar experiencias de demostración.

As entidades financeiras, sobre todo caixas de aforro e rurais, teñen que dispor liñas de créditos en función do aforro producido cos sistemas alternativos.

A industria galega ten que esforzar-se en producir os equipos que o mercado galego demanda, con vistas a dominar tecnoloxías que se podan exportar...


Unha responsabilidade de todos é a realización de mapas de recursos (hidráulicos, eólicos, solares), a súa documentación e explotación: para administrar-se, un país ten que coñecer as súas posibilidades.

GALICIA  
Dpto. Enerxías Alternativas



# NOS CREMOS NA ELECTRONICA GALEGA: ESTAMO-LA FACENDO


500	<b>CON:</b>	<p>IT.100.— Termómetro de precisión, con indicación analógica y dixital.</p> <p>GCE.1.—Programador anual de medida de enerxia eléctrica.</p> <p>GAT/GAI.—Convertidores de medida de tensión e de corrente.</p> <p>ET. VERSAMATIC.—Sistema exanguinotransfusor automático.</p> <p>GTE.1.—Sistema de electro encéfalo-telemetría.</p> <p>GPA.1.—Microcomputador de aplicación en meteoroloxía.</p> <p>GSS.1.—Transmisor dixital codificado para Policía e Forzas Armadas.</p> <p>GES.1.—Sistema de alimentación autónoma solar-eólica para repetidores de R.T.V.</p>	<b>PARA:</b>	<p>BARRERAS-DEUTZ (Vigo)</p> <p>TAFISA (Pontevedra)</p> <p>TRADEMA (Betanzos - A Coruña)</p> <p>CEMENTOS OURAL (Sarria - Lugo)</p> <p>FORESA (Vilagarcía-Pontevedra)</p> <p>EXMINESA-(Pedrafita-Lugo)</p> <p>ALUMINIO ESPAÑOL S.A. (San Cibrán-Lugo)</p> <p>GRAFITOS ELECTRICOS DEL NOROESTE, S.A. (A Grela-A Coruña)</p> <p>RIO TINTO MINERA, S.A. (Touro-Santiago)</p> <p>ELECTROQUIMICA DEL NOROESTE, S.A. (Pontevedra)</p> <p>TABLICIA (Lugo)</p> <p>UNION CARBIDE NAVARRA, S.A. (Ororbia-Pamplona)</p> <p>RIO TINTO MINERA, S.A. (Huelva)</p> <p>LA MONTAÑESA, S.A. (Zaragoza)</p> <p>FINSA - FINANCIERA MADERERA, S.A. (Factoría de Santiago)</p> <p>FINSA - FINANCIERA MADERERA, S.A. (Factoría de Pontecesures)</p> <p>FINSA - OREMBER, S.A. (Factoría de Ourense)</p> <p>CIA. LA CRUZ, S.A. (Linares - Jaén)</p> <p>ERTISA (Palos - Huelva)</p> <p>CELULOSA DE ASTURIAS, S.A. (Navia - Asturias)</p> <p>AICASA CAÑADA INGENIEROS, S.A. (Segovia)</p> <p>HOSPITAL PSIQUIATRICO DE CONXO</p> <p>TROLEBUSES CORUZA-CARBALLO</p> <p>ISOLUX GALICIA, S.A. (Vigo-Pontevedra)</p> <p>ISOLUX GALICIA, S.A. (A Coruña)</p> <p>DELTA ELECTRICA VALENCIANA (Valencia)</p> <p>CIA. TELEFONICA NACIONAL DE ESPAÑA (Vigo-Pontevedra)</p> <p>SERFITASA (Vigo-Pontevedra)</p> <p>CITROEN HISPANIA, S.A. (Vigo-Pontevedra)</p> <p>OLEAGINOSAS ESPAÑOLAS, S.A. (Barcelona)</p> <p>CPC ESPAÑA (Martorell-Barcelona)</p> <p>CELESAT (Bilbao)</p> <p>GUREOLA SCOTT S.A. (Salamanca)</p>
400				
300				
200				
100				



A. ACO



Galega de Electrónica, Instrumentos y Comunicaciones, s.a.  
URBANIZACION SOTO - Calle B Núm. 24 - Teléfono: (981) 28 87 66 - LA CORUÑA



GALAICO ELECTRONICA, S.A.  
c/. INDUSTRIAL, 15  
TELEFONOS: 28 60 33/24 63 22  
A CORUÑA

**Merque sen problemas  
de diñeiro**



**Credito Familiar**

**Caixa de Aforros Provincial**

*Caixa Amiga*

Pontevedra

**Un ano mais a Caixa de  
Aforros Provincial  
presente na feira de  
Vilagarcia**



VILAGARCIA.— Novamente a Caixa de Aforros Provincial está presente neste exercicio en FEXDEGA para colaborar coa feira na transacción e movemento económico diario de expositores e visitantes. Todos os servizos financeiros da entidade atenderon aos seus clientes con axilidade e esmero.

Un servizo que chama poderosamente a atención no stand da "Caixa amiga", sé o popular Crédito Familiar, que ven facilitar as compras

do fogar, pagando ao contado ao comercio e en cómodos prazos á institución.

Presenta igualmente a súa expansión pola zona de Vigo, coa apertura de tres oficinas na cidade olívica que ven reafirmar a súa condición de verdadeira Caixa Provincial. Felicitamos aos dirixentes da entidade por estas magníficas instalacións, así como pola fluidez que cos seus servizos imprime a FEXDEGA-82, colaborando ao desenvolvemento de Vilagarcia, e a provincia.

**FENWICK**

**AS CARRETILLAS ELEVADORAS  
EN GALIZA**




Asegurámoslle a venda de pezas de recambio, as reparacións de urxencia no lugar de traballo, as reparacións e revisións no seu taller e as visitas periódicas de mantemento

OURENSE: (988) 22 70 36/22 51 39, VIGO: 23 25 04 /23 25 05 | CORUÑA: (981) 26 24 93/23 50 62/ 23 13 15, LUGO: (982) 54 31 64



**POTAIN** é a grua  
por iso triunfou  
espectacularmente

AREA GALIZA  
PASEO DE RONDA, AV. 1.º C  
TELEFONOS 981 - 27 06 68 - 11  
A CORUÑA



**POTAIN**

## A pequena história da Feira de Vilagarcia

### Programa de actos

Se ben FEXDEGA non é unha feira como a de Silleda, por citar un exemplo, na que todos os días están ocupados con "días de" e actos varios ou recepcións, este ano están previstos varios acontecementos de engalanamento e actividades complementarias.

#### DÍA 26

Ao día seguinte da inauguración, que terá lugar o venres 25, celebrarase o "Día do ama da casa", organizado polo Comité da Feira e a Asociación de Amas de Casa "O noso lar", de Vilagarcia. Neste día está compendiada unha recepción na Porta Principal do recinto feiral, unha misa, un recorrido polo recinto, un concurso degustación de platos nacionais, aos que van ser otorgados premios e agasallos donados polas firmas representadas en FEXDEGA; un viño ofrecido por "O noso lar" as súas asociadas e ao Comité Executivo da Feira.

#### DÍA 27

O domingo 27, principal, con moito e polo Afluencia de visitantes, día de Feira, terá lugar o día "dos axentes comerciais", con recepción correspondente, unha misa, a visita ao recinto, o viño, ofrecido por FEXDEGA, coa imposición da medalla de prata ao Presidente do Coléxio de Axentes Comerciais de Pontevedra, Francisco Otero Lores. Por fin, ás dúas e media, almorzo de confraternidade.

#### DÍA 28

O luns tócanos aos meios de información estar de "día", e a única diferenza con respecto aos outros días en canto aos actos que se levan a cabo vai ser o fallo do correspondente concurso de periodismo FEXDEGA-82.

#### DÍA 2

Dous días antes de pechar a feira até un novo ano, terá lugar o "Día das Cámaras galegas", no que se conmemorará a dedicación que a esta feira veñen facendo as Cámaras Galegas de Comercio, Industria e Navegación. Naturalmente, os actos son paralelos aos anteriores e ao final vai celebrarse unha roda de prensa.

Son con esta 16 veces que o recinto "provisório" da Feira de Vilagarcia abre as portas para visitantes, industriais e expositores. Dezaseis veces en que, ano a ano, foron dedicando cada feira a unha cousa, a un aspecto, a un sector comercial diferente.

FEXDEGA, que non naceu como tal, senón máis ben como feira para promocionar os produtos agrarios, marisqueiros ou mesmo conserveiros da bisbarra arousana, que son básicos aló. A idea surtiu na Axencia de Extensión Agraria, conectando con persoas da vila arousana maior, tales como Gumerindo Rodríguez Eirea, actual presidente executivo ou Adolfo Puceiro ou mesmo o ex-alcalde Vitoriano Piñeiro Acosta.

Porén, a primeira exposición tivo de todo (as circunstancias mandaban) e houbo expositores de todos os sectores, non só do agrario ou marisqueiro. Mesmo houbo xente de fóra de Galiza que trouxeron os seus produtos á exposición. No segundo ano tivo un plantexamento semellante e foi no terceiro (1969) cando comezou a chamarse FEXDEGA precisamente.

Segundo o presidente do Comité Executivo, Rodríguez Eirea, a feira naceu con senso educativo e dela partiron os primeiros túneis de cultivo agrarios, as primeiras plantacións de fresas, as primeiras plantacións racionais de albariño, cun novo postea-



mento, as de froles en senso industrial, a estabulación racional e mesmo os estabulos prefabricados. Aínda que aponten o logro do pulo da importación do gando alleo, quizais isto sexa un problema e non unha cousa boa, polo deterioro da raza rúbia galega que conleva.

Apontaba tamén Rodríguez Eirea que a feira xa ten trasgada a fronteira galega e ten presenza habitual na Feira de Braga, cos correspondentes intercambios, mesmo de técnica de inseminación artificial ou vendas de muíños fariñeiros familiares.

Enfin, a pretensión confesada da feira vilagarciana é a de regularizar determinados sectores. Por exemplo, xa no primeiro ano houbo exposición de nova maquinaria de serra para os arcaicos aserra-

deiros galegos.

#### A FINANCIACION PARA O CLIENTE

Un dos obxectivos da feira, segundo manifestacións da persoa citada, era mostrar aos posibles e potenciais clientes non só os produtos que poidesen mercar, senón as vías de financiación para non cair nas clásicas de poucos meses con altos intereses, amosándolles os camiños dos bancos oficiais ou das Caixas de Aforros.

"Esta é a verdadeira base da nosa filosofía. E tamén o apoio ás empresas en dificultades que quixeran expor en FEXDEGA, xa que non lles cobramos nada, do mesmo xeito que damos facilidades para as novas empresas que queiran ver a reacción dos clientes cun produto novo ou

novedoso. Por falta de cartos non deixou nengun galego, só galego, de vir á feira a expoñer".

A feira comezou no ano 1976 con 39 expositores en total, ocupando 15.900 metros cuadrados, para chegar a 335 expositores no 1974 (79.000 metros cuadrados) e a 352 expositores neste ano, con máis de 3.000 firmas representadas. O volume de transaccións efectuadas, cun espectacular aumento desde 1966 a 1974, mantense hoxe nunha tónica de estabilidade con lixeiro aumento.

"A nosa ilusión é que o Goberno Galego faga un estudo sobre as necesidades de crear Feiras-Exposicións en Galiza, da súa situación idónea, da súa cantidade, a caste e as datas ideais", dicíanos Rodríguez Eirea. Mesmo afirmou que quizais para este verán estea o estudo feito e para o 1983 estea funcionando. Ao fin e ao cabo, unha das "competencias" do Estatuto é isto das feiras.

O tema central deste ano é o das enerxías alternativas, coa presenza nos stands dunha firma galega; Gaélico, que será a encargada do peso desta edición. Vai presentar estudos e aparatos de mini-centrais hidráulicas, parques eólicos, instalacións de biogas e inntalacións de enerxía solar.

Unha novidade vai ser a montaxe dun stand de información ao consumidor.

Enfin, unha nova edición de FEXDEGA, que pode seguir en anos sucesivos.



"A CAIXA" ten oficina no recinto da

## Feira de VILAGARCIA

para servir aos seus clientes en toda clase de operacións



Caixa de Aforros Municipal de Vigo

CEN ANOS SERVINDO A PROVINCIA

# A NOSA TERRA

## Feiras e mercados periódicos de Galiza: tradición e modernización



Xaime García-Lomberdo e Viñas

Unha das condicións esenciais que exige o desenvolvemento do capitalismo na súa etapa de consolidación, é a *ampliación* e o *artellamento* do mercado. *Ampliación* do mercado pódese definir como a tendencia de que unha parte cada vez máis importante da produción (global) de mercancías teña como destino a compra, venda ou empréstimo nun mercado progresivamente máis amplo. A man de obra, como unha mercancia máis, forma parte, claro é, desta ampliación, entrando no proceso mediante unha especialización crecente en actividades produtivas. Por *artellamento* do mercado quérese significar a creación de medios (fundamentalmente, comunicacións e información) que permitan que as diferencias entre os prezos das mercancías (e do salario como prezo da mercancia traballo) obedezan a criterios de localización (custes de transporte, transmisión de información, especialización da man de obra) na unidade xeográfica que se configura como mercado (xeralmente unha unidade política), e non sexa o resultado de penurias, pouquedades e estreitezas estacionais e localizadas de mercancías e servísios. A consecuencia é que o problema que plantexa o artellamento das variábeis que compoñen a estrutura dun mercado deste xeito definido, e o seu papel na formación e consolidación da sociedade capitalista, foi merecente dunha cotián preocupación por todos aqueles que afrontan temas relacionados co nacemento das sociedades industrializadas.

Emporiso, cando se fala de "mercado", sen adxectivos, moita xente identifica o vocábulo con lugar reducido onde se realizan transaccións de produtos e servísios, sen pararse a pensar no xeito, modo e estrutura das mesmas. Na miña opinión, a función que desempeñaba unha feira ou mercado local nunha economía de signo tradicional-feudal, como a galega do século XVIII, é radicalmente distinta á que se atribue, hoxe, ás grandes concentracións de mercancías en exposicións, feiras e mercados de distribución. Vexamos cales son os criterios esenciais que permiten diferenciar as feiras de outrora e as de hoxe.

### FEIRAS E MERCADOS NA ECONOMIA TRADICIONAL DE GALIZA

Por economía tradicional veño a significar aquela na que a finalidade da produción de bens económicos non é a venda no mercado. Na Galiza do século XVIII, e boa parte do XIX, presentábanse uns problemas económicos e sociais que fan pensar na persistencia de formas tradicionais de produción e distribución que non sufriron as mudanzas necesarias e, pola súa causa, impedían o desenvolvemento en plenitude dunha sociedade capitalista. Esta estrutura económica tradicional, estaba influída por unhas relacións sociais que canalizaban o excedente produtivo, cuxa orixe estaba no esforzo do campesiñado, cara a sectores sociais "improdutivos" (clero, nobreza, outros rentistas e a facenda réxia) mediante mecanismos coercitivos de extracción (diezmos, dereitos señoriais, renda da terra, e tributos). O campesiño vivía, pois, ao límite da subsistencia, mediante un sistema de policultivo, que lle facía acudir ao mercado só como meio de acadar aqueles produtos necesarios para a supervivencia que non foran producidos por el, ou para endebedarse cos prestadores nas épocas de estreiteza. O gran número de feiras e mercados que se celebraban anualmente en Galiza (máis de 5.000 no século XVIII) constitúe un indicador da pouca importancia do volume de transaccións en cada un deles e do reducido das súas respectivas áreas de influencia que, como moito, convertíanos en mercados comarcais. Este alto grado de autarquía mantívose astra que as esixencias impostas pola penetración do capitalismo en Galiza, fixeron que o campesiñado tivera que acudir, en parte, á especialización na produción de certo tipo de mercancías (gando vacuno e viño, entre outras) que se destinaban, de xeito crecente, ao mercado co obxecto de obter o numerario suficiente co que facer fronte aos pagos en diñeiro que lles esixía a nova ordenación económica imposta a nivel de estado polos gobernos liberais do século XIX. Con anterioridade a que este proceso de transformación se deixase sentir, as feiras e os mercados tradicionais de Galiza respondían, pois, ao tipo de organización feudal da produción e servían, fundamentalmente, para que as clases privilexiadas e a facenda poideran obter as súas rendas e tributos con maior eficacia, ao mesmo tempo que vender ou emprestar os bens materiais obtidos con eses procedementos, para reproducir o modelo produtivo que lles permitía continuar coa extracción do excedente agrario no seu propio beneficio.



### O TRANSITO AS RELACIONES DE MERCADO

As medidas adoptadas polos gobernos liberais do século XIX (desamortización, reforma tributaria, ferrocarril, etc.) ao penetrar e impoñerse en Galiza esixían do campesiñado galego ben a muda total das súas estruturas produtivas (cosa que non aconteceu debido á peculiaridade da desamortización e do desvenellamento de patrimonios), ou dedicar algunha das súas actividades á produción de mercancías especializadas e vendíbeis. Así, mentras no antigo réxime os campesiños facían en especie cáseque a totalidade dos pagos de rendas e tributos e non necesitaban ter cantidades substanciais de diñeiro efectivo, ao impoñerse a reforma tributaria liberal surxida da revolución burguesa, comézase a cobrar en moeda os pagos de tributos (os diezmos e as exaccións señoriais substituíense polos impostos da facenda). Como consecuencia, para que o campesiñado poidera pagar os impostos necesitaba ter un excedente comercializable de mercancías co que acudir ao mercado, vendelo e obter numerario. Neste senso, vai comezar a mudar, paseniñamente, a función e significado dun certo número de feiras e mercados de Galiza.

O cultivo do viño e a cria de gando vacuno, por poñer os exemplos máis evidentes, van servir á maior parte da produción rural, como actividades agrarias cuxo produto se vai converter nunha mercancia. A venda de viño para o fornecemento das cidades constituirá, no século XIX e parte do XX, a base económica para que o campesiñado daquelas comarcas de produción vinícola poidan facer fronte aos tributos e cárgas do Estado sen renunciar, totalmente, ao seu sistema de policultivo minifundista. Máis evidente aínda é o caso do gando vacuno onde podemos ver cómo algunhas zonas concretas chegaron ao extremo de especializarse na produción e cria dunha clase de gando vacuno, os *cebóns*, cuxa carne non se consumía en Galiza mais eran reses que, ao ter un mercado constituído por unha demanda foránea ampla, eran doadamente comercializables. A estampa do tratante de gando reunido *cebóns* para exportalos a Inglaterra ou Portugal polos portos e fronteiras galegas, presidía as feiras e mercados astra tempos ben recentes. Cando no 1882 os ingleses proibían a importación de gando galego, o sistema produtivo baseado na cria de *cebóns* entrou nunha fonda crise, xa que desaparecera o mercado. Foi unha etapa de cambio para as feiras e mercados de gando. Mais, apesar da perda do mercado inglés, a especialización gandeira de Galiza influenciada polas relacións de mercado estaba en marcha e, incluso, o sistema de produción agrícola dirixíase por este camiño. O cultivo, crecentemente máis estendido, de plantas forrageiras e a preocupación por melloralo, confirma esta tendencia.

Na primeira metade do século XX, as feiras e mercados de Galiza eran esenciais para canalizar os excedentes de gando cara os mercados cidadáns das zonas onde o sistema capitalista se encontraba plenamente implantado e demandaba cantidades crecentes de artigos alimenticios. As feiras e mercados periódicos especializados na comercialización de gando vacuno eran tan abundantes que no 1931 aínda se celebraban cerca de 4.900 anualmente, distribuídas así: CORUÑA 2.379, LUGO 623, OURENSE 504 e PONTEVEDRA 1.392. Pero a súa función tiña mudado, no senso de que agora servían para favorecer os intereses da burguesía industrial. O ferrocarril foi o meio que permitiu axilizar a comercialización da carne e o que contribuíu a acincar a penetración das relacións capitalistas desintegradoras da evolución interna do sistema galego de produción e distribución.

Este novo carácter das feiras e mercados, fica aínda moito máis resaltado nos últimos anos, principalmente apartir da década dos 1960, a medida que se acelera e amplía o proceso de especialización gandeira da produción agraria galega, o sometimento aos esquemas do sistema agro-industrial e a progresiva subordinación das directrices da política agraria aos dictames dos grandes centros de decisión industrial e a progresiva subordinación das directrices da política agraria aos dictames dos grandes centros de decisión industrial e financeira.

Xaime García-Lomberdo é catedrático de Historia na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago. Foi decano da mesma Facultade.

tais?... Si, non se sorprendan, realidade por triste e cruda que a recoñecela.

el. todo se pode disfarzar como as semellantes que agachan, realidade: evasión de impostos, onarse, trampolin político... será que, para a sociedade en condicións, que non poden xerar

uico pensen que é único; Saladino e Lea, "La Barcia"... non se

## mostra ducación berto

semrolalas o persoal encargado da limpeza, que en principio se negou, alegando que non daba feito os dous traballos. Logo, diante da ameaza de expedientes disciplinarios, tiveron que claudicar.

Tampouco existen logopedas e fisioterapeutas e moitos dos rapaces sobrepasan a idade establecida, chegando algúns aos trinta anos.

### AMEAZAS E CASTIGOS AO PROFESORADO

Nos quince anos de existencia do centro só hai dous profesores fixos, por máis que aos dous anos poida pasar calquera a esta situación. O Padre Ortiz, Director-Xerente e outras cousas, como veremos máis adiante, encárgase de que non acaden esta situación, xa que teme que lle planten frente e lles sexa máis difícil botalos despois.

Pero isto non e todo, xa que a Dirección Técnica (Padre Ortiz) foi enrarecendo, por dicilo dalgunha forma, as relacións co profesorado, criando un clima de tensión do que non estiveron exentos rumores, ameazas e cousas tan insólitas como a desaparición de cinceiros do centro, o cerre con tornillos das ventanas dalguns profesores fumadores porque —segundo manifestou o empregado do centro encargado de tal función— "el cumplía ordes de castigar aos profesores, xa que deixaban abertas as ventanas ao rematar as clases", o abrir-lles as cartas persoais aos profesores,...

A algúns profesores presionáuselles para que, se querían acceder a fixos, terían que firmar uns pliegos de condicións. Outros profesores, para poder abandonar o centro, tamén tiveron que firmar que se ían por propia vontade, por máis que non fose así e marchasen, como sucedeu un ano con to-

do o claustro, porque non podían aturar as condicións de traballo.

### O CASO DE MARGARIDA MORENO

Margarida Moreno García, licenciada en filosofía e letras, pedagoga terapeuta, con cursos feitos de dislexia e semioloxía da imaxe, nomeada polos seus compañeiros para o cargo de directora pedagóxica, cuxa labor calificou a inspectora de "digna de todo eloxio pola sua entrega, pola sua capacidade de traballo e polo afecto con que trataba aos alumnos", foi despedida, ao comunicarlle o Padre Ortiz que non sería proposta a definitiva, sen alegar para iso cousas definitivas nen de nengun outro senso.

Logo presentaríase a unha praza que existía no mesmo coléxio e, por máis que lle foi adjudicada, máis tarde, o Ministerio, contra toda legalidade, comunicoulle que non lle era concedida tal praza.

Agora ten presentado diversos recursos contra estas decisións, ilegais e arbitrarias.

Segundo afirmacións de pais de alumnos, determinados membros da xunta directiva empezaron unha campaña de difusión de rumores destinados a desprestixiar á profesora e aos demais docentes, encamiñados, sobretudo, a exercer presións para impedir as firmas de apoio á dita profesora solicitadas polo claustro.

Duas alunas de Margarida Moreno foron enviadas ás súas casas durante oito días, por decisión do Padre Ortiz. A razón de tal decisión foi debida a unhas discusións que ditas alunas mantiveron en presenza dalgúns compañeiros. Unha delas sostíña que se debía levar as cartas do claustro para que as firmasen os pais. O outra opoñíase xa que o "Padre

Carlos non quiere que as leve".

### OS PODERES DO CREGO ORTIZ

Carlos Ortiz, crego capuchino, é Director Técnico do Centro.

O día catro de novembro pasado presentou a sua dimisión do cargo —na estratexia tantas veces usada de "ou eles ou eu"— ratificándolle a xunta directiva o seu apoio para que asumise de novo as funcións, quedando no sucesivo como único portavoz da Xunta Directiva diante do profesorado.

Así, fixo un Estatuto do Centro, cuxo contido descoñecían os profesores, e que pretendía que discutisen en tres horas, dinámica na que non quixo entrar o profesorado.

Desde isto, as inxerencias do Padre Carlos nas funcións pedagóxicas son se cabe máis constantes, concretándose globalmente na imposición dun método baseado na adquisición duns items co mesmo carácter para os tres niveis de preescolar, EXB e Formación Profesional.

Carlos Ortiz por máis que vai a todo canto congreso se celebra relacionado cos subnormais, en representación, claro está, de "San Francisco", nunca lle informa ao profesorado dos avances que se poden presentar nos distintos congresos sobre esta materia.

Os profesores pensan que "non son xustificábeis estes desprazamentos xa que non repercuten en beneficio dos alumnos".

E non só non lles informa senón que non ten en conta para nada ao profesorado, tal como pasou nas reunións que tiveron lugar en Santiago para un estudo da "forma de levar a practica o Plan de Educación Especial en Galiza", cuxa convocatoria foi feita polo Padre Ortiz, e ao profesorado do

San Francisco non só non se lle convocou para a citada reunión, senón que nen sequer se lle informou de tales reunións nas que participaba toda Galiza.

### SAN FRANCISCO COMO PLATAFORMA DE LANZAMENTO E EXIBICION

O Padre Ortiz, que vai para responsábel autonómico da educación especial, se alguén non o remedia, presume, sen titulación que o acredite, de ter unha formación no terreo da educación especial.

Segundo afirmacións do profesorado, que dispór do centro como unha "plataforma de lanzamento", e, abofé que se non é así é parecido, xa que as súas viaxes son contínuas, e as súas relacións van desde a Raíña, até as altas instancias do Ministerio de Educación.

Contrasta todo isto co que sucede en San Francisco, xa que, por exemplo, o ano pasado só foi dúas veces ao centro de San Andrés de Comesaña. A súa relación cos nenos é moi escasa e, cando a ten, non é edificante que digamos, como o demostran os seguintes feitos:

Ten requerido, magnetófono en ristre, a varios deficientes mentais para que lle conten experiencias sexuais "baxo segredo de confesión".

Réñelles a rapazas mongólicas, porque estaban xogando e simulaban un embarazo, feito que é moi frecuente nas persoas afectadas polo síndrome de Down.

Castiga a alumnos por levarlle cartas aos seus pais, escritas polos profesores. E non sabemos xa dos rumores que corren sobre da rapaza que quedou embarazada e foi botada do colexio.

Cando "pasa revista" aos seus subordinados, os educadores teñen que cambiarlle o mandilón a un neno que se baba porque é "antiestético".

Tamén o poñen nervioso os rapaces autistas que daban golpes contra as paredes, ordenando aos profesores que o collesen no colo.

Tamén xa hai tempo que os profesores denunciaron "a explotación vergoñenta do subnormal que exerce o Padre Ortiz en función do seu nome. O seu programa está determinado polo feito de que o seu único obxectivo é lograr un escaparate, unha vitrina para deslumbrar. O único que lle importa son as apariencias.

E non parece que lle vaia mal neste empeño de deslumbrar, xa que hai moitas "benefactoras" que "morren" polo Padre Ortiz, chegando a discutir entre elas para ver quen é a que se senta máis cerca del nas múltiples reunións e comidas que celebran ao longo do ano.

### ¿UN TRUST DA EDUCACION ESPECIAL?

A Asociación Provincial de Educación e Traballo Especial San Francisco dispoñe de tres centros en Vigo, seguíndose, desde hai tempo, segundo foi denunciado xa, "unha política de expansión que apunta á consecución dunha especie de trust da educación especial en Vigo".

As máis línguas afirman que todo isto está relacionado coa evasión de impostos, sendo as "donacións" unha cobertura para o desfalco ao erário público.

O que si non se coñece é o emprego e a distribución dos ingresos do centro, polo menos polos profesores, xa que en nengun momento se constituiu unha xunta económica como é preceptivo.

Por máis que as donacións sábese que son cuantiosas, e o bingo tamén debe producir os seus bons ingresos, en San Francisco parece que nunca hai cartos, polo menos para mapas. Pero si os hai para retocar as baldosas dos patios, poñer móbeis estilo inglés na cafetería e logo tapizar de novo as sillas para que fixesen xogo, ou tirar os tabiques dos despachos médicos —os médicos nunca os houbo— obra que foi feita polo construtor señor Moreiras, que é membro do Patronato.

Nunca houbo tampouco cartos para levar aos rapaces de excursión, pero as obras, a meirande parte delas inúteis, polo menos existindo outras necesidades, están á orde do día no coléxio.

### OUTROS EXEMPLOS

Pero non vaian vostedes pensar que a explotación do subnormal só se dá no San Francisco. Os outros centros galegos non se quedan moi atrás. Por exemplo no Ferrol, "Centro Carmen Polo" donde o crego di misa e cobra como mestre. Misa á que leva aos rapaces disfarzados de monaguillos, invertindo unha boa parte da mañá.

Detrás de todo isto está a política educativa do Goberno, que vai degradando o ensino estatal en beneficio do ensino privado e en contra das clases máis probes.

Subvenciona centros privados e non controla as subvencións, centros estatais pasan a privados, sen coñecimento dos profesores que seguen prestando os seus servizos sen aclarar a súa situación legal, como pasa no Saladino Cortizo.

Todo isto non ven ser máis que unha mostra da sociedade na que vivimos, onde pouco importan as persoas, se non é para xerar plusvalía. Os subnormais son dobremente marginados e explotados.

A. EYRE



Foto Arquivo

# NOTAS PARA O DEBATE DO NACIONALISMO DE ESQUERDA

XOSE GARCIA CREGO

## O PASADO RECENTE

1976. O anuncio de eleccións nunha situación de permisivismo controlado/planificado, facilitou a primeira ruptura de transcendencia no seo da UPG, con repercusións posteriores no Consello de Forzas Políticas Galegas, até o punto de facelo desaparecer. Fórmase a UPG-IP que pasaría, en Congreso Extraordinario, a chamarse PGP.

1977. Rematadas as eleccións, nova escisión; esta vez, pola dereita: o POG.

1978, decembro. Celebrado o Referéndum da Reforma, novo anuncio de eleccións: significa o remate das apenas encetadas negociacións para a constitución dunha Mesa Consultiva do nacionalismo. (PG, POG e PSG coalíganse axiña na efímera UG; o Bloque "ignora" toda conversa). O PGP boicotea as lexislativas e, ante a falta de acordo para as municipais, faise unha candidatura nacionalista de esquerda que concorre en Vigo, que sería, xunto ao conflito de Ascón, punto de partida de Galicia Ceibe.

1981. Eleccións ao Parlamentinho. Concorren, nalgunha provincia, até cinco opcións de ámbito galego: PG, EG, IG, Bloque-PSG e GC —que se retira, reclamando o Boicot—. A consecuencia é un fracaso do nacionalismo reformista que apenas si consegue representación, sendo reducidos ao rincón do Grupo Mixto.

O comportamento das forzas políticas de dirección galega ante a Reforma pos-franquista pasou por fases distintas, cunha tendencia xeralizada á dereitización. Se no Referéndum do 76 a Abstención era a consigna asumida, de súpeto, todo cambia para case todos, e o abstencionismo político pasa a ser, para case todos, o nemigo a combater, o fantasma sen xustificación. E, paradoxicamente, o abstencionismo popular non para de medrar até o glorioso, histórico e silenciado 72 por cento de abstención no Referéndum autonómico.

Como ovellas, o nacionalismo —non digamos xa "os outros"— participa, sen pensalo dúas veces, en canta consulta programa o Poder. Só a UPG-IP, o PGP despois, Galicia Ceibe-OLN e algúns colectivos seguen a denunciar a mentira eleitoral e chaman ao Boicot.

Entre os concorrentes ás eleccións, só o PSG, no 77, efectúa unha campaña de esquerda, de denuncia das condicións en que se celebran as eleccións. Logo, todo será unha historia de cesións.

Dase por feito que hai que ir ás eleccións, con todas as da LEI, "para non ser marxidados", "para non ser reducidos a mera testemuña", "...Non se plantexan, tan sequera, posturas intermédias de concurrencia e, ao tempo, de denuncia no fondo e na forma (tipo HB, en Euskadi). Non, aquí, resulta "natural" que hai que acudir á chamada do pastor, sen pararse a pensar no que isto conleva: quizais o auto-sacrificio?

## O DEBATE, EN MARCHA

Inda que non o pareza, todo isto ven a conto, agora, cando enceta o verán do 1982, e cando o nacionalismo e os revolucionarios de Galiza topámonos en pleno debate do que desexamos signifique unha clarificación máis definitiva do panorama político e social da nación.

Mentras EG celebra un congreso no que se van consagrar as neo-decadenas teorías da vella traición, importadas da Europa dos impérios; o nacionalismo de esquerdas reúnese e acorda un método para ver de construír unha alternativa política e orgánica capaz de aglutinar e mobilizar a quen, en Galiza, desexan e están dispostos a cambiar, pero en serio.

Constituíuse xa unha Xestora nacional, na que están representados a ANPG, Galicia Ceibe-OLN, PSG, UPG, a organización estudantil ERGA, e varios colectivos de independentes, como "Arco da Vella", ANG, grupos de Santiago, do Condado, da Coruña e Lugo. Unha comisión procede, nestas datas, a ordenar e preparar un documento que contemple as distintas aportacións programáticas e estatutarias presentadas para, a partir do día 27 de xuño, abrir un debate nas distintas localidades de Galiza e da emigración, que culminará nunha Asamblexa Constituínte, a celebrar a primeiros de Setembro. Para organizar este debate, de características absolutamente abertas, está a formarse xa Xestoras Locais dinamizadoras do proceso.

Dinamización que compre acelerar e levar a efecto, pois o boicot a que a maioría da prensa editada en Galiza somete todo o relacionado con esta alternativa, impide facer extensiva a toda a poboación de Galiza, as novas que se van producindo, os pasos que se van avanzando e o carácter plural e aberto da metodoloxía adoptada.

## PROPOSTA POLITICA E ORGANICA DE GC-OLN

Galicia Ceibe-OLN ten as súas propias ideas sobre o que debe ser a formación política unitaria do nacionalismo de esquerdas. (Inda que, de entrada, manifestamos a nosa postura aberta e dialogante, sabedores de que todos teremos que ceder algo para chegar ao acordo).

Considerada globalmente, a nova formación política deberá ter un contido de loita pola liberación total de Galiza, de ruptura da dependencia colonial e plantexar como obxectivo a instauración dun Estado Socialista Galego; no táctico, o programa a medio prazo, deberá contemplar o enfrentamento ao Réxime da Reforma, co seu Estatuto de Autonomía e a súa Constitución, propondo como obxectivos a Ruptura Democrática, que supoña a democratización real do aparato do Estado, así como a apropiación de niveis aceptábeis de autogoberno, que faciliten o avance popular cara a independencia.

En canto aos métodos de traballo, destacamos: deberase pular unha tendencia xeral á auto-organización de todas as clases populares, cara a construción dun Frente de Liberación Nacional que conduza ao povo deica a vitoria; propiciar a unidade do sindicalismo de dirección nacional cara a Central Unica e Galega (asamblearía e anti-pactista); propiciar e pular a auto-organización agraria e a dos marifeiros; reactivar e consolidar os movementos veciñais de todo tipo; pular por un amplo Frente Cultural de defensa do idioma e por unha Galiza monolíngüe e monocultural, favorecer a Federación de Asociacións Culturais; apoiar o movemento pola Amnistía e contra a represión e a súa organización específica, as XuGA; apoiar os movementos populares de carácter ecoloxista, de defensa dos sectores sociais marxidados, e de loita pola paz.

E topámonos, de novo, co do principio: as consultas eleitorais a que nos someta o Estado Imperialista Español. Galicia Ceibe-OLN considera que a postura debe ser diferente segundo

as eleccións de que se trate, e o momento político en que se celebren.

En canto ás Municipais ou ás eleccións a Cámaras Agrarias, deberase acudir cun programa nacionalista e popular, e ocupar postos nos organismos correspondentes. (Os cargos eleitos deberán estar sempre supeditados ás decisións das assembleas de base).

Cando sexa do Parlamentinho, demostrar a nosa oposición á Autonomía mediante un rexeitamento comprensíbel polas masas (sexa mediante a Abstención razonada e activa, sexa mediante outra fórmula de boicot e de denuncia).

E no que se refire ás eleccións ao Parlamento de Estado, deixar clara a oposición dos nacionalistas de esquerda ao Réxime e aproveitálas cara a Ruptura democrática. Aquí introdúcese unha alternativa de constitución dunha plataforma, un GALEUSCA dos movementos de liberación nacional e rupturais a nivel de Estado.

Conforme a estas perspectivas políticas, a estrutura interna da formación política unitaria —para a que se aportan nomes como "POBO UNIDO", ou "NOVA TERRA", ou "TERRA CEIBE" ou calquer outro que a imaxinación crie—, deberá combinar o asambleísmo de base, coa presenza das organizacións políticas que a historia de Galiza ten lexitimado pola súa loita de anos a prol da liberación total do noso povo.

Así, a nivel local, o funcionamento sería asambleario puro, e nos niveis de zona e nacional introduciríase a representación das organizacións políticas integradas na alternativa. Isto contribuiría a dar estabilidade, marcaría o carácter frentista e favorecería o debate plural.

Construír esta nova organización, que agrupe aos nacionalistas de esquerda, que loite pola liberación total e a independencia, de carácter rupturista, mobilizadora das clases populares, é a tarefa do momento.

Compre chegar a acordos de fondo, non supeditados a posturas eleitorais, conxunturais que, como temos dito, son factor de división e non de unión.

A formación política unitaria deberá establecer a unidade de acción, en Galiza, coa esquerda estatal rupturista, como se ven facendo nos derradeiros tempos. No Estado, coordinar no posíbel a loita coas formacións políticas de Euskadi, dos Países Cataláns, de Canarias, con programas e práctica rupturista e de liberación nacional.

## 25 DE XULLO: "GALIZA NACION"

Este 25 de xullo debe significar, xa, unha mostra do futuro inmediato de Galiza. Un futuro de insumisión, un futuro de claridade nos comportamentos políticos, un futuro onde os principios non se cedan a cambio dun "status" que só a "eles" interese.

Neste 25 de xullo, baixo o lema xeral de "GALIZA NACION", denunciaremos o Réxime español e a farsa autonómica; consolidaremos a unidade nacionalista de esquerdas e todos reclamaremos a liberdade dos nacionalistas presos e a Amnistía Total.

Xosé García Crego é membro de GALICIA CEIBE-OLN.

RADIO GALICIA

SER

¡A RADIO!

San Pedro de Mezonzo, 3

Santiago de Compostela

## Países Catalans

## Barcelona: os bárrios non queren ser ghettos

As mil cento oito barracas existentes en Barcelona son un dos problemas meirandes que o axuntamento da cidade ten para resolver. A concentración máis importante das barracas está na Perona, situada por riba da Verneda Alta, bárrio periférico tamén, a regalada aos xitanos por Isabel Perón —de aí o seu nome— nunha viaxe que fixo a Barcelona. Esta agrupación de barracas tiña unha rua central e caseñas de ladrillos ou madeira a cada lado, xa ollando cara á vía do tren ou aos edificios dos "payos". A metade das barracas foron derrubadas hai uns anos e os seus ocupantes espallados por vivendas que obtiveron do axuntamento e do Patronato Municipal da Vivenda.

Neste último mes de maio quíxolle dar unha solución ao problema para que todo estivese resolto antes dos Mundiais de fútbol. Tomouse entón a decisión de trasladar aos xitanos ao bárrio da Maresma, debaixo da Verneda e, perto da Mina e do Campo da Bota, bárrios xitanos por excelencia onde nen a policía se atreve a entrar.

Os veciños da Maresma axiáronse nas súas casas ao coñecer as intencións do axuntamento: no médio do bárrio, na única zona verde ían comezar a facer un edificio para 72 familias xitanas.

A última semana de maio foi unha semana de movilizacións, manifestacións, cargas da policía, feridos e aumento da violencia, o que facía prever sucesos coma os de Badalona e Ripollet, nos que a Polipia Nacional luciu como nos vellos anos da ditadura. O martes día 1 de xuño, mentras a rexidora do distrito X, a comunista Nuria Gispert, expoñía á Asamblea de Veciños a posición e a razón do axuntamento para tomar esta medida de levar aos xitanos, a policía cargou brutalmente contra homes, mulleres e rapaces. O bárrio estaba "tomado" polas forzas de orde pública.

A NOSA TERRA estivo cos veciños para coñecer a súa opinión. "Hai quen di que isto é racismo pero non é así. Aquí xa temos xitanos abondo coa Mina. Sempre nos opoemos a que queiran facer "ghettos" no noso bárrio, un dos máis castigados. Se queren traelos, que o fagan dunha maneira adecuada, pero que non queiran facer un barrio de rexeneración porque iso vai traer loitas internas. E, senón, que os leven a Pedralbes", dixéronnos representantes dos veciños. Pe-

dralbes é o bárrio dos ricos, paradoxicamente situado na punta oposta da cidade.



dralbes é o bárrio dos ricos, paradoxicamente situado na punta oposta da cidade.

## SEN TOPAR SOLUCION

Os bárrios Besós, Catalana, Mina e o Campo da Bota non dubidaron en apoiar a loita da Maresma, aínda que os dous últimos son xitanos. As explicacións que nos deron deixan ver o gran perigo que trae o trasladar ás 72 familias á Maresma: "Os veciños xa teñen bastantes xitanos connosco. Se os da Perona veñen aquí, as familias rivais farán que corra o sangue". Compre dicir que familias dun e doutro bárrios son amigas e protagonizaron máis dunha vez axustes de contas que encetaron un rosario de mortos ou feridos.

Despois da carga da policía, o axuntamento deu unha marxe até o día 10 para que os veciños negociasen. Pero estes, permanentemente na praza onde se quere edificar, negáronse sempre a modificar a súa postura: "O que non se pode facer —comentábanos un home duns 50 anos, traballador nunha fábrica— é traer a estas 72 familias, logo levalas e que veñan outras 72 e así sucesivamente. A nós parécenos moi ben que queiran sacar a esa xente das condicións inhumanas en que viven, pero non que as traian aquí, porque os problemas son moitos. A violencia no bárrio vai aumentar e é a única zona verde que temos. Por se isto fose pouco, os terreos estaban xa adxudicados

para facer un polideportivo. Non se pode cambiar así como así a utilización da terra. ¿Onde xogarán logo os nosos fillos?". Mentras algúns repetían esta pregunta, varios veciños preguntáronnos polo autor dun artigo onde se acusaba a estes feigos de racismo, aparecido nun diário conservador de Barcelona. "Querémoslle dar o seu merecido", dicían. Esta é unha mostra da crispación existente.

Por fin chegou o día 10. O axuntamento, o Patronato Municipal da Vivenda, os bárrios e representantes de asuntos xitanos, tiveron a reunión principal. Ninguén faltou. "De momento, as cousas quedarán tal e como están até buscar unha solución satisfactoria para todos", dicíanos un representante do axuntamento. E dicir, aínda que en calquera intre poden comezar as obras, 1.108 barracas seguen chamando á súa extinción. Desde o mesmo día 10, a violencia subiu de tono. Todos os camiões son revisados polos veciños por se levan materiais para a construción. Os feridos van aumentando, pero os veciños levan as de perder. Cristais rotos, pernas ou brazos inchados, golpes... son as consecuencias das mallas da policía. Os partidos de esquerda, que teñen nas súas mans o axuntamento, están preocupados polo uso que destes feitos queren facer elementos da extrema dereita en beneficio propio. O certo é que

tanto de mañá coma de noite, a xente do bárrio vixia. Vixia que non enceten as obras e pido o seu polideportivo.

Mentras A NOSA TERRA estivo ali, non topou que os veciños estivesen aqueixados de racismo. Veven en edificios

xemelos, descolgados dun capítulo da Colmena do amigo Cela. Son emigrantes, botados á periferia da cidade e medrados ao calor da inexistente planificación urbanística. Van sobrevivendo como poden e sorten o que traballa. Das fábricas que hai no bárrio, a máis importante é a Schweppes, de folga desde hai tres semanas. E xamais se queixaron de ter á veira, do outro lado da rua, a Mina, perigoso bárrio, non porque vivan xitanos, senón porque ten tantos currunchos que se converteu en refuxio do lumpen que fuxia da policía. Nos Mundiais, mentras alá arriba, no Nou Camp, a pomba de Picasso chamaba á paz, os veciños da Maresma berraban o que consideraban unha inxusticia.

Mentras tanto, un meniño corre para a súa casa. Son as vísperas dos Mundiais. Vai berrando pola súa nai. E chorando. A policía, como antes, en Barcelona, como en todos os sitios, non distingue e busca carne. Carne de cañón.

A coroa do asunto puxérona os veciños ao pedirle ao gobernador militar unha solución para as fortes e contínuas batallas da policía e dos cidadáns.

ANTON FERNAN DEZ

## AXUNTAMENTO DE MOAÑA

Festas do Carme. Subasta de postos.

Día 27 de Xunio  
Hora: 10 h. 30' da mañá  
Local: Axuntamento

VDE. PODE  
TRABALLAR  
NA SUA CASA

GANE  
9.600 ptas.  
semanais

tricotando, sexa home ou muller.  
Dámoslle traballo asegurado  
facilitámoslle a máquina e ensinámoslle de balde.

Visítenos.  
Arzua, N° 19 B.  
(Detrás do Sanatório  
Señ-arís).  
Telf. 58 11 25

SANTIAGO DE COMPOSTELA



XONALO Arte popular  
Xelmírez, 10 e Ruz Nova, 14 SANTIAGO



CARPINTARIA de ALUMINIO  
CERRAXERIA

AVDA. DE CASTRELOS, 360  
TELEFONO 29 71 86 - VIGO

# O XENOCIDIO PALESTINO

XOSE MARIA BLANCO

O 6 de xuño, o estado sionista de Israel comezaba unha grande ofensiva bélica no sul do Líbano, con 20.000 homes, 300 carros de combate e máis apoio aéreo e naval, cifras que se foron incrementando até chegar a uns 120.000 homes.

O secretario xeral da KNTSED (Parlamento israelí), Lorch, xustificaba así a invasión: "a situación do norte era intolerábel" ... "o atentado contra do noso embaixador en Londres foi a pinga que colmou o vaso, pero todos sabemos que se os palestinos seguían a bombardear as posicións de Galilea, a reacción israelí era inevitábel".

Os primeiros días da incursión terrestre ían dirixidos cara Nabatieh e o Castelo de Beaufort, posicións palestinas, atravesando a zona ocupada polos "casco azuis", da FINUL (Forza Interina das Nacións Unidas no Líbano) que deixaron pasar ao exército israelí sen ofrecer resistencia, e por mar producíuse desembarcos navais perto dos portos de Tiro e Sidón.

Os posteriores días, os avións e cañoneiras xudeas desde o mar centraron os ataques en Sidón, practicamente destruído, e na cidade costeira de Damour, enclave palestino ao tempo que lanzaban paracaidistas no interior para facer unha tenaza ás forzas palestinas, entre a columna do interior e as tropas que avanzaban pola costa.

Esta guerra, a quinta de Israel contra dos árabes, ten como nome e clave "Paz para Galilea" cuxo obxectivo, segundo Israel é "limpar de terroristas palestinos" unha franxa de 40 quilómetros no Sul do Líbano, pegadas á raia con Israel.

O Exército israelí, un dos mellor preparados do mundo, con material moderno e sofisticado, atopou grande resistencia na guerrilla palestina da OLP e as milicias palestinas apoiadas polas forzas progresistas libanesas, fustigaron fortemente —sobre todo pola noite con armamento individual—. Os soldados sírios integrados nas Forzas Árabes de Disuasión (FAD), apoiaron a palestinos e libaneses, con aviación e artillaría principalmente.

## O MOMENTO INTERNACIONAL

A invasión prodúcese nun intre en que non pode ser mellor para despistala, cando os sete países mais industrializados de Occidente remataban o cume en Versalles, e a opinión pública internacional está distraída con outra guerra, a das Malvinas, e despois da retirada dos colonos xudeos do Sinai a devolución da península a Exipto en abril, e a perda de poder do petróleo como arma política; cremos que a toma de posición da semana pasada do exército israelí nos altos do Golán, en territorio sírio, é o preludio da guerra que viría pouco despois.

Dá a sensación de que os sionistas tiñan o permiso dos "sete magníficos" de Versalles, dadas as posturas dos gobernos destes países, que se limitaron a facer público un comunicado pedindo que "cesen simultanea e inmediatamente as actividades militares no Líbano e através das fronteiras entre os dous países".

A verdadeira faciana da Francia socialista de Mitterrand queda ao descuberto, segundo o presidente francés "Francia interésase moitísimo polo Líbano, por razóns de amizade", pero insistiu Mitterrand "que non estaba implicada no conflito".

A CEE dixo estar "profundamente preocupada".

A postura europea en xeral foi de total pasividade, o que permite que Israel consolide a súa invasión e así preparar un estado libanés ceibe dos palestinos e sírios, nas mans dun goberno á medida dos sionistas, que impida no futuro as incursións palestinas na Galilea. A connivencia dos USA con Israel é total, primeiro non condena a invasión, despois veta na ONU a proposta do Goberno español do alto o fogo, e remata a súa faena "tentando ser mediador cun plan de paz".

O Sr. Luns, secretario xeral da OTAN, afirmou que existía no seo da Alianza "unha certa inquietude" (!!!).

Noticias procedentes de fontes ben informadas afirman que os USA estaban probando material de guerra no Líbano, que o exército israelí ten a patente con fogo real e vítimas reais.

## SOLIDARIDADE ARABE

A solidariedade árabe neste conflito cabe valorala de distintos xeitos, se ben pódese condensar na frase dun palestino que dicía "a solidariedade árabe é rica en palabras e probe en feitos".

En primeiro lugar, os países árabes moderados (Arábia Saudí, Xordánia, Exipto, os Emiratos do Golfo,...) que dispoñen de gobernos pro-occidentais, limitáronse a emitir comunicados condenatórios, o mesmo que a Liga Árabe, coa demagoxia de costume, xa que os soldados israelís non se combaten con palabras, senón cunha axuda eficaz nos planos militar e político, non sorprendera que o triunfo da revolución palestina, coa instauración dun estado palestino laico nas terras ocupadas, podería ocasionar unha convulsión nas masas deses países árabes de gobernos reaccionários, co perigo do contaxio revolucionario extendéndose como un rego de pólvora.

Os países do Frente da Firmeza (Arxelia, Líbia, Siria e Iemen do Sul) apoian, aos palestinos progresistas libaneses,



aínda que con cautela por non orixinar unha guerra de proporcións incalculábeis. Siria, cuxas forzas da FAS está no Val do Bekaa, onde teñen baterías de mísiles Sam-6 e Sam-9, limitáronse nun principio a defender as súas posicións sen chegar a un enfrentamento frontal cos israelís, se ben é certo que estes últimos coidáronse moi ben de atacar frontalmente aos sírios, que daquela veríanse directamente implicados na guerra. A Siria, que esta equipada con material soviético, non lle queda, sob do meu punto de vista, máis remedio que defender aos árabes palestinos e libaneses, para evitar que o exército israelí ocupe posicións perigosas para as súas fronteiras.

Arxelia e Líbia, que manteñen posturas coerentemente antisionistas, e antimperialistas, fixeron un chamamento á URSS para que apoie militarmente á revolución palestina.

No plano económico hai que destacar que os países integrados na OPEAEP (Organización de Países Árabes Exportadores de Petróleo), rexeitaban, hai uns días, as propostas líbias de recurrir ao petróleo como arma a empregar contra Israel, USA e os seus aliados.

E de destacar tamén a postura de Irán de enviar voluntarios para axudar a Siria e aos palestinos.

A URSS segue a gañar prestíxio no Terceiro Mundo tanto nas Malvinas como no Oriente próximo. Os soviéticos puxéronse, sen ambages, ao pé dos árabes establecendo unha ponte aérea con Siria para repór o armamento destruído. O día 15 a axencia oficial soviética TASS advertía que non só tomaba partido polos árabes con palabras, senón con actos.

## A PRENSA XOGA UN PAPEL PRO-ISRAELI

A posición que a prensa xoga e xogou neste conflito é sintomática e di a quen serve, desde dar por morto a Yasser Arafat, membro do Comité Executivo da OLP, para desmoralizar aos palestinos, até dar unha visión da invasión israelí como se fose un paseo militar que non concorda coa realidade, xa que mentras que na guerra dos "7 días", Israel enfrentouse e venceu a tres poderosos exércitos, os de Exipto, Xordánia e Siria, agora tardou dez días en chegar aos arrabaldos de Beirut fronte ás forzas palestinas, o que significa que a oposición palestino-libanesa foi máis forte do que din as axencias de prensa. E evidente a alta moral das forzas palestinas capaces de resistiren a un exército como o israelí.

A guerra da "información" foi espectacular, a aviación israelí lanzou milleiros de octavillas alentando a sírios e libaneses a abandonar Beirut, co obxectivo de cebar a moral dos combatentes. A prensa infundía comentários tendenciosos co fin de minar a solidariedade palestino-libanesa-síria por unha banda, pola outra as cifras de baixas dos invadidos ocupaban as primeiras plans, como os Migs sírios derrubados, e non embargantes as baixas dos invasores eran ocultadas; segundo parece ser son cuantiosas.

## AS CIFRAS

Pódese falar dun auténtico xenocidio; na poboación civil tanto libanesa como palestina o número de mortos elébase a 10.000, contabilizando unas 2.000 baixas militares na OLP,

dos seus 7.000; as cifras israelís rondan os 7.000 afectados entre mortos, feridos e prisioneiros; atópanse incluso un alto mando do exército israelí. Quedan sen fogar unhas 800.000 persoas no Líbano. Para Israel, as perdas económicas cífranse nuns 100.000 millóns de pesetas de gastos nesta guerra.

## OS VERDADEIROS OBXECTIVOS DA INVASION

Os motivos da invasión van máis aló dunha "simple limpeza" de palestinos na raia con Israel; trátase de exterminar a resistencia palestina, de mbsacrar ao seu povo e de afogar politicamente á OLP. Para a consecución destes obxectivos é precisa a creación do denominado "Líbano Ceibe", cun goberno forte en Beirut controlado polas forzas cristiás libanesas ao servizo de Tel-Aviv.

A retirada de Israel produciríase en etapas, ao tempo que unha forza internacional desplegaríase no territorio hoxe ocupado por Israel, ao tempo que sírios e palestinos abandonarían o Líbano.

## CESE DE HOSTILIDADES

O alto o fogo chegou despois de 10 días, nun intre necesario para Israel como consecuencia do xogo que se traen entre ianquis e sionistas ¿Por qué chegou o cese de hostilidades?, porque o exército invasor atópase nas portas de Beirut, e a batalla por Beirut onde se atopa o groso do exército palestino e a plana maior da OLP, podería significar un revés para Israel, dado que aqueles non están dispostos a capitular. En segundo lugar para dar tempo a se consolidar as forzas israelís que deixaron atrás grandes bolsas de resistencia palestinas, que subsisten todavía. Terceiro, a posibilidade de internacionalizar e extender o conflito se entran en Beirut, de feito poderían intervir as forzas do Frente de Firmeza directamente no conflito.

## AS NEGOCIACIONS PARA SOLUCIONAR O CONFLITO

Despois deste precario cese de hostilidades agora é o momento das negociacións, algunhas fracasaron; como a tendente á formación dun Consello de Salvación Nacional no Líbano que aglutinaria a organizacións políticas, sociais e relixiosas que lideraría o presidente do Líbano Elias Sarkis, que daría entrada ao xefe das milicias cristiás conservadoras. A postura do líder da esquerda nacionalista libanesa afogou este intento, tanto os drusos, chiitas, dunitas e nacionalistas que apoiarian aos palestinos, e negáronse a que o exército sírio formando parte das FAD, a requerimento das autoridades libanesas, evacuasen o país. Enfrente, as forzas reaccionárias cristiás, marolitas, católicos e ortodoxos, desexan unha evacuación simultánea tanto do Israel como dos palestinos —por certo que as tropas cristiás acolleron aos israelís como auténticas tropas liberadoras.

## AS POSIBEIS SOLUCIONS

Neste intre Israel atópase nunha difícil situación, xa que os relativos éxitos militares téñense que traducir en éxitos políticos; xa que non remataron cos palestinos nen coa OLP, é preciso que Begin salla airoso nunha solución final xa que a situación no interior de Israel non é cómoda, e algúns sectores critican a Begin e a Ariel Sharon, ministro do exército, como algúns periódicos israelís que dician que "se tiñan pasado na invasión".

Apóntanse dúas posíbeis solucións, unha que a OLP entregue as armas e aceite o plan norteamericano que Reagan envía por Philip Habib. Esta posición choca coa da OLP, a de non negociar polo de agora nen entregar as armas, expresada polo número dous de Al-Fatah, principal organización da OLP e polo secretario xeral do FPLP, a segunda organización dentro da OLP. Hai personas vencelladas aos rexímenes árabes reaccionários que non é máis que a de Camp David.

A segunda solución sería a Batalla de Beirut, de consecuencias imprevisíbeis.

A hora de escribir este artigo, non se vislumbra unha terceira solución; agora ben, o que si temos claro é que en calquera dos casos sempre haberá un palestino disposto a loitar contra do sionismo.

Desde estas páxinas, non nos restan máis que condenar o xenocidio palestino por parte de Israel, que mata indiscriminadamente, ignoran resolucións da ONU, violan os dereitos humanos máis elementais, e mantén unha constante, o terror, como xustificación dun estado que debe desaparecer da comunidade internacional que desde a súa fundación no 1948 tivo o expansionismo e o extermínio do povo palestino como o seu fundamental obxectivo.

Hoxe Begin, Sharon e Eytan nada teñen que envexar aos Hitler, Goebbels e Eichmann da Alemaña nazi.

A solución definitiva para o povo palestino, a paz duradeira para Oriente próximo só se conquiará o día en que o Estado terrorista de Israel desapareza. Xa que morto o can desaparecerá a raiba.



Os palestinos vémolos así

## Somos inextinguíbeis

Se calculamos as condenas dirixidas de povos, gobernos, organizacións internacionais, partidos, sindicatos e persoalidades con prestixio no mundo de hoxe, por cada agresión cometida polo estado de Israel desde a súa fundación no 1948 e dividimos a suma destas condenas entre os que levan pasaporte israelí —tendo en conta que a meirande parte dos israelís levan outra nacionalidade do país de orixe— vemos que para cada israelí correspóndenlle dúas condenas, ou sexa que as condenas contra Israel, en tan poucos anos, calculáanse en máis de 6 millóns.

Pola contra, dous telegramas de solidariedade corresponden a cada un dos catro millóns de palestinos exiliados en todo o mundo polo que sofre este povo de masacres cada día.

Para coñecer a fondo a natureza do Estado de Israel, recomendo aos lectores analizar as relacións de Israel a nivel internacional, para saber que manteñen fortes relacións con Gran Bretaña, os Estados Unidos, os países de América do Sur, os xames ditatoriais, e máis o Sha de Irán e Somoza en Nicaragua anteriormente.

Tamén Israel garda un grande respecto e apoio aos rexímenes reaccionarios árabes.

Cabe recordar aquí, que máis de sete países árabes teñen bases militares norteamericanas no seu territorio e a meirande parte dos seus xefes recoñecen ao Estado de Israel. Sen embargo, a OLP (Organización para a Liberación de Palestina) é recoñecida por máis de 100 países do mundo como único e lexítimo representante do povo palestino e esta organización (OLP) mantén relacións con todas as forzas democráticas do mundo, estean dentro ou fóra do poder.

Para clarear máis o panorama, os palestinos loitan para regresar aos seus fogares e constrúen un estado laico en Palestina onde todos terán os mesmos dereitos e deberes sexa cal sexa o seu xeito de pensar.

A experiencia dos últimos 34 anos, ten demostrado que Israel pretende aniquilar a existencia de todo fenómeno palestino sendo persoas, cultura. Así podémolo comprobar nas guerras de 1948, na guerra de Suez-1956, na guerra dos seis días-1967, a guerra do Ramadán no 1973 e outras guerras levadas a cabo polos exércitos dos países



árabes pisoteados por rexímenes reaccionarios. En Xordania aquel mes de setembro negro no 1970, onde foron decapitados máis de 25.000 palestinos civís ou a guerra civil libanesa onde a dereita libanesa atopou todo o apoio preciso de Israel, EEUU e do réxime do ex-rei saudí, Jaled, recén morto e que non sabía nen ler nen escribir.

Tamén no 1978 Israel libanes onde estableceu o estado do axente norteamericano nomeado Maior Saad Haddad.

Pero en todas as guerras selvaxes, Israel non conquistou o seu obxectivo final, que é rematar coa resistencia palestina.

### A "PAZ" DE GALILEA

Pasados 15 anos desde que Israel ocupou o resto do territorio de Palestina que non conseguiu ocupar en maio do 1948, o 5 de xuño do 1982 Israel invade o Líbano dicindo que a invasión é para conseguir a "paz" das colónias israelís en Galilea, esta "paz" ao xeito israelí, custou até agora máis de 10.000 mortos e caseque 17.000 feridos e un millón de refuxiados, ¡vaia paz con tantas vítimas!.

A Beguin o seu gabinete rubíralles á testa que o seu exército é invencíbel, mais os guerrilleiros palestinos e libaneses demostráronlle o contrario, causando graves perdas nas filas do exército "invencíbel", apesar da súa posesión de armas máis modernas, F-15, F-16, mentras os guerrilleiros dispoñen de armamento lixeiro.

Mais os reaccionarios árabes e a recente chamada Xunta para a salvación nacional libanesa, totalmente de dereita, é moi posíbel que sexa a segunda parte árabe, despois de Exipto, que entra no plan norteamericano para a zona árabe coñecido baixo diferen-

tes nomes: Camp David ou Plan Fahd.

### 160 MILLONS DE ARABES

Calculáanse que os árabes somos uns 160 millóns, repartidos en 22 países, onde todos os días e en caseque todos os boletíns informativos do rádio ou a televisión, a primeira noticia que defende a causa palestina, as palabras non se convirten en feitos materiais salvo en casos illados, e as noticias... en noticias que...

Hoxe en día les a prensa árabe ou escoitas o rádio, e repiten as condenas contra a agresión israelí, pero para os palestinos cada condena representa un engano máis, e serve para enganar ás masas árabes.

A nós, os árabes, a vergoña persíguenos onde quer que vaíamos, porque os nosos reis son os que mandan os nosos presidentes son resi. Os rexímenes árabes falan de distancias longas como causa que dificulta o envío de tropas para defender a resistencia palestina e ao movemento nacional libanés, porén a primeira ministra Mrs. Thatcher, enviou as súas tropas a máis de 14.000 quilómetros para defender os seus intereses coloniais nas Illas Malvinas; así que os rexímenes árabes nen sequera mandan as súas forzas a unha distancia moito menor para defender unha parte moi sana do corpo da nación árabe que é o povo palestino que sofre unha guerra de extermínio no Líbano.

Coido que estas verbas son demasiado reformistas para cubrir unha guerra radical que pretende exterminar a un povo de máis de catro millóns de palestinos. Apesar de todo, a nosa causa segue xusta e por iso somos inextinguíbeis; os palestinos vémolos así.

A.S.A.

(Periodista Palestino)

## As rendas da Xunta arxentina

Desde os primeiros momentos de existencia da Xunta Militar arxentina fixéronse evidentes as diferencias que había entre as tres armas das Forzas Armadas, e en cada "cambio de guardia", co relevo de presidente, Mariña, Ar e Terra trataron de impoñer o seu candidato, ben que en cada ocasión, as diverxencias resolvíanse nun acordo de circunstancias que daba a presidencia ao candidato que menos reticencias despertaba entre os outros. E o sistema podería seguir funcionando outros tantos anos de non mediar unha crise da gravidade e fondura da das Malvinas.

Se Arxentina tivese resultado vencedora no conflito, é seguro que hoxe Galtieri sería considerado héroe nacional, e o Exército de Terra tería asegurado o seu predomínio sen discusión entre as outras armas; pero a cousa resultou ao revés e o deica agora "representante da unidade nacional" é a primeira vítima da guerra perdida, e con el o exército que comandaba. Pero esta circunstancia, amais de amosar unha inconcebíbel veleidade política e ética ven a abrir unha crise interna no seo da Xunta dun alcance que non tivo deica agora, xa que as posturas son máis enfrentadas que nunca e cada quen pretende salvar o seu prestixio no desastre, e como contrapartida, impoñer o seu candidato.

¿Qué diferencias pode haber entre Nicolaidis, Lamil Dozo ou Saint Jean no eido da orientación política e ideolóxica? Segundo parece, moi pouca; a cuestión real reside na supremacía que suporía para o Arma respectivo, o nomeamento do seu candidato, pero de feito, a situación do país non vai variar con un ou con outro. E por outra banda, a imposición dun presidente civil que tentan impoñer algúns sectores do Exército, mentras estivera baixo a férula do triunvirato militar non parece tampouco nengunha garantía de que as cousas poidan mudar na Arxentina no senso dunha democratización e do cese da política represiva que desde 1976 (e xa antes, non nos enganemos) marca a vida diaria arxentina.

En canto a condicións obxectivas, a crise das Malvinas facilita dun xeito insospeitado hai catro meses a caída da Xunta Militar e o proceso dun cambio total na organización política, pero para que tal feito sexa posíbel, compren tamén unha serie de condicións subxetivas que hoxe non se dan. (Meirande logro dos militares arxentinos foi acabar físicamente a oposición. O longo dos seus seis anos de mandato, a represión ten sido tan intensa e selectiva, tan ben organizada e dirixida, que realmente conseguiu o seu principal obxectivo, decapitar a oposición, esmagar todo tipo de resistencia e sumir á poboación nun silencio do que só escasas e pouco perigosas voces podíanse deixar ouvir.

Hoxe, os montoneros son unicamente un recordo glorioso pero sen existencia nen vivencia, os peronistas un elemento casi folclórico, e os radicais, intransixentes e socialistas limítanse a uns poucos grupos testimoniais no exilio. Pódense aínda dar manifestacións violentamente reprimidas como a da pasada semana, pero son accións sen unha dirección definida, produto dunhas circunstancias concretas que morren nese mesmo momento.

Os desaparecidos, os mortos, os torturados siguen aí, pero a súa presenza non ten a forza bastante para poñer fin a existencia da Xunta Militar, que por agora pode seguir a vivir das rendas dos seus logros sanguinamente represivos; pésie a unha situación económica de bancarrota total, o descontento popular é aínda xordo e sen unha dirección precisa, faltan as condicións subxetivas para que a ditadura militar teña máis problemas que os que lle representan as súas propias contradicións internas. Pero o que si é certo e que eles son cada día máis febles e a súa propia febleza favorece a aparición dunha oposición artellada que encauce o descontento e a resistencia pasiva nun prazo máis ou menos curto.

BEGOÑA MOA

# Vexan se é este o Mundial que prometeron

As montaxes dos espectáculos fanse de xeito que o público quede o máis contento posíbel. Estará tanto máis contento canto o que preséncia se acerque máis ao que el esperaba dese espectáculo.

Por iso a composición e a orde de intervención faise con arranxo aos gustos do público, procurando, sobretudo, que o número forte (apoteose final) quede para o remate do espectáculo. A meirande parte das veces este número non é dos mellores, pero si o dos artistas máis coñecidos, os máis taquílleiros na "praza" na que se representa o espectáculo.

Outras veces a composición do espectáculo tamén ven condicionada por outros factores, dos cales os dous principais son os económicos e os políticos.

Desde este prisma, e non desde outro, é desde o que hai que ollar o "Mundial 82" que se está a celebrar no estado español. Así que non se estrañen de nada do que pase. Non é nen máis nen menos que un espectáculo deportivo, aínda que sexa o "máximo" e se celebre cada catro anos. Toda a montaxe xira ao redor deste concepto de espectáculo do que se quere sacar o meirande beneficio posíbel.

Os árbitros son quen dirixen o espectáculo na "pista" e eles farán actuar outra vez ou non, segundo os intereses do empresario —FIFA—, e a súa concesionaria, a Federación Española de Fútbol— e os gustos do público presente. Que todos os artistas queiran aparecer na "apoteose final" é unha cousa lóxica do mundo do espectáculo, pero ao final, como en todo, o empresario é quen manda.

Eran venezolanos. Traían a "Guía do Mundial" e viñan no autobús da Coruña para Vigo, co gallo de ver o Italia-Peru.

Cando chegaron a Redonde-la o home quedouse sorprendido —e non era sen tempo—, ali había unha pancarta "que non está en español".

A súa compañeira ollouna unha e outra vez e, ao fin, gábandose de entendida, sentenciou: "no, no está en español, me parece que está en portugués. Es que claro, sabes, por aquí ya hai muchos portugueses".

O coche seguiu andando, algun tivo que tapar a boca para non rirse e outros para non berrarlle: "¡que están en Galiza, señores, que isto é Galiza!"; e xa se divisou o Estreito de Rande. Outra volta o venezolano voltouse a solprender e inquiriu á súa dona: "¿qué son aquelas cousas que hai no medio deste río?". A muller, que as seguida dando de avispadas respostoulle: "non son máis que plataformas petrolíferas que están abandonadas". Ao que o home xa médio convencido replicou: "pois deben ser moi antigas". (Nen qué dicer ten que as "plataformas" eran bateas).

Este é o coñecimento que da nosa nación están sacando os mundialistas, con libro e todo. Nen sequera que aquí existe outra cultura totalmente diferenciada da española, nen que en Galiza existen rías, por máis que, iso si, seipan que hai marisco e se empeñen en comelo ás dez da mañá na Rúa do Príncipe en Vigo onde nen sequera hai un restaurante. Como dixeron uns peruanos un



dia á hora montada: "está rúa moita xente, moita xente, pero nengun marisco". Explicámoslles que aquela non era rúa onde se comese marisco, nen a hora tampouco era moi apropiada. Era igual: "a nós dicirnos que en Galiza onde hai xente hai marisco".

Non quedou máis remedio que levalos a un restaurante, ¡ás dez da mañán!, era o mesmo, querían marisco.

Penso que se poderían contar moitas máis anécdotas co "coñecimento" e "propaganda" que os visitantes van facer de Galiza por aí adiante. A meirande parte deles nen sabían que estaban en Galiza.

A xustificación para gastar máis de mil millóns de pesetas en obras para os estádios, ponse a cair dun burro.

¿Tántos cartos para qué?, atrevémonos a preguntar mentras todo o mundo segue enfrascado nos partidos, os xornalistas que se din "progres" e de "esquerdas" afirman que ao rematar todo, —coa selección

do Estado Español campeona, claro— van tirar da manta.

## POUCOS TURISTAS TROUXO O MUNDIAL

Cando estas liñas estean na súa man, é case probábel que nas cidades galegas xa non quede nen unha dúcia de turistas que viñeron presenciar o mundial. Pero non pensen vostedes que vai haber unha desbandada. Non; o certo é que xa foron poucos, moi poucos, os que se acercaron a Galiza para presenciar os partidos. Algun tivo moito interese en afirmar que os hoteles estaban cheos. Os empresarios desmentírono rotundamente e, para máis inri, afirmaron que as prazas ocupadas non eran moi superiores ás de anos anteriores por este tempo, contando e todo con que é "Ano Santo". Ademais dos futbolistas e acompañantes, que encheron catro hoteles, polo demais foron os xornalistas quen máis prazas ocuparon, así como algunha noite os correvedilles da organización e invitados.

Pódese afirmar que, entre todos os nosos visitantes co motivo do mundial, non sobrepasaron os seis mil prazas médias ocupadas durante unha semana. Os beneficiarios foron unhas cantas redes hoteleiras. Os pequenos establecementos que tamén teñen que pagar os costes do mundial, para nada viron as ganancias dos "futbol-turistas".

## ¿QUEN PAGA AS ENTRADAS QUE NON SE VENDERON?

Houbo xente que moi gostosa ía ver algun partido do mundial. Pero non puido, había que facer cola desde a noiña até a mañá seguinte para poder coller entradas.

Despois resulta que os campos estaban médio valeiros. E iso que Mundiespaña, que era quen tiña as entradas, dedicouse a regalarllas a empregados da banca e outras institucións. Había entradas regaladas a barullo. O que non se sabe moi certo, polo que é necesario pedir explicación —e que a dean, claro— é saber quen vai estas entradas non vendidas, deixando xa a un lado, o que moitos, que puxeron a súa parte para que se celebrase o mundial, tentaron de ir ollar algun partido e non puideron.

## OS LOCUTORES DE TV

Desde sempre, cando ollamos algunha manifestación deportiva pola TV vennos a tentación de facer como algun amigo noso: sacarlle a voz, para non ouvir ao comentarista.

Ano a ano, retransmisión tras retransmisión, veñen demostrando os comentaristas deportivos de TV que non teñen nen idea do que están a facer, a máis de ler uns cantos dados, sobre a talla, o peso, os anos e demais zarandainas de calquera xogador. Algunhas veces no momento máis inoportuno. Tamén son gostosos de retransmitir como se fose pola rádio, obviando que calquera espectador está ollando o mesmo que eles. Pero, por se fora pouco non deixa a un tranquilo, un bon número de veces non fan máis que xuícios apriorísticos e equivocados, quererse adelantar aos acontecementos; así como puxar por facer crer unha cousa cando todo o mundo olla o contrario.

Se na retransmisión das probas atléticas desde Riazor se viu un adiamento do que ía ser, xa que o comentarista empeñouse en desmentir ao locutor do estadio cando dicía que a

carreira ía rematar e, mentras todos podíamos comprobar cómo os corredores franqueaban a liña de meta, o señor Vindel —algun día contaremos a historia de por qué está aí—, empeñábase en dicer que "o equivocarse como o locutor de estadio pasálle a calquera, que non tiña monitor e non ollaba ben".

Pero a guinda púxo a Miguel Vila no partido inaugural do campeonato en Vigo, cando afirmaba unha e outra vez que o Hino Galego —a xente estaba cantando— era o hino de Polonia. E non contento coa súa "explicación" invitábanos a que comprobásemos as caras "emocionadas dos xogadores polacos".

Tiveron que ser as chamadas de afeizoados quen lle puxesen as cousas no seu sitio e o obrigasen a pedir perdón. ¡Bonito coñecimento de Galiza!

Pero as meteduras de pata do señor Vila, que pasou de presentador a locutor, non quedaron aí e, no seguinte partido do mundial, cando o señor Fernández Albor estaba no palco presidencial, cando aínda non chegara desde Madrid. A culpa tampouco é toda del, xa que máis teñen os que non o invitaron aos partidos inaugurais. Unha boa mostra de cómo se trata á autonomía galega.

## UN MUNDIAL ESPELLO DA IDEOLOXIA CAPITALISTA

Non hai que estrañarse, este mundial nen é máis nen menos que o froito da ideoloxía capitalista. Unha mostra clara son os pronósticos e os locutores occidentais, que menosprecian aos países do terceiro mundo, e sobre todo aos "negros".

Os resultados de Arxelia sobre Alemaña, e o de Kuwait, removeron até os máis intrincados cementos de Europa, que se cre o centro e a medida de todo. Non podían comprender e, menos, admitir os resultados. Outros afirmaban: "cómo vai arbitrar ben un árbitro do terceiro mundo".

Deixemos a un lado toda a montaxe feita en torno á selección española e a súa utilización do que é boa mostra esta frase: "todos unidos en torno a unha selección e unha bandeira, sen distinción de ideoloxía, clase nen procedencia. En torno á selección fixemos o que nunca se conseguira".

Como xa tamén se dixo na entrada "o que menos importa é o fútbol"; palabras de Pio Cabanillas en Sevilla.

PUCHEIRO



Auto-Escuela  
**ABRENTE**

Maria nº 27, Entrechán Tifo. 32 64 04 O FERROL



BICICLETAS  
**«DACUNHA»**

Rua do Progreso, 87  
Teléfono 22 67 98  
OURENSE

Pablo Quintana:

## Conectar a música tradicional co gran público

Pablo Quintana acaba de editar un disco con música tradicional galega. Foi cantautor, fixo música protesta e logo dedicouse á investigación do noso folclore e a interpretar esas pezas "actualizándoas para que cheguen mellor á xente".

Ten ilusión en seguir traballando neste campo, pero quéixase non só da falta de cooperación senón dos atrancos impostos pola oficialidade. Ten medo de que moito folclore se perda se non hai quen o recolla. A labourea seica é grande e os seus traballos poden ser un bon paso.

¿Cómo empezaches a interesarte polo folclore galego?

Nacín en Ostos, povo da provincia de Oviedo, fronteirizo con Lugo, polo que pasaron diversos etnógrafos cando eu era pequeno. Eu como por xogo, empecei a anotar tamén cantigas e outras cousas parecidas. Empecei a collerlle gusto. Aos dez anos marchei estudar a Lueca, e logo a Lugo, onde xa tiven máis contacto coa cultura galega e fun comparando o que escoitaba noutras partes de Galiza co que escoitara na miña aldea. Pero non só estudei a música que se facía por Galiza adiante, senón todo o referente a etnografía, xa que vai todo moi ligado, porque en base á cultura dunha xente estudase unha música.

Deime conta que as cancións que aprendera de pequeno eran as mesmas, ou parecidas ás que sabían outros rapaces de Galiza.

¿E como músico, cándo empezaches realmente?

Haberá uns dez anos en Lugo, onde formamos un grupo que se chamaba "As Noces" que tiña un repertorio a base de canción social e algunha canción popular. O nacemento deste grupo coincidía tamén coa formación de outros en España como "Nuestro Pequeño Mundo", "Nuevo Mester de Juglaría" etc. Era tamén cando en Galiza empezaban "Fuxan os Ventos".

Con "As Noces" foi cando empecei eu a actuar cara o público: tocaba a guitarra e cantaba.

Logo, ¿qué?

Eu marchei para Ribadeo e "As Noces" cambiou de nome e seguiu algun mes máis.

Eu seguí coa miña guitarra interpretando canción social.

Fixen un recital xunto con Miro Casabella, e, despois de dous anos, chegou a estudar para aparelador á Coruña.

Na cidade herculina empecei a recorrer AA.VV. etc., seguindo na miña liña de canción social, con letras e música miñas ou letras de poetas musicadas por min.

Xunteime máis tarde con Carlos Casar, eu poñíalle a música e el cantaba. Cando Carlos se tivo que marchar a outra parte xa que era mestre, eu seguí só, na liña anterior.

Tiven que ir á mili e neste tempo non puíden actuar, pero si me estiven preparando o que ia facer

a posteriori, xa que chegara o momento no que te tiñas que definir.

Cando viñen decidin dedicarme só á música e busquei outros músicos, empezando a traballar nunha parcela que até eses momentos ninguén traballara, polo menos que eu coñecese: a música tradicional de Galiza.

Tiña moito material recollido, grabado, polo que arreglei esas pezas para cantalas por aí adiante. Era cando Milladoiro había pouco tempo que saíra, pero claro, Milladoiro tiña outro enfoque, xa que o meu era música tradicional de Galiza no cen por cen do recital. Hai que dicir que había xente que si facía música tradicional, pero era como complemento do recital onde a meirande parte das pezas eran feitas por eles. Eu trababa, trato, de elaborar esa música tradicional, de estudala para volverlla de forma audíbel á xente para que chame a atención, para así que se fose metendo nesa música que estaba rechazando fronte a outros ritmos que veñen de fóra.

Moita xente empezou en "música social" e logo pasouse á música tradicional, como é o teu caso...

Pode ser consecuencia de que este tipo de música púxose de moda. Outra razón é o interese da xente, nado de ollar que aquí había unha cultura que había que potenciar. Había que potenciar unha música tradicional que estaba bastante manoseada, estando en perigo de que pasase con ela o mesmo que pasou co Flamenco e as castañolas.

Influiu tamén a boa acollida da xente. Acollida que non foi única na nosa nación, senón que se deu en toda Europa coas músicas tradicionais.

Ese encontro coa cultura propia non puido chegar ás veces através da música contestatária...

Sí, é evidente. A canción social serviu moitas veces de vehículo de concienciación para a xente. Denunciábase a situación de Galiza, a situación de asoballo que padece a nosa cultura, polo que moita xente se interesou por ela.

E a xente empezouse a concienciar, cambiou algo o panorama político e os cantantes deixásteos de facer esta clase de música e dedicásteos a música tradicional.

Nisto puido influir o que nos démos conta de que facendo



música tradicional estábamos facendo tamén labor social.

A cousa non está tan ben como para abandonar a canción social, pero, particularmente eu, escollín o campo da música tradicional xa que ninguén o estaba facendo plenamente. Iso non saca que non poida facer canción social, pero o que é certo é que hoxe non se pode facer este tipo de canción como se facía daquela: cunha guitarra mal tocada e cunha letra que era a base de todo.

Pero o certo é que daquela a xente que ia aos recitais entusiasmábase coas cancións. Agora non parece ser así.

Naqueles tempos non se podía opinar nen denunciar as inxusticias e valíamonos da canción. Alí a xente escoitaba cousas que ela quixera borrar noutras ocasións pero non podía. Nos recitais podía expresarse, cousa que non pasaba fóra. A xente tomaba os recitais como arma política.

¿Cómo ves ti a diatriba que existe entre os que podemos chamar "puristas" da música tradicional e aqueles que pretenden cambiala, dalgunha maneira?

Os puristas son aqueles que queren manter o folclore como hai mil anos, sen que cambie nada.

Eu teño as dúas facetas. Como investigador son purista xa que toda a documentación que recollo é orixinal. Logo comparo e estudo con outros folclores.

Como intérprete, o que intento é facer algo que chame a atención da xente. Como en plan purista

non o vas conseguir, o único dunha minoría que xa o coñece, o importante é chegar á xente, conectar con ela, e para isto tes que facer algun arranxo, pero sen perder o ritmo, a melodía nen as letras tradicionais, senón que o que cambia son os instrumentos empregados, por máis que eu pretendo empregar só instrumentos autóctonos.

¿Pero non penses que isto está disvirtuando esa música tradicional?

Non, xa que as pezas non cambian só aparecen máis instrumentos, pero o instrumento orixinal, poñamos por exemplo a gaita, toca a melodía orixinal. Hai gaiteiros que a escoitan e voltan tocar esa peza como se tocaba antes, facendo así unha labourea de difusión en vez de destrución. Temos a peza xa, en certa maneira, de volta á súa orixe.

Isto vale tamén para que a xente aprécie a nosa música e non só a que lle ven de fóra.

¿Qué aporta este disco teu?

Unhas cancións tradicionais, a meirande parte recollidas por min, que estaban medio perdidas e que van voltar ao povo, iso si, un pouco arranxadas para que poidan ser mellor recibidas.

Diferénciase do etnográfico, que eu cordinei, en que naquel as cancións foron grabadas segundo se conservan no povo. Cancións de totalas castes, sen ser a clásica muíneira, pero que son tan galegas

como a que máis. Algun podíase levar unha boa sorpresa se buscase as orixes dalgunhas pezas galegas.

¿Cómo está hoxe o estudo do folclore en Galiza?

Case non hai nada feito, e o que existe é de maneira particular xa que non hai medios nen interese en promocionalo; en vez disto o que fan é poñerche pegas para entrar nas bibliotecas e nos arquivos porque eres daqui e non tes un título académico que te acredite como estudoso. Por non ter, nen tes onde sacar o título. Aos de fóra que veñen aquí danlles máis facilidades, pero aos que queremos facer algo dende o país, non só non se nos apoia se non que se nos poñen trabas ou se nos ignora.

Vouche poñer un exemplo: en xaneiro pedínlle unha audiencia ao Presidente da Diputación da Coruña para presentarlle o proxecto de grabación de moitas danzas que están a desaparecer en Galiza. Pois aínda nen sequera me contestou.

**LIBRERIA  
ARVAL  
PAPELARIA**

Orzán, 124 Tfn 21110  
Cordelaria, 79 A CORUÑA

## Gaiolas de salitre

XOSE ENRIQUE ACUÑA

*Gaiolas de salitre  
nunha paisaxe  
alcumada velorio*

*Folla de sucre marrón enfrontada ás navallas  
ali onde os estalidos sempre son olladas  
e as pestanas cosmos aldraxados  
Métome nas liñas*

*sinto os cortes do prazer finxido  
nunha mentira que xoga ó escondite  
no Talón de Aquiles.*

*Non me escoitades*

*rapaces*

*que tentades nadar nas  
lagoas ceibas de cerveza*

*Entonade a lingua moribunda de William  
carrexade niños á cidade  
romperlle*

*os beizos ós hospitaes  
noxo de batas limpas—  
asépticas cadeas.*

*Onde as mapoulas  
fan viaxes en baldes  
cheos de suor  
das rexas abraiadas*

*as axilas coma cumes*

*espidas en telas roxas, moi roxas*

*teñen a ben chorar algunha prosa do vicio.*

*O facho do jazz xa hai anos que dou mártires*

*en amizade agoreira dos prostíbulos*

*Hoxe son as ruas*

*a metalurxia*

*o neón refrexado nas camisetas do fútbol*

*calquer mozo que lle faga cóxegas a seu libramento*

*ergue lares*

*sospeitas de leite encadeada*

*no peito cotián.*



*A mouteira cosmopolita ten escuras erratas e  
mouricegos aboiados*

*nun túnel de noite moura*

*Misturados cunha cadeira  
nidios abellós*

*arrincan*

*en armunia de narcódigos*

*a xiada*

*cabeleira esgazada do cabalo.*

*Do tempo dos seixos*

*—Like a rolling stone—*

*soio queda un acordeón e*

*catro Farlingetis*

*catro cometas*

*e un xugo de morfina*

*A valdeira fronteira de pubis do século*

*púxose en pé*

*visteu de azul o desexo*

*—pideulle sangue—*

*pra que a ruín estremidade en lene traición*

*lle dera feitura*

*de cuspe a caverna*

*e loureiro na pel.*

*O leito estaba cheo de fungos*

*cozumelos coma guindastas*

*deitados na doce saba nouturna*

*Queimache a culleiriña*

*chea de anacrados ancelos*

*corpo de argola xogando nos andaimos*

*pra ti belida caramanchel.*

## Veraneo dos nosos abós

SUSANA PAZ DÍAZ

Isto contou-mo a tia Mariña, unha muller velliña do meu pobo que anda rondando os oitenta anos, aínda que está moi rufa. Gustalle moito parolar e recordar cousas dos seus tempos de rapaza. O que con máis ledicia conta é cando "ían aos baños" a Marin (o que hoxe chamamos ir á praia).

Os preparativos comezaba-nos de víspera e esa noite xa non durmían. O viaxe facían-no nos carrmatos dos arrieiros que ían a Pontevedra buscar sal, velas e outras mercancias. Saían da "Lavandeira" (lugar onde hoxe se ubica o Politécnico do Carballiño) ao romper o día.

Fala-me con moito cariño daquela xentiña que acostumaba ir con eles, moitos hoxe mortos: o tío Xan, tan coñecido nas pousadas polas historias que coma il naide sabia contar; a tia Mari-Pepa, que tiña moita ansia de que a ninguén lle esquecese o mantón na casa para logo tapar-se ao chegar ao Paraño; o tío Xenaro, tan pillaban, pero non por iso mala persoa; e tantos outros que facían do viaxe unha divertida romaxe.

Subían todos ao carro en alegre compadre-

ria, o que non era motivo para que durante o camiño houbera máis dun altercado porque ún rompía-lle o garrafón do viño, outro tiraba un saco de patacas e outras cousas somelantes.

No Paraño a xente baixaba-se quedando só no carro os vellos e os nenos para así poder rubir máis lixeiros.

Ao levar un anaco de camiño os rapaces xa pedían de comer e as súas nais moi ledas decían: ¡Xa teñen fame! ¡E o cambio de aires!, sin pensar, coitadiñas, que eran as costilletas e as torrexas que nas fiambreiras levaban e que nas súas casas poucas veces as comían.

Case sempre topaban no camiño á Cuquiña do Porto, que ela e a súa cabra, ían todos os anos mollar os pés a Marin. Esta muller, que non era moi avisada, coído eu que botaría a maior parte do vran en ir e vir, pois de aquí a Pontevedra hai máis cunha carreiriña dun can.

Así, entre risas e contos, chegaban a Vichocuntín, non quedando ningunha mazán nin pera á beira do camiño. Ali facían noite: desenganchaban as mulas, dabanlles de comer e de beber e metían-nas na corte; entre-

mentres a pousadeira preparaba algo para cear. Ninguén tiña presa por se deitar pois non era cama o que lles esperaba se non a herba do palleiro. Iso non era impedimento para que pola mañá madrugasen xa que querían adiantar camiño pola fresca.

A iso das once da mañá (hora solar) chegaban a Pontevedra. As mulleres baixaban do carro e íban-se correndo cada unha por seu lado, escondendo as cousas do porco que levaban para comer durante a temporada, tratando así de librarse de pagar no "Fielato" o imposto de tales mercancias.

Outro anaco de camiño e xa estaban en Marin. Mentras uns tiñan conta dos bultos outros ían buscar pousada. As camas costaban-lle entre catro e seis réas. ¡Tempiños aquiles! —di a tia Mariña.

A primeira noite durmían-na dun tirón, xa que viñan cansos do viaxe.

Todos os días levantaban-se ao mencer e ían tomar o primeiro baño da xornada, case sempre pola tarde tomaban outro para aproveitar ben o tempo, xa que como máximo botaban doce ou trece días.

Despois ían á misa, pois aquela xente era moi devota, aínda que sen estar craro a que

relixión pertencían: pola mañá asistían aos cultos católicos e pola tarde aos protestantes. ¡Quen sabe se por escoitar o sermón ou por se sentar naqueles bancos forrados de terciopelo, dos que tanto se admiraban, e que na humilde eirexa do seu pobo non había!

Outra das cousas que moito os entretíña era ver pasar o tren que circulaba de Marin a Pontevedra. Tiña a estación onde hoxe están os xardíns e ali esperaban a chegada coma se foran saír no seguinte viaxe.

Tamén facían compras: de alá traían as tintas de lavar e os panos de percal para as veciñas.

Así con catro cadelas que levaban facían os baños e máis as compras.

Haberá xente que se lera isto daría-lle a risa dado a maneira que temos hoxe de vivir, pero á tia Mariña e a tantos outros que coma ela viviron aqueles vrans, sentirán morriña e pensarán con pena naqueles tempos que se foron e xa non volverán.

Susana Paz Díaz foi gañadora do 1º premio de narrativa o Día das Letras Galegas no Instº do Carballiño con esta obra.

## literatura popular

Formas e xeitos  
poéticos  
do San Xoán

Madrugada de San Xoán,  
madrugada a máis garrida,  
que baila o sol cando nace  
e ri cando morre o día.

As lendas, os romances, os contos,  
as cantas e os ditos populares  
festexan con toda Galiza a San Xoán.

Festa do solsticio do verán, o San Xoán celebra-se a noite do 23 ao 24 e o día 24 do mes que herdou en Galiza o nome desta festa.

O día máis longo do ano, o día en que o sol atinxe o cúmulo celeste, os povos que vivimos tantos séculos cos ollos tornados cara ese deus solar non podían deixar de celebrar nas formas artísticas máis requintadas, a data do seu apoxeo, despertando eréncias e costumes antigos dormidas no fondo do seu inconsciente.

Son os povos do occidente europeo e na cabeza os povos celtas dos finisterres como no-lo lembra Salomón Reinach: "Carballos bentos, herbas collidas no día de San Xoán, exvotos pendurados nas ponlas, curacións conseguidas pasando ao traveso do buraco dunha peneda ou pola fendela dunha árbore — lembre-mos "San Benito de cova de lobo" de Curros Enríquez — prolongan deica nós as ilusións de tempos anterios... Cando os paisáns brincan ou fan choutar as súas bestas por enriba das fogueiras de San Xoán, practican un vello rito céltico..."

As lendas, os romances e as cantigas e exconxuros, lembran-nos os ritos practicados na víspera ou día de San Xoán ou as eréncias relativas a esta festa.

O sol é naturalmente o centro, o protagonista da festa e a literatura pintano-lo rindo e bailando, a expresión máis pura da súa ledicia, como indica o anaco de romance que ven en cabeza.

Outro elemento fundamental da San Xoán é o lume, símbolo de purificación. Daí as fogueiras, lumeiros, lumeiradas, lumes, cachelas, cacharelas e tantos outros no-

mes que se dan, segundo os lugares, á costume que aínda hoxe vive en moitos puntos de Galiza e que consiste en encender o lume con moito fume a víspera de San Xoán pola noite para que a xente cante e dance ao seu arredor e para que brinquen por riba do lume. O fume escorrenta as meigas e os maos espíritos e purifica á xente, ao gando e ás prantas, como indican as cantigas:

Brinco por riba  
do lume de San Xoán  
pra que non me morda  
nin cobra nin can

Pasa-los lumes de San Xoán  
pra que non me morda cadela  
(nin can,  
nin cantos males han.

A auga, "sangue da terra" e símbolo de vida e de froitificación vexetal, animal e humano, esa nosa auga milagreira non podía deixar de estar presente neste día tan importante. Así a auga das fontes miragreiras volve-se aínda máis miragreira nesta data e a xente vaise lavar ou bañar nelas o 23 ás 12 da noite.

Hainas tamén especializadas en males diferentes coma a fonte de Bexán de Cambados para o mal de ollo. Pero tamén a auga do mar, dos ríos e os mesmos orballos da noite de San Xoán son miragreiros (en Viana do Bolo, por Monterrei e noutros lugares as mozas, enfermas ou sans, emborquillaban-se espaldas no orballo dos lameiros esa noite ou pola mañá cando saía o sol).

Mais a auga vai a miúdo xunxida con outro elemento, como o número, para obter máis eficacia. Así temos A auga das nove fontes, as nove ondas, etc.

A auga das nove fontes que se bebe esa noite despois das doce cura o bócio e outras enfermidades.

O baño nas nove (ou sete) ondas, amais de curar do meigallo e doutras enfermidades ás mulleres estéreis. As máis coñecidas son as da Lanzada.

A auga é a vida da pranta e a flor é a manifestación primaveral e poética da pranta. Ambas e dúas en parella armoniosa lavan, perfuman e enfeitán ás meniñas á raiña do primeiro sol de San Xoán:

Colle, donceliña, colle,  
collerás a flor da auga,  
meterás xerra de vidro,  
meterás xerra dourada.

E esa mesma virtude da "flor da auga" ten-a "a flor do paxaro", a flor que recibiu unha pinga de auga ou de orballo dun paxaro que lla trouxo na madrugada de San Xoán:

Día de San Xoán alegre,  
meniña, vaite lavar:  
pillarás auga do paxaro  
enantes que o sol raiar;  
irás no abrente do día  
a auga fresca catar,  
da auga do paxariño  
que saúde che ha de dar.  
Corre, meniña, vaite lavar  
alá na fonte te has de lavar  
e a fresca auga desta manecida  
cór de cereixa che ten que dar...

Mais teríamos que ver se o paxaro leva a auga á flor ou a flor a auga.

□ Preto de Cerdedelos

## crítica

## libros

## Libro de Caldelas

por Xoan Manuel Casado  
Editorial Galaxia, colección Fonsel.

Toda poesía ten os seus límites: a súa propia evidencia (1). E dicir, máis aló do poema non hai nada. Pode a poesía ser lúdica (que o é), pode ser lúcida (isto só cabe atribuírlo xa á boa poesía), pode expresar un desexo de comunicación (que son ganas de lle buscar tres pés ao gato); pero todo aquilo que non di o poema non é máis que invención do eséxeta de turno. E velaí onde se cometen erros, ao facer eséxes de poemas, ao falar de poemas máis aló deles mesmos, e este erro cometeu — e grande — o que isto firma e rubrica.

Falando no Grial 75 do libro Os Prelúdios, de Xoan Manuel Casado, dicía que os últimos poemas do libro abrían a porta a unha nova clase de poesía menos autobiográfica (no senso de situación, xa que toda poesía ou é persoal ou non é), máis convulsiva, máis lúdica-lúcida, inda que non usara estas palabras (2). Dicia, repito que as últimas poesías do libro abrían a porta á poesía revelación que é á vez poesía comunión, á poesía chave total ou chave mestra que abre todas as portas pechadas ao home. Isto, repítoo autocriticamente, dicíao respecto aos últimos poemas do libro Os Prelúdios do noso poeta, libro que sigo a considerar como o máis importante publicado por poeta galego da súa idade ou xeración (se é que nisto da poesía hai xeracións).

Pois ben, todo o que dixemos en Grial 75 respectivo aos poemas estes do libro primeiro de Xoan Manuel Casado, temos hoxe que negalo, por desgracia, aos poemas que compoñen o novo libro de Xoan Manuel Casado: Libro de Caldelas. E non é que sexa un libro de pouca calidade, non; o noso poeta domeña máis que domina o verso, sabe facer bons e grandes poemas, sabe chamar a atención sobre temas miúdos, sabe xogar coas palabras (para min isto máis que defecto é virtude) cousa que amosa ás claras no poema "Manual do xogador de tute". Sabe darnos grandes poemas en dous versos: "A palabra, el somentes, aceno vago do tempo". Pero toda esta calidade poética que ten Xoan Manuel Casado — e que este libro evidencia —, serve para que o poeta faga un libro de poemas inferior ao seu primeiro libro (subliñemos, por outra banda, que aquí o poeta domina máis e mellor a lingua). E dicir, Xoan Manuel Casado dá dous pasos atrás cando anteriormente dera un paso de xigante cara adiante; hai que dicir con todo que os dous pasos atrás son de enano, por iso encontrámonos no punto de saída, pero con máis experiencia para non caer en erros. E o erro sería que o próximo libro de poemas do noso autor fora igual que isto do que estamos a falar, que Libro de Caldelas. Porque si, como dicíamos enriba, toda grande poesía é persoal, non é menos certo que

toda a grande poesía non é situacional. A grande poesía é, repetímolo, lúdico-lúcida, por iso trascende o mundo interior e persoal do poeta para facer comunión cos lectores, co todo; a poesía situacional é intransferíbel e remata por deixar indiferente ao lector, inda que este se decate que o poeta quer moito e moi ben (digo moi ben pola calidade dos poemas) á súa nenez, á súa vila, ao seu arredor físico, etc.

Podemos tamén falar dos poemas. E témolo que facer. Xa dixen enriba que a súa feitura é boa, que o poeta domina a lingua, que é culto, que ten gusto — e todo isto nótase nos seus poemas, claro —; que o lector pódese sentir por un intre engaiolado (sobretudo en poemas como "Compostela para amantes" ou "Galas do día", para min o millor poema do libro, longo do enriba transcrito). Os lectores máis ideoloxizados gabaranse do poema "Isa Fala de vento e pan trigo" ou "En dialecto", para min, con "Cantar" o peor do libro (curiosamente no último apartado do libro Cando Canto, están os mellores e os peores poemas). O lector menos ideoloxizado, o lector máis sentimental disfrutará cos poemas que forma o segundo apartado e lle dá o título ao libro; digo que o lector sentimental disfrutará e pasaráo ben con esta poesía situacional que nos fala da nenez, dos abós, dos amigos da montaña, non bucolicamente pero si con certa nostalxia, e xa o digo J.L. de Vilallonga, á nostalxia é un erro.

E este foi o erro de Xoan Manuel Casado, cair na poesía testemuñal, ou situacional. Esperamos — e esperamos porque para nós

X.M. Casado segue a ser o mellor poeta galego actual — o xiro que creíamos vislumbar nos últimos poemas de Os Prelúdios. Cambio que pensamos non é renegar da poética última do noso autor, senon profundar nela, mergullarse nela sen nengunha concesión ao exterior, á galeiría. O noso poeta ten a calidade e a capacidade para iso (e as leituras, xa que nalgun poema deste libro, "Centro do ser", nótase a chegada do mellor Octavio Paz, poeta da revelación).

Con todo recomendamos a lectura do libro: e aos amantes da poesía que non leron Os Prelúdios que vaian lendo os dous libros intercalando os poemas e decatarse así que este último (Libro de Caldelas) podía formar parte da proto-historia do libro anterior. Confiamos que esta poética situacional estea xa enterrada polo seu autor e que no próximo libro que publique vexamos aparecer dunha vez por todas as súas mellores cualidades poéticas, vexamos aparecer eses poemas nos que a revelación do mundo sexa algo máis que a situación do poeta na infancia. Esperamos e confiamos, Xoan Manuel Casado nolo debe.

XESUS GONZALEZ GOMEZ

1) Evidentemente, son límites non fronterizos.

2) "...que fai que nos últimos poemas do libro cambie o sentido da súa poesía, e esta se volte máis imaxinativa e menos autobiográfica ("Octavio en Paz"; "Oui-Oui", etc.) que marcarán un novo rumbo, non só na súa poesía senón tamén na poesía galega que se fai hoxe", estas son as palabras literais no GRIAL 75.

## Novo libro de X. L. Méndez Ferrín



Remata de sair do prelo, e xa está a venda en tódalas librerías, un novo libro de Xosé Luis Méndez Ferrín, onde o clímax épico que acadan as narracións deste escritor vai-se esvaindo lenemente, nun inqueda espacia lírico.

Esta nova obra, componse de cinco narracións; na primeira, chamada "Amor de Artur" — e que da tido o libro — o amor do rei Artur, da raiña Guenebra e do cabaleiro Lanzarote é recreado por Méndez Ferrín nunha fermosa historia. As outras catro narracións refírense ao lexendario país de Tago e Ata.

"Amor de Artur" é un libro da colección "grandes mestres", editada por Edicións Xerais de Galicia, que comprende entre outros títulos "Os eidos", libro do Courel de Uxío Novoneyra, o mais lírico e universal dos poetas galegos actuais; "Historias que ninguén cre" de Anxel Fole; a "Obra literaria completa" de Fermín Bouza Brey e a "Poesía Enteira" de Luis Pimentel o poeta intimista da literatura galega.

## ciencias, técnicas e trebellos

F. A. VIDAL

### Uso xermicida dos raios ultravioletas

Non só na medicina, senón tamén no ambiente que nos rodea, os raios Ultravioleta son usados para destruír os xermes nocivos que haxa en substancias sólidas, líquidas e gaseosas.

Estes raios aplícanse cunhas lámparas chamadas "Xermicidas", moi semellantes ás fluorescentes, que producen dentro do tubo de vidro unha descarga eléctrica sobre uns vapores de mercurio a baixa presión.

Dado que a frecuencia de resonancia do mercurio ten unha lonxitude de onda de 253,7 nanómetros, a descarga eléctrica sobre o devandito metal, fai que se emitan unhas radiacións con aquela lonxitude, que entra no campo de radiacións ultravioleta, as cales abranxen unha gamma que vai dos catrocentos aos dez nanómetros (10A).

Estas lámparas que, dependendo da larqueza, teñen unha potencia de radiación de entre 37 u  $W/37cm^2$  e 83 u  $W/cm^2$  a un metro de distancia da sustancia a irradiar, vense afectadas pola temperatura ambiente (a máxima calidade conséguese a 20°C) e pola suxedade da lámpara.

O efecto xermicida das lámparas está na acción fotoquímica que estes producen sobre as substancias, e que se manifestan, segun a frecuencia en que se emita, na pro-

ducción de Ozono, se a frecuencia de emisión é de 185 nm; eritema da pel, na gama de 290 nm; pigmentación e produción de vitamina D.

O efecto xermicida das lámparas está na acción fotoquímica que estes producen sobre as substancias, e que se manifestan, segun a frecuencia en que se emita, na produción de Ozono, se a frecuencia de emisión é de 185 nm; eritema da pel, na gamma de 290 nm; pigmentación e produción de vitamina D.

O efecto esterilizante só se produce entre os 250 e os 260 nm de lonxitude de onda, gamma de ondas na que entra a de resonancia do mercurio (253,7 nm), e que é consecuencia da perturbación que estes raios provocan na función biolóxica das células vivas, as cales, con baixa intensidade de radiacións, poden ser esterilizadas, facendo así que as células sigan vivas pero perdendo a súa capacidade de reprodución; condenando desta maneira a unha colonia de células á súa desaparición nun certo período de tempo. Se a potencia das radiacións é grande, as células quedan enteiramente destruídas.

Por outra banda, os efectos destrutores dos Ultravioleta son maiores canto máis, os seres a destruír, se aproximan á estrutura

unicelular, sendo igualmente necesaria máis enerxía canto máis complexa é a estrutura do elemento a destruír. Así, con igual enerxía é máis doado destruír unha bacteria que o valor ou verdelixo.

Dada a perigosidade que estas radiacións poden ger para persoas e animais, cando se instalan estas lámparas, terase en conta o factor de reflexión das paredes, que van desde as moi reflectantes, como o aluminio, ás pouco ou nada reflectantes, como o cobre ou o esmalte; así como as doses máximas, xa que poden provocar conxuntivite e eritema da pel (queimaduras).

Así, para unha persoa adulta, non se debe sobrepasar unha exposición de 0,2 u  $W/cm^2$  e nun neno de 0,1 u  $W/cm^2$ .

A colocación das lámparas para a esterilización do ar, pode ser perto dos condutos de ventilación; e nos líquidos, pódese introducir neles, ou facelos pasar, en finas capas de espesor, por unha cámara na que está instalada a lámpara, conseguíndose así un maior aproveitamento tanto de enerxía como de efectos.

E este un sistema que xa se está usando en instalacións sanitarias, na industria e incluso nalguns fogares, mercede ao baixo custe e consumo enerxético.

## andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

### De Sarria a Lugo por Goián

Según se vai de Monforte de Lemos a Lugo, ó chegar a Sarria, no lugar que chaman o Mazadoiro, pasada a ponte que hai sobor da vía férrea compre seguir a estrada que leva a Goián. Servidor sabe de outro Goián no Baixo Miño, patria do pintor Pousa, onde tiña o seu obradoiro de escultura o infortunado Xohán Piñeiro e aínda do Goián de Pantón lugar de nacemento do bispo de Lugo Páramo e Somoza, un dos nosos ilustrados do XVIII e onde pasou os derradeiros días o impresor lugués Soto Freire. Un refírese neste caso ó Goián de Sarria, tribu do amigo Xosé Manuel de Trigás onde hai, ademais dun repetidor de televevo, un Cristo moi milagreiro, ó que iban en romaxe dende perto de Lugo. Cando o que escribe tiña oito ou nove anos, estando en Vilanova, acometéronlle unhas febres. E pra librarme delas, a tía Pilar ofreceume ó Cristo de Goián. A verdade foi que as febres desapareceran. Si foi milagre ou non é cousa que non lle toca a ún decilo por ser parte interesada. Dende a Serra de Goián, ben venteada e soleada, Sarria e o seu amplo e fermoso val, ofrécese nunha ollada maravillosa e inesquencible.

Teño pra mín que os outos de Goián, terra areísca con competentes casas de cantería, acochadas no monte, deitadas ó sol como lagartos, fan de divisoria —ou fixerono no seu día— dos vellos condados Sarriensis e Paramiensis —coido que se escriben así e senón que o culto e indulxente leente dimismule— que veñen nos codamentos da outa idade media. Ninguén podería soñar mellor marco: non hai tramposo que o poida mudar de lugar por moitas mañas que seipa.

Baixando dende Goián as terras do Páramo, por unha estrada estreita e retorta como corra no lume, que o Milucho de Ríoseco anda con vagar e precaución, buscando a caída do Miño, a paisaxe muda totalmente. Dican que dende Goián se olla Lugo. O Páramo é unha chaira estensa e lisa como a palma da man. E abundante en carballeiras e as casas, de cantería, grandes e cuadradas, espállanse dun xeito asimétrico e fermoso. Segun imos baixando atopamos a parroquia de Saa, denantes de chegar a Trebolle. de onde seguimos a Vilarmosteiro que ten un dos máis fermosos e meirandes campos de feira que hai en Galicia xuntamente co de A Golada. O campo da feira de Vilarmosteiro, plantado de carballos como ten que ser, está bastante agredido. Ergueron unhas edificacións arrepiantes. Os vellos casetos da feira, de pedra de cantería solta están nun estado moi deficiente. Compre arranxalos como é debido antes de que se esborallen. O quisco da música, erguido no medio do campo, tampouco é afortunado. Temos entendido que este campo ten "protec-

ción' oficial. Pro non se nota en absoluto.

De Vilarmosteiro imos a Ponte de Neira, onde remata o concello do Páramo. Fermosísima parroquia con sona de boas troitas e mesta arboreada que se refrexa nas augas limpísimas do Neira, aínda con lembranzas das neves da Fonsagrada nativa. En Cerceda atopamos cun monte raso, cáseque pelado frolecido de silencio, soedade e desamparo. Eiquí estanse a facer unhas urbanizacións prós señoritos da capital. Entendemos que o vil ladrillo, o cemento e a brancura do caleado non van con estas carpazas, homildes e ascéticas das que gustaría Noriega ou Crecente Vega.

Pasado o ermo atopamos a un vello e querido camarada: o río Miño ordeador de terras e paisaxes voz que nos comove e vidro que nos refrexa con tenrura e fidelidade. En Quinte ademiramos e saudamos as máis fermosas casas rurales luguesas feitas de pedra, cuadradas e lousadas a catro augas. Da outra banda do río, deitados da dozura da ribeira, quedan os lugares de Ferroi, Rivas de Miño, a Madanela de Coeses, cunha alfombra de prados ós seus pés, vixiados polo Castro da Madanela, redondo e perfecto, coa súa croa ben marcada pra que se olle que é o soberano de parroquias, nubes, terras de labor e horizontes.

En Santa Comba o río Chamoso vai coa súa insignificancia, ó Miño. O Chamoso foi moi ferreiro. Nas súas augas templouse o ferro de moitas fouces pra seitura, de moitos coitelos pra tallar o pan de moitas ferramentas pra traballar a terra. Oxe os ferreiros de Laxosa e Santa Comba son unha lembranza. O Chamoso vai ó Miño, triste e silandeiro sin a canción dos martelos petando no barquil pra facer ó ferro fermoso e útil. Podós ou gateños, fouces e fouciños semllaban lúas.

O chegar a Lavandeira —unha fermosa propiedade que foi dos Varela— o fume de Tablicia emporca e afe a paisaxe. A fábrica semella un monstruo coas tripas defora.

En San Xohán de Pena a estrada comarcal desemboca na xeral, despois de atravesar un regato que nace en Barbaín ou Buratai, cuio nome descoñecemos, e cuías augas coñecemos e tratamos dende o nacemento a desembocadura, o mesmo que os seus tres muños: o de Barxa, o de Vilanova e o de Porto.

Esta roita, que deixamos en Conturiz, é moi desponocida e moi fermosa. Antes estaba servida pola empresa El Paramés. Facer o viaxe dende Lugo a Vilarmosteiro no auto desa línea era case eternizarse. Agora EL Paramés desapareceu cecáis porque a xente ten a teima da rapidez e da velocidade. A nosa esperanza é que ún por moito que corra rematará por parar. E de vez.

## crítica

### libros

#### Xénese e apocalipse, de Manuel Miragaia

MANUEL MIRAGAIA, Xénese e Apocalipse. Eds. do Castro, Série Limiar, Poesía, Sada-A Coruña, 1981, 50 pp.

Hai há tempo, tivem o prazer de ler o texto original de Xénese e Apocalipse. Manuel Miragaia deu-mo a ler; eu dei-lhe daquela a minha opinión. E daquela o poemário ía escrito em galego; publicou-se escrito em galego menor: Exigências editoriais? Talvez. Necessidades de comercialización? Quiçá. De nengum modo penso que se deva o cambio a urgências poéticas. Aseguro-o.

Ainda assim, o poemário segue a parecer-me valioso. Podería compararse com X, Y, Z, inclusive com V e W, mas nom é ese o meu jeito de comentar: Fontes (e montes) som todas na "geografía" cultural se o escritor está no mundo, mais ainda se está num mundo colonizado como o galego. Porém, se o escritor se esvai ou está a escrever do sexo dos políticos, parirá refritidos que el e os comparas considerarán galegos; e, a seguir, o refritido traduzirá-se ao espanhol; ou bem, o refritido em ga-

lego (?) levará "bellas incrustaciones" de espanhol, evidentemente porque o guióm o pede. Isto é: no fundo, aquilo é galego que parece espanhol ou espanhol que parece... espanhol ou chino.

Parido o refritido, venhem e vam (ondinhas —des-informativas) as apresentaçõs, as resenhas laudatórias, as conferências sobre..., as teses baixo...: Se o escritor é "reputado", terá boa "reputaçóm"; nom importa que a sua escrita seja "oca" ou "paifoca", por iso mesmo será melhor "reputado" e disporá de editoras a eito para publicarem as suas paridas.

Mas se o escritor é sincero ou nacionalista, ou simplesmente agnóstico, nom mui feio, sentimentalmente nom demasiado pronunciado, e co defeito de escrever em galego e querê-lo fazer bem, nem editoras nem reputaçóm, dirám del cousas como o que dixerom em La ..oz sobre Manuel Miragaia: Que iso de querer "ser un manual apropiado para levar metido na mochila ou no peto" era demasié. Nom sei por qué é querer demasiado un poeta que o seu livro seja lido (Outros abribam a levar certos "opus" caminhantes no peto, cando valem muitísimo menos poeticamente...). O importante é que haja poesia; porque se hai poesia, hai vida; e se hai vida, pode-se fazer caminho.

A poesia pode ler-se sentindo-a ou pode sentir-se lendo-a. O poemário de M. Miragaia sentê-se, mormente nos momentos de particular "intensidade lírica" (talvez este seja o defeito que atopo: certa desigualdade no conjunto); e sene-se por ser adecuado ao profaísmo nada intenso, tenso quiçá, de cada dia.

Vejamos um exemplo. O poemário acaba coa apocalipse "genésica", princípio de todo:

(Do escultor da vida)  
"Do seu trabalho só ficaram no chao do taller os restos dos sonhos imposbeis, os mesmos que deixaba o mai pe-  
(queno vírus ou o mais grande, cabeludo e en-  
(rugado xénio):  
Nada por sempre".

Amén. Taibo Joám Ignácio, na sua afervorada "collage" introdutória reputa: "A beleza, / o nivel de perfeición / é discutível, / subxectivo, / limitado", apesar e contra o "guión", digo. Subjectivamente, tamém, e limitadísimo pola minha parte, outrosi, opino que o poemário de Manuel Miragaia é digno, valioso, que di dum poeta sóbrio e ético. Agardo que as seguintes obras desmintan ou confirmem esta opinión. Espero-o.

AGIL-ULFO

axenda

Convocatorias

I CONCURSO DE CARTEIS E FOTOGRAFIA 'DIA DA PATRIA GALEGA' BASES

Lema: GALIZA NACION  
Tema: Aquel que refira ao lema da convocatoria.

Tamaño das obras:

CARTEIS.— Desde 27,5 x 41,5 até 44,5 x 63,5 cms.

FOTOS.— Desde 18 x 24 até 24 x 30 cms.

Prazo tope de recepción de orixinais: 15 de Xullo.

As obras enviaranse ao seguinte enderezo:

BN-PG  
Rúa Pérez Constanti 12-3º  
SANTIAGO

Máximo de obras: 3 por sección (fotografía e carteis)

Premios: 1º) 5.000 pta.

para cada sección; non serán declarados desertos.

O fallo farase público o propio 25 de xullo na festa que se fará na Carballeira de San Lourenzo e publicaráse nos medios de comunicación.

O xurado designarase polo BN-PG entre profesionais de recoñecido prestixio. As súas decisións serán inapelábeis.

As obras quedarán en posesión dos organizadores; en caso de se publicar notificaráse previamente ao autor e no seu caso será citado o seu nome.

Vías XORNADAS DO ENSINO DE GALIZA

DATAS: Do 5 ao 9 de Xullo.

ALOXAMENTO: Residencia de Estudantes da Caixa de Aforros de Pontevedra; R/Peregrina nº 97. A pensión completa para os cinco días custa 7.000 pta.

MATRICULA: Ensinantes en xeral: 3.000 pta.

Sócios da AS-PG con seis meses de antigüedad mínima 1.500 pta; Sólo se poderán matricular por correo ao apartado 1.102 de Ourense ou no I.B. "Valle Inclán" o día 5 de Xullo.

Estudantes e parados, previa

xustificación (con carnet actual): 1.500 pta. Matricularanse o 5 de Xullo.

INSCRIPCIÓN: a) Por correo dirixíndose á secretaria das Xornadas (apartado 1.102) en Ourense e mandando un talón bancario ou transferencia á conta da AS-PG nº 01-025000-9 do Banco de Vizcaya, sucursal Avda. B. Aires en Ourense.

b) Personalmente até o día 3 de Xullo nas librerías "Ir Indo" (Príncipe 22) ou "Castelao" (Rúa Pizarro) en Vigo.

A ESCOLA DRAMATICA GALEGA da Coruña convoca o TERCEIRO CONCURSO DE TEATRO BREVE de acordo coas seguintes bases:

a) Os orixinais han ser inéditos e estar escritos en lingua galega.

b) A extensión máxima dos traballos será de dezaseis fólíos a dobre espácio. Mandaranse por triplicado, sen remite e con plica á ESCOLA DRAMATICA GALEGA, Sta. Teresa, 18 baixo. A Coruña.

c) O PREMIO poderá quedar deserto.

d) O PREMIO consistirá na publicación da obra premiada nos Cuadernos da ESCOLA DRAMATICA GALEGA.

e) O prazo de admisión dos orixinais rematará o 15 de xullo ás 20 horas. O fallo do xurado farase público o 25 de xullo no decurso dun acto que terá lugar na ESCOLA DRAMATICA GALEGA.

f) O Xurado estará formado por tres membros da ESCOLA DRAMATICA GALEGA, e dúas personalidades de recoñecido prestixio na vida cultural galega.

g) A ESCOLA DRAMATICA GALEGA reservarase os dereitos da primeira edición e poderá estrenar, de acordo co autor, a obra premiada.

h) O feito de concorrir a este concurso presupón que se aceptan as presentes bases.

Actos

SANTIAGO

Do 14 de Xuño ao 3 de Xullo exposición de Anxel Sevillano. Na Galería de Arte HIDEA (rua nova 30).

MADRID

Até o 30 de Xuño exposición de cerámicas e pinturas de Xavier Toubes, na Galería Sargadelos.

POVOA DE VARZIM

No I Centenario do nacemento de António Santos Graça celébrase do 22 ao 24 de Outubro o "colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima"; o temario está composto do seguinte xeito:

1.— Relacións e afinidades culturais entre as comunidades de mariñeiros de Galiza e Portugal.

2.— Análise da obra de Santos Graça.

Os interesados neste "Colóquio" pódense dirixir ao seguinte enderezo:

SECRETARIA DAS CONMEMORACIÓES  
BIBLIOTECA MUNICIPAL "ROCHA PEIXOTO"  
4490 POVOA DE VARZIM  
Teléfono 62066/7.

SADA

No Seminario do Laboratorio de Industria e Comunicación, os días 26 e 27 de xuño celebrarase o I Seminario Galego do Humor. Hai ponencias de Agustín Fernández, Carlos Balañas, Celestino Ledo, Clodio González, Luís Mariño, Pepe Carreiro e Siro López.

Publicacións

DEZ ANOS DE CULTURA GALEGA

Recebemos a memoria que tirou do prelo a Agrupación Cultural "Francisco Lanza" de Ribadeo. Non só é unha detallada memoria, senón que conta con numerosas colaboracións. Fernández del Riego, Alvarez Pousa, Felipe Arias, Carballo Calero, Manoel Maria, Xosé Mª Lombardero e varios máis, firman estas aportacións. A revista ten unha cuidada presentación e ven patrocinada pola Caixa de Aforros en Galiza.

A CURUXA

Sac esta revista, editada en Vigo, co engadido de "Revista galega de información xeral". Editada a unha tinta, cunha maqueta modesta e 40 páxinas, está baixo a dirección de José A. Otero e conta coas colaboracións de Xosé A. Gacío, María Xosé Porteiro e algúns outros. Neste primeiro número plenamente monolíngue, (coa excepción dunha entrevista ao periodista Pepe Oneto, hai traballos sobre o uso do galego, o Salto do Sela, unha enquisa sobre o panorama electoral galego, entrevistas con Álvarez Gándara e o antedito director de Cambio-16, artigos e diferentes seccións.

PATRIA GALEGA

Vocero da comunidade galega de Buenos Aires, que no editorial anuncia un importante xiro ideolóxico do que o periódico vai ser espello. Recollemos unha pasaxe definitiva: "...aspiramos a dicir a verdade do noso povo secularmente asoballado, a ventear os problemas seculares que o laceiran e o carcomen, de imposible solución con ou sen autonomía concedida polo Estado que nos impón a súa lei. Isto debémolo saber definitivamente...".

GRIAL, nº 76. abril-xunio - 1982  
Revista galega de cultura, ed. Galaxia, Vigo.

127 páxinas máis nun quefacer longo de 19 anos, este nº da revista Grial ofrece os seguintes ensaios:

Michael McClain, Consideracións verbo da música celta.

Maier Enrique, Artistas galegos, precursores do grabado en madeira.

Marco, Aurora, Contribución á biografía de Amado Carballo.

Na escolma habitual:

Seis mostras da poesía de Christina Rosseti, unha antoloxía da Africa Negra de Blaise Cendrars, 14 poemas breves de E. G. Mariñas e un conto de A. Moravia traducido por S. Lorenzana.

Engade gamen unha copiosa "peñeira dos días" e recensións bibliográficas.

JA ESTA A VENDA

O TEMPO E O MODO

Revista Nacionalista Galega

Assinatura por un ano (6 nºs) para Galiza, Portugal, Cataluña, País Basco e España 1.500 pesetas.  
Outros países, 2.500 pesetas

Redacción: Apartado 12 Pontevedra  
Administración, assinaturas: Apartado 1.102 Ourense

suteca



Ofset-Palelaria técnica

Santiago de Chile, 26 - bajo  
Teléfonos 59 96 39 - 59 99 72  
SANTIAGO


Calros

Ferías en Galicia

Santiago (Efe). HOJE, DOMINGO, CELEBRARÁNSE AS SE-  
GUINTAS FEIRAS E MERCADOS: GRAN FEIRA DE MOSTRAS DE  
ORTIÑEIRA. FEIRAS INTERNACIONAIS DE GANDO DE VAL, LAIÑO,  
OZA E S. CLAUDIO. ExpoFEIRAS DE BAIO, CAMBRE E ARTEIXO.  
FOLK-FESTIVAL ARTESANAL EN NOIA E PAISACO. FEIRNOR DE  
MURDO. PIMENTELA 82 EN PADRÓN. FEIRAS ROMARIAS MUNDIAS  
DE MELIDE, RUS, DONCOS E VIVEIRO. EXPOMUNDIAIS EN RIAL E  
PONTEVEA. EXPOARTEPOP DE MACEDA. FEIRAMAR 82 DE PONTE-  
VEDRA. MARISQUEIRA 82 DO GROVE E OS CERTAMENS FEIRAS  
INTERNACIONAIS DE CUNTIS, A CAÑIZA, SARRENS E MONDARIS

ESTOU AO TANTO DE SE A XUNTA PRO-  
MOVE A 'EXPOBERZA E DERIVADOS' 82 EN CALQUERA PARROQUIA!

HABIA XE E BOA!



# A NOSA TERRA

Non máis emigración!

## A PRIMEIRA ZARZUELA GALEGA

Poucos lectores galegos coñecen a figura e a obra de Ramón Armada Teixeira. O descoñecemento dáse aínda nas propias terras de Ortigueira, terras nas que naceu o poeta e ás que lle dedicou grande parte do seu labor literario. Para que a recuperación do autor sexa nacional traemos este traballo ao semanario A NOSA TERRA. Aquí, loxicamente, non podemos tratar con profundidade a vida e a obra do autor, e menos aínda analizar o contexto histórico no que vive e escribe, mais temos a esperanza de que os dados e os comentarios que fagamos serán abondo para valorar unha das figuras máis esquecidas da literatura galega.

Ramón Armada Teixeira nace o 14 de setembro do 1858 no nº 4 da rua Real de Santa Marta de Ortigueira, no seo dunha familia ben situada socialmente. O pai era médico e tiña tamén abogados, leigos e funcionarios da Administración na familia. De moi noviño emigrou a Cuba, onde ocupou, durante a etapa do Goberno autónomo do 1898, relevantes cargos na vida política, concretamente o Director de Obras Públicas e o de Director Xeral de Prisóns. Asim mesmo pertencen á Directiva do Centro Galego e doutras entidades criadas polos emigrantes. Entre 1903 e 1909 ocupou o cargo de secretario do axuntamento de Ortigueira. Mais os derradeiros anos da súa vida pasounos na Habana, onde finou o 1 de Xullo de 1920.

Armada Teixeira fixo unha grande amizade con Curros Enríquez, poeta que escribiu o limiar do seu libro "Aturuxos" e co que mantivo unha valiosa correspondencia nas súas ausencias de Cuba. Outros amigos do autor ortegano, coñecido asemade polos pseudónimos de Chumin de Céltigos e Amador Marán, foron A. de la Iglesia e Lufrís Freire. No 1932, doce anos despois da súa morte, foi descuberta na casa onde nacera, unha placa na súa memoria.

### A OBRA

No 1885 publica a obra "¡Non máis emigración!", que será estrenada ao ano seguinte no Teatro Tacón da Habana. Dez anos despois aparece, tamén naquela illa, o poemario "Caldo de Grelas", cun limiar de Fraiz de Andón, pedagogo lalinense. No 1897 sae do prelo, prologado por Curros, "Aturuxos". Esta obra, na edición de 1918, leva o título de "A-la-lás". "Milicroques" será o seu terceiro libro poético. Todos estes poemarios foron reeditados no 1918 baixo o título "Da Terriña". Na revista "A Gaita Gallega", criada na Habana no 1885, publicou o pouco que escribiu en prosa galega.

Pero Armada Teixeira deixounos, igualmente, interesantes traballos en español. Entre eles compre destacar "Galicia: su agricultura, industria y comercio" (Discurso inaugural do curso académico 1895-96 no Centro Galego da Habana), "Misión del Municipio y su importancia como órgano social para la propaganda de la enseñanza primaria en sus aspectos artísticos y físico" (Memoria premiada nos Xogos Florais de Viveiro no 1904) e outras varias.



Manoel Ferrol

"¡NON MAIS EMIGRACION!"

"¡Non máis emigración!" é a primeira obra que dá ao prelo Armada Teixeira. Saiu á rua na Habana no 1885. Ao ano seguinte reeditouse e púxose en escena no Gran Teatro de Tacón —que tempo despois sería convertido no Gran Teatro da Habana— as noites do 10 e 11 de abril con música do compositor galego Felisindo Rego e co orfeón "Ecos de Galicia" como intérprete da parte musical. O estreno obtivo un "ruído aplauso".

A obra en cuestión consta de dous actos, o primeiro deles de tres cadros (A tascar, Consellos de familia, Emigración) e tres decoracións (Aldea de Galicia, Chouza de aldea, Vista da Coruña) e o segundo con catro cadros (A noitebra na Habana, Cousas da Emigración, Volta ao Fogar, dun Hospital, outravolta Chouza de aldea e átrio dunha igrexa en Galiza). Trátase dunha peza lírica-dramática e ten o valor histórico de ser a primeira zarzuela escrita en galego. Este texto literario mereceu críticas de Alvaro de la Iglesia, Xohán Manoel Espada, A. Insua, Lúcio Suárez Solís, Secundino Cora e outros autores. Os xuízos foron publicados na prensa de Cuba, Galiza e Porto Rico. Precisamos Alvaro de la Iglesia, nun traballo que apareceu no semanario "El Pensamiento Español", di:

"...a obra do Sr. Armada Teixeira non é unha produción dramática máis ou menos afortunada, escrita para distraer a nosa atención nunha sa dun teatro; é máis, moito máis, é unha ráfaga preñada de cheirumes e de lembranzas da nosa pátria, aquela doce pátria perdida quizais para nós, condenados como Moisés a perseguila sen acougo e como Moisés tamén a finar lonxe dela".

A temática da obra é a emigración e o motivo desta —na peza que estamos a estudar—

un problema amoroso. Non é un gran argumento, pero, co Romanticismo ao fondo, non é estraño que xire arredor do amor. De todos os xeitos, a zarzuela posúe, para a nosa maneira de ver, grandes valores. O primeiro, como xa dixemos, é o seu valor histórico. Mais hai outros e non menos importantes. Vexámoslos detidamente. "Non máis emigración!" é exactamente iso, un canto e un berro contra a emigración, un dos graves problemas da nación galega e un dos que máis literatura xerou, tanto no tempo do Rurximento como no século XX. Armada Teixeira pensa e afirma, por boca das súas personaxes, que os emigrantes son "vítimas da negra, mal fada emigración" (Páx. 64) que nalgún tempo poido estar xustificada máis "hoxe é a maior calamidade" (Páx. 34). E noutro lugar di: "¡Emigración, de cantas disgracias tes a culpa! ¡Probe país! ¡Probes fillos! ¡Probe Galiza!" (Páx. 41). "Non máis emigración/Sempre digamos;/e que emigrar da Suevia / Nunca vexamos...", son os versos cos que remata a obra. Con palabras como estas e co argumento, Ramón Armada manifesta o seu total desacordo coa riada emigratoria porque el, como Castelao, pensa que "Galiza debe ser algo máis que un criadeiro de carne humana para a exportación". Esta obra demostra que o autor ortegano tiña unha grande lucidez. E non se pense ninguén que a escribiu porque a súa experiencia en Cuba foi negativa. Non, en absoluto, ali revelou e trunfou como escribiu, ali conseguiu prestixio e aínda postos importantes. Ademais non tiña motivos para protestar como Curros ou Celso Emilio, poetas que foron botados do Centro Galego da Habana e da Sociedade Galega de Caracas, respectivamente. Por contra, na zarzuela Armada Teixeira louba ás entidades galegas da emigración e aclara que "se na Insua de Cuba se sofren cativeres e misérias non é por culpa do povo cubano. Cuba é un país hospitalario

que non nega a ninguén, podendo, a súa protección. Galegos, ¡Vivan os cubanos, os nosos irmáns!". Velaí tamén, nun home que ama e defende a Galiza —unha clara mostra do espírito internacionalista.

Outro dos importantes valores da obra é a chamada á loita polo noso país e contra a opresión. Atopámoslas nas páxinas 36 e 37, na boca dun mozo que está a xogar a guerreiro:

"¡Compañeiros! Botareillela parola que, para o caso, ensinoume onte meu tío Xerome. A pátria galega chámamos a defender o fogar. Aventureiros de mala facha lixaron a nosa bandeira e faise mester que cada migalla de pringo se lave co sangue de cen corazóns nemigos. Con pólas de figueira escorrentaron os betanceiros miles de foraxidos mouros, cando o famoso tributo das "mil doncellas"; con fungueiros e fouces, se non hai outra cousa, escorrentaremos nós aos zumezugas do día. Pardo de Eela vixila os nosos pasos; Viriato e Régulo recórdanos a súa linaxe; os fusilados de Carral, amóstrannos o seu valimento. Probemos, pois, que somos dignos de levar os nomes que desos guerreiros herdamos; loitemos, como os valentes de Medúlio e a Ponte Sampaio, e se a forza dos alleos pode máis que a nosa, morramos apreixados á bandeira da pátria, como morreu o batallón literario de Santiago nos montes do Bierzo. Galicia entón, bendecirá os nosos nomes; pedirá vinganza ao ceo e desde o fondo da Catedral de Santiago erguerase fero o héroe de Clavijo; para machucar baixo dos cascos do seu famoso cabalo aos asasinados da honra da pátria. ¡Compañeiros! que os nosos fillos non se avergocen nunca de que les dimos o ser; iloitemos como bons galegos e mentras teñamos alento berremos por chaos e penedos en son de aturuxo ¡Viva Galicia!".

Como se pode apreciar, a defensa dos valores galegos e da resistencia é ben evidente. Tamén atopamos na obra os costumes e as maneiras de vivir da sociedade de entón, o que custaban as cousas, as esceas que protagonizan ou provocan os que emigran ou os que voltan, o valor da honradez na muller daqueles tempos, a prensa daquela época, a profunda fé cristiá e aínda milagres. O idioma que emprega Armada Teixeira é moi bon e pódese dicir que o escritor coñece perfectamente a fala popular.

Concluindo "¡non máis emigración!" revela un Armada Teixeira que ama profundamente a Galiza, o idioma e as tradicións galegas, un galeguista que admira aos combatentes no Medúlio e as figuras do levantamento galego do 1846, un patriota que defende a liberación do noso povo e a resistencia armada fronte á opresión, un emigrante que se proclama contrario, cun gran ¡NON! á emigración, pésie a que el viveu en Cuba cáseque toda a súa vida. Por todo iso e por ser a primeira zarzuela galega e a segunda obra dramática da nosa literatura, é porque o canto segue vixente; "¡Non máis emigración!" merece, sen dúbida algunha, un posto á beira de textos literarios como o coñecido poema "Pra Habana" de Rosalía de Castro.

MANOEL LOPEZ FOXO